**DEPUTACIÓN PROVINCIAL**

**DA CORUÑA**

**Acta da sesión ORDINARIA**
**celebrada pola Excma. CORPORACIÓN PROVINCIAL**
**o 19 de DECEMBRO de 2014**

**Orde do día** dos asuntos que se van tratar na sesión plenaria ordinaria que terá lugar o venres, 19 de decembro de 2014, ás DOCE HORAS.

## ASUNTOS

### Actas

1.-Aprobación da acta da sesión anterior, nº 11/14, do 27 de novembro.

2.-Toma de coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia, da nº 23.351 á nº 25.400, de 2014.

3.-Proposición da Presidencia sobre cambio de data do Pleno ordinario de xaneiro de 2015.

### Comisión de Cultura, Educación, Deporte e Mocidade

4.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Boimorto para financiar o "Festival de la luz" 2014.

5.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Santiago de Compostela para financiar a Feira Internacional Womex 2014 e o Programa de Nadal en Compostela 2014.

6.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación Anhidacoruña, Asociación de Niños con hiperactividad y déficit de atención para financiar a realización das "I Xornadas por unha Escola Inclusiva".

7.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación Academia Galega do Audiovisual para financiar a XII edición dos Premios Mestre Mateo.

8.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Fundación Rácing Club Ferrol para promover, difundir e apoiar o fútbol de base.

9.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Cabana de Bergantiños para financiar a adquisición de bloques de pedra e peañas de madeira para o I Certame de Cantería Vento de Pedra 2014.

### Comisión de Contratación, Patrimonio e Equipamento

10.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello das Pontes para financiar a actuación "Glorieta na intersección da Avda. Galicia, Rúa Hnos. Tojeiro e Rúa Sergio Rivera Chao".

**Comisión de Promoción Económica, Emprego, Medio Ambiente e Turismo**

11.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e a Asociación de Festejos Populares San Miguel de Sarandón para financiar a "XXXIV Exaltación do Viño da Ulla 2014".

12.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Santiago de Compostela para financiar a presentación de Santiago de Compostela como "Destino Gastronómico en Madrid".

13.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e a Fundación do Instituto Ferial da Coruña (IFECO), para o financiamento do proxecto "Tenda. Novo comercio Urbano".

14.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e a Fundación Rosalía de Castro para financiar a "Modernización da Museografía da planta baixa da Casa-Museo de Rosalía de Castro".

15.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e a Asociación "Semilla para el Cambio", para o cofinanciamento do proxecto "Apoio sanitario no barrio de Sigra-Varanasi (India)".

16.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e a Fundación Entreculturas Fe y Alegría para financiar "Mellora do acceso a unhas infraestruturas educativas de calidade en tres escolas da rede núm. 1 de Fe y Alegría-Chad (Chad)."

17.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e a ONGD "Farmacéuticos Mundi (Farmamundi)" para o financiamento dun proxecto de fortalecemento do sistema nacional de fármaco-vixilancia no Salvador.

18.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Ribeira para financiar a actuación "Creación dun viveiro de empresas".

**Comisión de Cooperación e Asistencia aos Concellos**

19.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Ares para o financiamento das obras de "Reparación de camiño de Celso Emilio Ferreiro a Outeiro".

20.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Ares para o financiamento das obras de "Reparación de varios camiños en Caamouco: Barracido, O Pallizo, Chao do Monte, Ixobre e Caamouco".

21.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Bergondo para o financiamento das obras de "Reparación e adecuación á normativa vixente de seguridade de utilización e incendios en polideportivo do C.P.I. Curz do Sar".

22.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Boimorto para o financiamento das obras de "Mellora de camiños nas parroquias de Corneda, Mercurín, Sendelle, Andavao e Dormea".

23.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Boimorto para o financiamento das obras de "Recuperación de espazo público en Santarandel. Parroquia de Arceo".

24.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Boiro para o financiamento das obras de "Acondicionamento de praza pública. Lugar de Ameán. Cures. Boiro".

25.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Brión para o financiamento das obras de "Mellora e mantemento de camiños rurais interiores e pistas de comunicación entre distintos núcleos no Concello de Brión".

26.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Cabanas para o financiamento das obras de "Cubrición da bancada no campo de fútbol A Veiga".

27.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello da Capela para o financiamento da subministración de "Tractor compacto con trituradora de 180 para a limpeza das vías municipais e trituradora de 130 para a limpeza de parques e xardíns".

28.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Cedeira para o financiamento das obras de "Urbanización da rúa Paralela ao campo de fútbol".

29.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Cerceda para o financiamento das obras de "Camiño de cruce Seoane a paso elevado sobre a AC-523".

30.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Cerceda para o financiamento das obras de "Desbrave de cunetas na rede viaria municipal (Camiño O Sucadío-Astande e outros)".

31.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Corcubión para o financiamento das obras de "Mellora de saneamento e pavimentación na rúa Pepe Miñones e contorna".

32.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Dumbría para o financiamento das obras de "Pavimentación acceso a Bustelo (Salgueiros)".

33.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Lousame para o financiamento das obras de "Estabilización de talude na estrada AC-308, P.K. 14+400 M.I.".

34.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Lousame para o financiamento das obras de “Senda peonil para a seguridade viaria dende Sanguiñal a Marracín de Arriba e camiño da Barreira a Guiende (Tállara)”.

35.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Mañón para o financiamento das obras de “Arranxo de depuradoras no Porto de Bares”.

36.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Mesía para o financiamento das obras de “Camiño Castiñeiras-Xemerás (Albixoi) e outros”.

37.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Miño para o financiamento das obras de “Pavimentación de rúas Taina, Pumariega e Loios”.

38.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Mugardos para o financiamento das obras de “Acondicionamento da contorna do campo de fútbol municipal”.

39.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Muros para o financiamento das obras de “Reparación e acondicionamento da cuberta da piscina municipal”.

40.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Muxía para o financiamento das obras de “Acondicionamento de rúas en Quintáns, Cibrán e Muxía”.

41.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Oroso para o financiamento das obras de “Reparación de beirarrúas e rede de evacuación de augas pluviais na rúa río Lengüelle”.

42.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Outes para o financiamento das obras de “Reforma da piscina municipal de Outes”.

43.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Oza-Cesuras para o financiamento das obras de “Mellora da contorna no medio rural”.

44.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Paderne para o financiamento das obras de “Mellora de pavimentación nas parroquias de Adragonte, Vigo, Quintas, Vilouzás e Viñas”.

45.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Padrón para o financiamento das obras de “Proxecto modificado nº 2 de impulsión de augas do saneamento en Carcacía”.

46.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello das Pontes para o financiamento das obras de “Remodelación do mercado municipal e do seu ámbito”.

47.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Porto do Son para o financiamento das obras de “Acondicionamento da praza do Campo da Atalaia”.

48.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Rianxo para o financiamento da subministración “Dotación de mobiliario e equipamento para o centro socio-cultural de Asados e Aula Activa do Mar”.

49.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Rianxo para o financiamento das obras de “Mellora do firme e da contorna do Campo de Arriba”.

50.- Aprobación do proxecto modificado nº 2 da obra “Saneamento e depuración en Carcacía” do Concello de Padrón, incluída no Plan de cooperación cos concellos (PCC) 2008/2011, anualidade 2011. Código: 11.3300.0252.0.

51.-Aprobación da modificación do proxecto da obra “Reparación do camiño entre Vilar-Crendes e Torreiro”, do Concello de Abegondo, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2013 co código 13.2100.0001.0.

52.-Aprobación do proxecto modificado da obra “Seguridade viaria en Longras. Fase II”, do Concello de Coirós, incluída no Plan de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2014 co código 14.2100.0054.0.

53.-Formalización dun convenio de colaboración entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Coirós para instrumentalizar a xestión do “Centro de Interpretación do entorno fluvial do Río Mandeo” situado no lugar de Chelo (Coirós), no marco do “Proxecto Mandeo. Posta en valor das concas fluviais. 1ª fase Río Mandeo” cofinanciado por fondos Feder. Ano 2015.

54.- Formalización dun convenio de colaboración entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Curtis para instrumentalizar a xestión do “Centro Etnográfico de Curtis” situado en Teixeiro (Curtis), no marco do “Proxecto Mandeo posta en valor das concas fluviais. 1ª fase Río Mandeo” cofinanciado por Fondos Feder. Ano 2015.

55.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e a Asociación Coruñesa de Promoción del Sordo para financiar o “Servizo de logopedia bilingüe”.

56.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Arteixo para financiar as obras do “Centro de Formación Ocupacional”.

**Comisión de Infraestruturas Viarias: Vías e Obras Provinciais**

57.-Desistir da solicitude á Xunta de Galicia da urxente ocupación dos bens e dereitos afectados pola expropiación necesaria para a execución dos proxectos de obra incluídos en distintos plans ou programas de investimento de vías provinciais entre os anos 2006 a 2011.

58.-Aprobación do Plan de conservación de vías provinciais 2014, quinta fase.

59.-Aprobación do Plan de investimento de vías provinciais (VIP) 2014, quinta fase e modificación do Plan de travesías 2014, segunda fase.

60.-Aprobación inicial da terceira fase do Plan de travesías da anualidade 2014.

**Comisión de Economía, Facenda e Especial de Contas**

61.-Informe sobre o estado de execución presupostaria a 31/11/2014 e proxección a 31/12/2014.

62.-Información sobre o período medio de pago a provedores ao que se refire o Real decreto 635/2014, do 25 de xullo, correspondente ao mes de novembro.

63.-Dar conta da aprobación inicial do orzamento do Consorcio provincial contra Incendios e Salvamento da Coruña, exercicio 2015 e o seu estado de consolidación co Orzamento provincial.

64.-Informe final da execución do Plan de auditorías sobre as subvencións pagadas no exercicio 2012 e proposta de Plan de auditorías para as subvencións pagadas no exercicio 2013.

65.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Arcebispado de Santiago de Compostela correspondente á subvención nominativa concedida para financiar unha intervención na ermida do Lodairo en Mugardos, para a Restauración da curberta, coro e escaleira.

**Comisión de persoal e réxime interior**

66.-Informe-proposta de aprobación da carta dos dereitos e deberes dos cidadáns da provincia da Coruña en relación coa Deputación provincial.

ACTUACIÓN DE CONTROL
MOCIÓNS
-Moción do Bloque Nacionalista Galego sobre a creación dunha tarifa eléctrica galega.
-Moción do Bloque Nacionalista Galego relativa á edición dunha publicación que recolla a nosa historia desde o reino de Gallaecia ata a división do territorio nas actuais provincias.
ROGOS E PREGUNTAS

**DEPUTACIÓN PROVINCIAL**

**DA CORUÑA**

**SESIÓN ORDINARIA DA EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL EN PLENO DO 19 DE DECEMBRO DE 2014**

No salón de sesións do pazo provincial da Coruña, o día 19 de decembro de 2014, reuniuse a Excma. Corporación provincial para celebrar sesión **ordinaria**.

**CONCORRENTES**

**PRESIDE O ILMO. SR.:**

DON DIEGO CALVO POUSO PP

**ASISTEN OS SRES. DEPUTADOS SEGUINTES:**

| | |
|---|---|
| DON JUAN JOSÉ BLANCO RIVEIRO | BNG |
| DON JOSÉ CARLOS CALVELO MARTÍNEZ | PP |
| DON ANTONIO CAÑÁS VARELA | PP |
| DON JESÚS MANUEL CAMPOS DÍAZ | PSOE |
| DON MANUEL COSTA CARNEIRO | PP |
| DON JOSE DAFONTE VARELA | PP |
| DON JACOBO FERNÁNDEZ GARCÍA | PP |
| DON JESÚS SALVADOR FERNÁNDEZ MOREDA | PSOE |
| DONA MARÍA BEGOÑA FREIRE VÁZQUEZ | PP |
| DONA MARÍA MONTSERRAT GARCÍA CHAVARRÍA | PSOE |
| DONA MARÍA DEL CARMEN HERVADA ECHEVARRÍA | PP |
| DON MARIANO IGLESIAS CASTRO | PSOE |
| DON JULIO IGNACIO IGLESIAS REDONDO | PSOE |
| DON ANTONIO LEIRA PIÑEIRO | PSOE |
| DON CÉSAR LONGO QUEIJO | PSOE |
| DON CARLOS ENRIQUE LÓPEZ CRESPO | PP |
| DON ADOLFO FRANCISCO MUIÑOS SÁNCHEZ | BNG |
| DONA MARÍEL PADIN FERNÁNDEZ | PP |
| DON ANTONIO PENSADO PLÁGARO | PP |
| DON XOSÉ REGUEIRA VARELA | BNG |
| DON MANUEL RIVAS CARIDAD | PP |
| DONA ZAIRA RODRÍGUEZ PÉREZ | PP |
| DONA MATILDE BEGOÑA RODRÍGUEZ RUMBO | PSOE |
| DON MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS | PP |
| DON MIGUEL DE SANTIAGO BOULLÓN | PP |
| DONA SILVIA SEIXAS NAIA | BNG |
| DON XESÚS MANUEL SOTO VIVERO | BNG |
| DON MANUEL TABOADA VIGO | PP |
| DON RAMÓN TOJO LENS | PP |
| DONA MARÍA DEL CARMEN VARELA CORBELLE | PSOE |

O Sr.  Calvelo Martínez entra comezada a sesión no punto 50.

Actúa como secretario, don José Luis Almau Supervía, secretario xeral da Corporación, e está presente o interventor xeral, don José Manuel Pardellas Rivera.

Aberto o acto ás doce horas e cinco minutos, o Sr. secretario  le os asuntos incluídos na orde do día, en relación aos cales, por unanimidade, excepto nos casos en que se indique, adoptáronse os seguintes acordos:

Sr. Ruiz Rivas

Grazas, Sr. Presidente, Sres. e Sras. Deputadas, en nome da Corporación e dos grupos políticos, Sr. Presidente, quixeramos expresar a nosa solidariedade e pésame coas familias dos falecidos no afundimento do buque Paquito II, e pedir, á parte de felicitar a todo o dispositivo, incluídos voluntarios que están intentando recuperar o que son os restos das vítimas aínda non encontradas, que continúe esa busca nos sucesivos días, o que queriamos era manifestar a nosa dor e solidariedade coa familia, se a vostede lle parece, a través de gardar esta Corporación un minuto de silencio.

(Gárdase un minuto de silencio).

**1.-APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, Nº 11/14, DO 27 DE NOVEMBRO.**

Apróbase a acta da sesión anterior, nº 11/14, do 27 de novembro.

**2.-TOMA DE COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA PRESIDENCIA, DA Nº  23.351 Á Nº 25.400, DE 2014.**

A Corporación toma coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia, da nº 23.351 á nº 25.400, de 2014.

**3.-PROPOSICIÓN DA PRESIDENCIA SOBRE CAMBIO DE DATA DO PLENO ORDINARIO DE XANEIRO DE 2015.**

Sr. Presidente

Como vén sendo habitual, se lles parece votamos en primeiro lugar a ratificación da inclusión deste punto na orde do día e en segundo lugar a proposición.

O Pleno, por unanimidade, aproba a inclusión da proposición na orde do día e tamén por unanimidade aproba a seguinte proposición:

"Visto que o artigo 46.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LBRL), conforme á redacción introducida pola Lei 11/1999, do 21 de abril,

ordena que o Pleno das Deputacións provinciais celebre sesión ordinaria como mínimo cada mes e que, por outra banda, o artigo 35 do Regulamento orgánico da deputación provincial da Coruña (RODC), concordante co artigo 58 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro (ROF), atribúelle ao Pleno a decisión sobre o réxime de sesións da Corporación provincial.
Tendo en conta que a sesión ordinaria do Pleno de xaneiro de 2015 correspondería celebrala o día 30 dese mes, durante a celebración de FITUR, e que esta circunstancia non permite a presenza dos deputados que pretenden asistir a tan sinalado evento;

Polo tanto e como excepción singular do réxime ordinario establecido en sesión do 29 de xullo de 2011,

PROPÓN AO PLENO, previa ratificación da inclusión na orde do día consonte cos artigos 71.2 e 65.3 do Regulamento orgánico, a adopción do seguinte acordo:

A sesión ordinaria do Pleno da Deputación provincial correspondente ao primeiro mes de 2015 celebrarase o día 27 de xaneiro, martes, a partir das doce horas".

**4.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE BOIMORTO PARA FINANCIAR O "FESTIVAL DE LA LUZ" 2014.**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 25/11/2014.

2.- Aprobar o convenio co Concello de Boimorto correspondente á subvención nominativa, por importe de 30.000 €, concedida para financiar o *Festival de la Luz 2014,* cun orzamento subvencionado de 109.316,96€, de acordo co texto que se achega.

3.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o Exercicio de 2015, autorice o correspondente Orzamento.

"**Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Boimorto para financiar o *" Festival de la Luz" 2014***

A Coruña,

**REUNIDOS**

D. Diego Calvo Pouso, presidente da Deputación da Coruña, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o art. 34.1.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local

Dona Ana Ledo Fernández, alcaldesa-presidenta do Concello de Boimorto, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o art. 21.1.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local

Ambas as dúas partes recoñécense mutuamente na calidade na que interveñen, coa capacidade legal necesaria e

**EXPOÑEN**

**1.-** A Deputación provincial e o Concello de Boimorto exercen competencias en materia de promoción de actividades culturais e teñen a posibilidade legal de subscribir convenios coas distintas administracións públicas para o cumprimento dos fins dispostos na normativa vixente.

**2.-** O Concello de Boimorto organiza a terceira edición do *Festival de la Luz,* evento de carácter multidisciplinar no que teñen cabida tanto actividades musicais como gastronómicas, con fins solidarios e coa intención de promover o desenvolvemento socioeconómico do medio rural.

**3.-** En virtude do disposto no art. 118. d) da Lei 5/97 que lle outorga competencias para a organización de actividades que teñan por finalidade o fomento da cultura na provincia, e como complemento á programación de actuacións musicais que desenvolve con carácter anual, a Deputación provincial está interesada en colaborar coas actividades sinaladas.

**4.-** En función das consideracións anteriores, o Concello de Boimorto e a Deputación da Coruña acordan subscribir o presente convenio, segundo as seguintes:

**CLÁUSULAS**

**I.- Obxecto.**

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Boimorto (CIF:P1501000B) para financiar o **Festival da Luz *2014.***
Esta actividade ten lugar na aldea de Andabao, onde se atopa a casa natal da cantante Luz Casal que colabora como anfitrioa no festival. Trátase dun evento cultural de carácter solidario e de compromiso co medio rural, un festival único no que participan artistas internacionais nun marco gastronómico co que se tenta dar a coñecer as mellores iniciativas produtivas do medio no que se desenvolve.

**2.- Orzamento de gastos da actividade que ha realizar o Concello de Boimorto.**

O Concello de Boimorto desenvolve as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte co seguinte orzamento:

Subministración materiais de preparación do
terreo (mallas, pacas palla, tubos, carbón,
pinturas e material diverso)............................................... 11.511,42€
Alimentación, axudas de custe e horas extras traballadores
e voluntarios...................................................................... 34.262,75€
Transporte.......................................................................... 660,00€
Aluguer infraestruturas ( aseos, wc, valados,
carpas, carretillas, torres escenario etc............................. 62.882,79€
***Total*** ***109,316,96€ (IVE incluído)***

**III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade.**

**1.-** A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **30.000 €,** o que representa unha porcentaxe do **27,443 %.**

A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando o concello beneficiario que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente ao concello.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o **27,443 %** da cantidade efectivamente xustificada.

**2.-** Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

**3.-** O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/335A/46201, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito de abondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

**4.-** A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o Concello de Boimorto obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

**5.-** No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

**IV.- Contratación e execución.**

**1.-** Corresponderalle ao Concello de Boimorto o outorgamento dos contratos de subministro, servizos e asistencia para a completa realización dos traballos obxecto deste convenio.

**2.-** No procedemento de contratación, o Concello de Boimorto axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

**V.- Publicidade do financiamento provincial.**

**1.-**O Concello de Boimorto comprométese a facer constar a colaboración da Deputación da Coruña en toda a publicidade (tanto impresa como informática e audiovisual) correspondente ás actividades do *Festival de la Luz 2014* na súa páxina web.

**2.-** Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do Concello de Boimorto.

**VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.**

**1.-** A achega da Deputación seralle aboada ao Concello de Boimorto despois da presentación da seguinte documentación:

* **Memoria** xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención con indicación das actividades realizadas, dos beneficiarios e dos resultados obtidos, debidamente asinada.

* **Certificación** expedida polo interventor ou polo secretario do concello, da relación clasificada dos gastos realizados con identificación dos acredores (nome de empresa e NIF ou, no seu caso, nome e apelidos completos e sen abreviaturas e NIF), dos conceptos de gasto e dos tipos documentos (nº de factura ou documento equivalente, importe, data completa de emisión) e, no seu caso, datas de pago.

* **Certificación** da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2014.

* **Relación** detallada das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto ou, pola contra, declaración de non ter outras subvencións públicas ou privadas para o mesmo obxecto.

* **Acreditación** do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula oitava.

* **Acreditación** do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que se teña feito das actividades subvencionadas, establecida na cláusula quinta.

**2.-** No prazo dun mes dende a recepción do pago correspondente, deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros.

**3.-** Se tivesen transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivese cobrado o importe que lle corresponda, o Concello de Boimorto terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

**VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.**

**1.-** As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira, deberán estar rematadas o 31 de decembro de 2014, como máximo.

**2.-** Unha vez rematadas as actividades, o Concello de Boimorto deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de maio de 2015.**

**3.-** De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao Concello de Boimorto para que a presente no prazo improrrogable de **quince días**.

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto.

Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Concello de Boimorto da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 56ª6º das de Execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

**VIII.- Cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social e a súa acreditación.**

**1.-** O Concello de Boimorto deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

**2.-** A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsable expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

**3.-** A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao esta de oficio.

**IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.**

**1.-** O Concello de Boimorto destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

**2.-** Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte imposible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

**X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.**

**1.-** Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Concello de Boimorto poderá ser escolleito pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

**2.-** Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Concello de Boimorto queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

**XI.- Reintegro, infraccións e sancións.**

**1.-** O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen dende o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

O procedemento de reintegro iniciarase de oficio, e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

**2.-** Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostos nas normas citadas e na Base 56ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

**3.-** De conformidade co disposto na Base 56ª.6º das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades implicará unha sanción dun 10 %

do importe da subvención co límite de 75 € se o atraso non excede de tres meses; se o atraso na realización das actividades excede de tres meses, a sanción será dun 20 % da subvención outorgada co límite de 150 €.

**4.-** Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na Lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 €; se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada co límite de 400 €, e, se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 €.

**XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.**

**1.-** No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Concello de Boimorto serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto.

**2.-** Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

**3.-** Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Concello de Boimorto será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

**4.-** Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

**XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.**

**1.-** O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de maio de 2015** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderanse realizar dende o 1 de xaneiro de 2014.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o Exercicio de 2015, autorice o correspondente Orzamento.

**2.-** Logo da solicitude previa do Concello de Boimorto, realizada polo menos dous meses antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

**3.-** Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e despois dos mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

**XIV.- Natureza, interpretación e xurisdición competente.**

**1.-** O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

**2.-** Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio poderá crearse unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e do Concello de Boimorto.

**3.-** Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por -----------

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento."

**5.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA FINANCIAR A FEIRA INTERNACIONAL WOMEX 2014 E O PROGRAMA DE NADAL EN COMPOSTELA 2014.**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

**"1.-** Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 25/11/2014.

**2.-** Aprobar o convenio co Concello de Santiago de Compostela correspondente á subvención nominativa, por importe de 100.000 €, concedida para financiar a *Feira Internacional Womex 2014 e o Programa de Nadal en Compostela 2014,* cun orzamento subvencionado de 125.000 €, de acordo co texto que se achega.

**3.-** Subordinar o presente acordo ao crédito que para o Exercicio de 2015, autorice o correspondente Orzamento.

“**Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Santiago de Compostela para financiar a *Feira Internacional Womex 2014 e o Programa de Nadal en Compostela 2014.***

A Coruña,

**REÚNENSE**

D. Diego Calvo Pouso, presidente da Deputación Provincial da Coruña, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o art. 34. 1b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

D. Agustín Hernández Fernández de Rojas, alcalde do Concello de Santiago de Compostela, e Presidente do Consello Reitor do organismo autónomo local de carácter administrativo, Auditorio de Galicia

Ambas as dúas partes recoñécense mutuamente na calidade que interveñen con capacidade legal necesaria e

**EXPOÑEN**

**1.-** Que as deputacións teñen entre os seus fins propios e específicos asegurar a prestación dos servizos de competencia municipal, e os concellos teñen como competencia propia a promoción da cultura e equipamentos culturais; ademais, é competencia das deputacións a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e, para iso, teñen a posibilidade legal de subscribir convenios para o cumprimento dos fins dispostos na normativa vixente.

**2.-** Como parte das actividades de fomento da cultura, e máis en concreto da música, o Concello de Santiago de Compostela desenvolve a *Feira Internacional Womex 2014.*

Trátase dun evento que ten como obxectivo situar internacionalmente a música, os artistas e o sector profesional da música de Galicia e de España, en xeral; darlle visibilidade ao sector musical; promover unha plataforma de negocio e intercambio con Latinoamérica e promocionar a cidade como capital internacional para a cultura.

**3.-** O *Programa de Nadal en Compostela* ten como obxectivos poñer en valor costumes e tradicións propias asociadas ás festas de Nadal; favorecer o goce e a participación interxeracional de actividades socioculturais variadas; achegar produtos culturais locais como mostra do patrimonio da vida das parroquias e barrios composteláns e poñer en valor a importancia da conciencia social, a solidariedade e o consumo responsable nestas datas.

**4.-** Tendo en conta a transcendencia e significación que presentan os proxectos impulsados polo Concello de Santiago de Compostela e seu gran repercusión no ámbito cultural, así como a confluencia de intereses coa Deputación da Coruña,

ambas institucións acordan subscribir o presente convenio de colaboración que se rexerá polas seguintes

**CLÁUSULAS**

**I.- Obxecto.**

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Santiago de Compostela (CF:P1507900G) para financiar a ***Feira Internacional Womex 2014 e o Programa de Nadal en Compostela 2014,*** co seguinte contido:

*Feira Internacional Womex 2014*

* Showcases de concertos, do 23 ao 25 de outubro.
* Film Screening documentais recentes e gravacións de concertos con músicos de todo o mundo.
* Concerto inaugural.
*DJ Summit.
* Premios anuais Womex: Premio WOMEX Artista
WOMEXX Premio Excelencia Profesional
Premio Label WOMEX
* Conferencias.
* Networking Profesional.
* Encontros profesionais de diferentes ámbitos e temáticas.

*Programa de Nadal en Compostela 2014*

* Obradoiro de agasallos: o agasallo viaxeiro.
* Obradoiro de decoración de Nadal e montaxe de beléns.
* Obradoiros diversos nos centros socioculturais: cociña familiar, fabricación de xabóns, velas, flores, postais de Nadal...
* Festivais de Nadal.
* Exposicións, xogos de rúa, bailes, excursións, recollida de xoguetes...

**II.- Orzamento de gastos da actividade que ha realizar o Concello de Santiago de Compostela.**

As actividades obxecto co convenio, segundo se definen na cláusula anterior, desenvolveranse polo Concello de Santiago de Compostela , consonte co seguinte orzamento:

*Feira Internacional Womex 2014*

| | |
|---|---|
| Servizos técnicos audiovisuais para actos presentación | 17.545,00.- |
| Servizos deseño, fabricación e colocación da sinalización e información | 11.616,00.- |
| Viaxes e transporte de artistas e técnicos | 13.237,40.- |
| *Subtotal* | *42.398,40.-* |

| | |
|---|---|
| *<u>Programa Nadal en Compostela 2014</u>* | |
| Material promocional: cartelería, folletos | 7.386,60.- |
| Instalacións arquitectura efémera | 21.175,00.- |
| Montaxe na Praza do Obradoiro | 15.034,00.- |
| Participación de corais en “Panxoliñas no Nadal” | 4.326,00.- |
| Montaxe dos conxuntos de árbores de Nadal en espazos públicos | 9.680,00.- |
| Actividades nos Centros Socioculturais: persoal dos Centros | 25.000,00.- |
| *Subtotal* | *82.601,60.-* |
| ***Total*** | ***125.000,00 €*** |

**III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade.**

**1.-** A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **100.000 €,** o que representa unha porcentaxe do **80 %.**

A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos, propios ou alleos, acreditando o beneficiario que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable ao concello.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80 % da cantidade efectivamente xustificada.

**2.-** Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

**3.-** O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/334A/46201, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito de abondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

**4.-** A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o Concello de Santiago de Compostela obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

**5.-** No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

**IV.- Contratación e execución.**

**1.-** Corresponderalle ao Concello de Santiago de Compostela o outorgamento dos contratos de subministro, servizos e asistencia para a completa realización da actividade programada.

**2.-** No procedemento de contratación, o Concello de Santiago de Compostela axustarase toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

**V.- Publicidade do financiamento provincial.**

**1.-** Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

**2.-** Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do Concello de Santiago de Compostela.

**VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.**

**1.-** A achega da Deputación seralle aboada ao Concello de Santiago de Compostela do seguinte xeito:

*Primeiro prazo*, por importe máximo do 50% da subvención, co carácter de anticipo prepagable a xustificar.

O importe deste prazo calcularase aplicando a porcentaxe de financiamento (80 %) ao total do importe das contratacións certificadas e aboarase logo da presentación da seguinte documentación:

* **Certificación** dos acordos de contratación de persoal e de adxudicación definitiva dos contratos de subministracións, ou servizos necesarios para levar a cabo a actividade, na que se fagan constar, polo menos, os seguintes datos: empresas adxudicatarias, importes dos contratos e prazos de execución.

* **Declaración** doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

* **Acreditación** do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula oitava.

*** Acreditación** do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que se teña feito das actividades subvencionadas, establecida na cláusula quinta.

*Segundo prazo*, por importe de 50 % da subvención ou, no seu caso, a cantidade pendente de pago, segundo o importe dos gastos xustificados, logo da presentación da seguinte documentación:

*** Memoria** xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención con indicación das actividades realizadas, dos beneficiarios e dos resultados obtidos, debidamente asinada.

*** Certificación** expedida polo Interventor ou polo Secretario do Concello, da relación clasificada dos gastos realizados con identificación dos acredores (nome de empresa e NIF ou, no seu caso, nome e apelidos completos e sen abreviaturas e NIF), dos conceptos de gasto e dos tipos documentos (nº de factura ou documento equivalente, importe, data completa de emisión) e, no seu caso, datas de pago.

*** Certificación** da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2014.

*** Relación** detallada das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto ou, pola contra, declaración de non ter outras subvencións públicas ou privadas para o mesmo obxecto.

* **Acreditación** do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula oitava.

*** Acreditación** do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que se teña feito das actividades subvencionadas, establecida na cláusula quinta.

*** Acreditación** do pago efectivo aos terceiros do importe recibido como primeiro prazo prepagable.

**2.-** No prazo dun mes dende a recepción do segundo prazo, deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros.

**3.-** Se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o Concello de Santiago de Compostela terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

**VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.**

**1.-** As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira, deberán estar rematadas o 31 de decembro de 2014, como máximo.

**2.-** Unha vez rematadas as actividades, o Concello de Santiago de Compostela deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de maio de 2015.**

**3.-** De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao Concello de Santiago de Compostela para que a presente no prazo improrrogable de **quince días**.

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto.

Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Concello de Santiago de Compostela da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 56ª.6º das de Execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

**VIII.- Cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social e a súa acreditación.**

**1.-** O Concello de Santiago de Compostela deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

**2.-** A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsable expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificado ou ben autorizando á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

**3.-** A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao esta de oficio.

**IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.**

**1.-** O Concello de Santiago de Compostela destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

**2.-** Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte imposible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

**X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.**

**1.-** Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Concello de Santiago de Compostela poderá ser escolleito pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

**2.-** Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Concello de Santiago de Compostela queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

**XI.- Reintegro, infraccións e sancións.**

**1.-** O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

**2.-** Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostos nas normas citadas e na Base 56ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

**3.-** De conformidade co disposto na Base 56ª.6º das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades implicará unha sanción dun 10 % do importe da subvención co límite de 75 € se o atraso non excede de tres meses; se o atraso na realización das actividades excede de tres meses, a sanción será dun 20 % da subvención outorgada co límite de 150 €.

**4.-** Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na Lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 €; se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada co límite de 400 €, e, se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 €.

**XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.**

**1.-** No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Concello de Santiago de Compostela serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto.

**2.-** Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á

Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

**3.-** Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Concello de Santiago de Compostela será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

**4.-** Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

**XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.**

**1.-** O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de maio de 2015** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán realizar dende o 1 de xaneiro de 2014.

**2.-** Logo da solicitude previa do Concello de Santiago de Compostela, realizada polo menos dous meses antes da data do fin do prazo, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes, e despois dos informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

**3.-** Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e despois dos mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

**XIV.- Natureza, interpretación e xurisdición competente.**

**1.-** O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

**2.-** Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio poderá crearse unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e do Concello de Santiago de Compostela.

**3.-** Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por --------------

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento."

**6.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A ASOCIACIÓN ANHIDACORUÑA, ASOCIACIÓN DE NIÑOS CON HIPERACTIVIDAD Y DÉFICIT DE ATENCIÓN PARA FINANCIAR A REALIZACIÓN DAS "I XORNADAS POR UNHA ESCOLA INCLUSIVA".**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

**"1.-** Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 19/11/2014.

**2.-** Aprobar o convenio coa Asociación Anhidacoruña, Asociación de niños con hiperactividad y déficit de atención correspondente á subvención nominativa, por importe de 5.000 €, concedida para financiar a realización das *"I Xornadas por unha Escola Inclusiva"* cun orzamento subvencionado de 15.640 €, de acordo co texto que se achega.

**3.-** Subordinar o presente acordo ao crédito que para o Exercicio de 2015, autorice o correspondente Orzamento.

"**Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación Anhidacoruña, Asociación de niños con hiperactividad y déficit de atención para financiar *a realización das "I Xornadas por unha Escola Inclusiva"***

A Coruña,

**REUNIDOS**

Don Diego Calvo Pouso, presidente da Deputación Provincial da Coruña

Dona Pilar Castiñeira Chamorro, presidenta da Asociación Anhidacoruña, Asociación de niños con hiperactividad y déficit de atención

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e na representación que teñen e recoñecéndose reciprocamente capacidade para obrigarse nos termos deste documento.

**MANIFESTAN**

**1**.- A Asociación Anhidacoruña, Asociación de niños con hiperactividad y déficit de atención (en adiante ANHIDACORUÑA) fundouse como unha entidade sen ánimo de lucro que ten como fin, de acordo cos seus estatutos, "*defender e salvagardar os dereitos das persoas con déficit de atención e/ou hiperactividade" e "tentar mellorar a calidade de vida das persoas obxecto desta atención"*

**2.**- A Asociación ANHIDACORUÑA, dentro das actividades dirixidas ao cumprimento dos seus fins, realizou unhas xornadas orientadas á comunidade educativa co obxecto de analizar a posta en práctica de protocolos de actuación para nenos e adolescentes que sofren un trastorno de aprendizaxe

**3 -** A Deputación Provincial da Coruña e ANHIDACORUÑA coinciden en valorar positivamente esta liña de actuación polo que, coa finalidade de fixar as condicións da súa colaboración, acordan formalizar un convenio con arranxo ás seguintes

**CLÁUSULAS**

**I.- Obxecto.**

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación ANHIDACORUÑA (NIF: G70245717) para financiar a realización das ***"I Xornadas por unha escola inclusiva"*** os días 24 e 25 de outubro de 2014 na cidade da Coruña.

**II.- Orzamento de gastos da actividade que ha realizar a entidade beneficiaria.**

O orzamento das actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, é o seguinte:

| | |
|---|---|
| Honorarios relatores | 5.520.- |
| Equipo Psicopedagóxico Obradoiros | 1.310.- |
| Gastos de material | 1.225.- |
| Publicidade | 3.620.- |
| Outros | 3.965.- |
| ***Total*** | ***15.640.- €*** |

**III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade.**

**1.-** A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **5.000 €,** o que representa unha porcentaxe do **31,97 %.**

A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 31,97 % da cantidade efectivamente xustificada.

**2.-** Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

**3.-** O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/334A/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito de abondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

**4.-** A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Asociación ANHIDACORUÑA obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

**5.-** No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

**IV.- Contratación da execución.-**

**1.-** O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á Asociación ANHIDACORUÑA

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á Asociación ANHIDACORUÑA, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

**2.-** Se o importe dalgunha das prestacións supera 18.000 euros, con carácter previo á contratación, a Asociación ANHIDACORUÑA deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

**V.- Publicidade do financiamento provincial.**

**1.-** Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

**2.-** Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da Asociación ANHIDACORUÑA

**VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.**

A achega da Deputación seralle aboada á Asociación ANHIDACORUÑA unha vez que se presente a seguinte documentación:

* Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da Asociación ANHIDACORUÑA, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

* Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto; no caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2014.

* Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

* Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula oitava.

* Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

* Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

* Acreditación do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial e de cinco exemplares do libro que se publique.

**VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.**

**1.-** As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira deberán estar rematadas o **31 de decembro de 2014.**

**2.-** Unha vez rematadas as actividades, a Asociación ANHIDACORUÑA deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de maio de 2015.**

**3.-** De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á Asociación ANHIDACORUÑA para que a presente no prazo improrrogable de **quince días.**

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á Asociación ANHIDACORUÑA da Coruña da sanción que, de

conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 56ª.6º das de Execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

**4.-** O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Asociación ANHIDACORUÑA na documentación aportada.

Se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a Asociación ANHIDACORUÑA terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

**VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.**

**1.-** A Asociación ANHIDACORUÑA deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

**2.-** A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao esta de oficio.

**IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.**

**1.-** A Asociación ANHIDACORUÑA destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

**2.-** Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

**3.-** Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Asociación ANHIDACORUÑA deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

**X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.**

**1.-** Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Asociación ANHIDACORUÑA poderá ser escolleita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento

de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

**2.-** Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Asociación ANHIDACORUÑA queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

**XI.- Reintegro, infraccións e sancións.**

**1.-** O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen dende o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

**2.-** Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostos nas normas citadas.

**3.-** De conformidade co disposto na Base 56ª.6º das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización da actividade implicará unha sanción dun 10 % do importe da subvención co límite de 75 € se o atraso non excede de tres meses; se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 % da subvención outorgada co límite de 150 €.

**4.-** Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 €; se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada, co límite de 400 €, e, se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 €.

**XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.**

**1.-** No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Asociación ANHIDACORUÑA serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

**2.-** Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á

Consellería de Economía e  Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

**3.-** Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á Asociación ANHIDACORUÑA será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

**4.-** Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

**XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.**

**1.-** O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de maio de 2015** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderanse realizar dende o 1 de xaneiro de 2014.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o Exercicio de 2015, autorice o correspondente Orzamento.

**2.-** Logo da solicitude previa da Asociación ANHIDACORUÑA, realizada polo menos dous meses antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes, despois dos informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

**3.-** Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e despois dos mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

**XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente.**

**1.-** O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

**2.-** A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, despois dos informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

**3.-** Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.”

**7- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A ASOCIACIÓN ACADEMIA GALEGA DO AUDIOVISUAL PARA FINANCIAR A XII EDICIÓN DOS PREMIOS MESTRE MATEO.**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

**"1.-** Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.Coa motivación incorporada no presente parágrafo levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do  21/11/2014.

**2.-** Aprobar o convenio coa Asociación Academia Galega do Audiovisual correspondente á subvención nominativa, por importe de 17.000 €, concedida para financiar a *XII edición dos Premios Mestre Mateo,* cun orzamento subvencionado de 142.500 €, de acordo co texto que se achega.

**3.-** Subordinar o presente acordo ao crédito que para o Exercicio de 2015, autorice o correspondente Orzamento.

"**Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación Academia Galega do Audiovisual para financiar a *XII edición dos Premios Mestre Mateo.***

A Coruña

**REUNIDOS**

D. Diego Calvo Pouso, presidente da Deputación Provincial da Coruña.

D. Antonio Mourelos Vázquez, presidente da Asociación Academia Galega do Audiovisual.

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e na representación que teñen, e recoñecéndose reciprocamente capacidade para obrigarse nos termos deste documento.

**MANIFESTAN**

**1.-** A Asociación Academia Galega do Audiovisual é unha asociación sen ánimo de lucro, que agrupa a creadores e profesionais do audiovisual galego: cine, multimedia, publicidade, televisión, vídeo.

**2.-** Esta entidade foi creada no ano 2002 co obxectivo de fomentar o desenvolvemento das artes e das ciencias relacionadas co audiovisual en Galicia.

**3.-** A Asociación Academia Galega do Audiovisual ten entre as súas principais actividades, a organización da gala anual na que se entregan os premios do audiovisual galego, os *Premios Mestre Mateo*.

**4.-** Logo de ver a actividade da Asociación, e continuando coa colaboración iniciada no ano pasado, o Pleno da Corporación, acordou incluír no Orzamento 2014 o crédito destinado ao seu financiamento, incrementado no EMC 2/2014, polo que coa finalidade de establecer as condicións de colaboración, as dúas entidades acordan formalizar un convenio de colaboración de acordo coas seguintes

**CLÁUSULAS**

**I.- Obxecto.**
O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación Academia Galega do Audiovisual (NIF: V15844145) para financiar a ***XII edición dos Premios Mestre Mateo***, co seguinte contido:

* *Gala de entrega dos Premios Mestre Mateo*.- Nesta gala recoñécese a profesionalidade e calidade dun sector en auxe en Galicia, retransmitida en directo pola TVG dende o auditorio Palexco da Coruña o 12 de abril.

* *Anuario "Papeis da Academia"*.- Publicación que recolle o resume de cada edición dos Premios Mestre Mateo e información xeral do sector: producións, festivais, temas de actualidade.

Cada exemplar ven acompañado dun CD recompilatorio que baixo o nome "As músicas da Academia" homenaxea aos músicos e compositores galegos relacionados co sector audiovisual.

Esta actividade desenvólvese entre os meses de xuño e agosto.

**II.- Orzamento de gastos da actividade que ha realizar a entidade beneficiaria.**

A Asociación Academia Galega do Audiovisual desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte co seguinte orzamento:

| ***XII edición dos Premios Mestre Mateo*** | |
|---|---|
| Guión e música | 6.052,00.- |
| Persoal artístico | 5.220,00.- |
| Persoal técnico | 42.677,57.- |
| Escenografía | 21.470,60.- |
| Vídeos, iluminación e son | 13.254,50.- |
| Varios produción | 9.425,00.- |
| Viaxes, manutención, aloxamentos | 17.000,00.- |
| Notaría, seguros e gastos xurídicos | 2.335,00.- |
| Pack obras participantes | 3.835,33.- |
| Gastos xerais | 2.830,00.- |
| ***Importe*** | ***124.100,00.-*** |

| | |
|---|---|
| ***Anuario Papeis da Academia*** | |
| Persoal técnico | 10.750,00.- |
| Gastos de profesionais | 450,00,- |
| Produción | 6.400,00.- |
| Distribución | 300,00.- |
| Gastos oficina produción | 500,00.- |
| ***Importe*** | ***18.400,00.-*** |
| | |
| ***Total gastos*** | ***142.500,00 €*** |

**III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade.**

**1.-** A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **17.000 €,** o que representa unha porcentaxe do **11,93 %.**

A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 11,93 % da cantidade efectivamente xustificada.

**2.-** Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

**3.-** O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/335A/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito de abondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

**4.-** A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Asociación Academia Galega do Audiovisual obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

**5.-** No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

**IV.- Contratación da execución.-**

**1.-** O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponde á Asociación Academia Galega do Audiovisual.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á Asociación Academia Galega do Audiovisual, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

**2.-** Se o importe dalgunha das prestacións supera os 18.000 euros, con carácter previo á contratación, a Asociación Academia Galega do Audiovisual deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

**V.- Publicidade do financiamento provincial.**

**1.-** Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

**2.-** Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da Asociación Academia Galega do Audiovisual.

**VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.**

A achega da Deputación seralle aboada á Asociación Academia Galega do Audiovisual unha vez que se presente a seguinte documentación:

* Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da Asociación Academia Galega do Audiovisual, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

* Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto; no caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

* Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2014.

* Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula oitava.

* Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

* Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

Acreditación do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

**VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.**

**1.-** As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira deberán estar rematadas o **31 de decembro de 2014.**

**2.-** Unha vez rematadas as actividades, a Asociación Academia Galega do Audiovisual deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de maio de 2015.**

**3.-** De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á Asociación Academia Galega do Audiovisual para que a presente no prazo improrrogable de **quince días.**

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á Asociación Academia Galega do Audiovisual da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 56ª.6º das de Execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

**4.-** O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Asociación Academia Galega do Audiovisual na documentación aportada.

Se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a Asociación Academia Galega do Audiovisual terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

**VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.**
**1.-** A Asociación Academia Galega do Audiovisual deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

**2.-** A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao esta de oficio.

**IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.**

**1.-** A Asociación Academia Galega do Audiovisual destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

**2.-** Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

**3.-** Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Asociación Academia Galega do Audiovisual deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

**X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.**

**1.-** Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Asociación Academia Galega do Audiovisual poderá ser escolleita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

**2.-** Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Asociación Academia Galega do Audiovisual queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

**XI.- Reintegro, infraccións e sancións.**

**1.-** O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen dende o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

**2.-** Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostos nas normas citadas.

**3.-** De conformidade co disposto na Base 56ª.6º das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización da actividade implicará unha sanción dun 10 % do importe da subvención co límite de 75 € se o atraso non excede de tres meses; se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 % da subvención outorgada co límite de 150 €.

**4.-** Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na Lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 €; se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada, co límite de 400 €, e, se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 €.

**XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.**

**1.-** No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Asociación Academia Galega do Audiovisual serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro.

**2.-** Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

**3.-** Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á Asociación Academia Galega do Audiovisual será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

**4.-** Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

**XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.**

**1.-** O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de maio de 2015** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 1 de xaneiro de 2014.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o Exercicio de 2015, autorice o correspondente Orzamento.

**2.-** Logo da solicitude previa da Asociación Academia Galega do Audiovisual, realizada polo menos dous meses antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes,

despois dos informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

**3.-** Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e despois dos mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

**XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente.**

**1.-** O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

**2.-** A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, despois dos informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

**3.-** Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por -----

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento."

**8.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A FUNDACIÓN RÁCING CLUB FERROL PARA PROMOVER, DIFUNDIR E APOIAR O FÚTBOL DE BASE.**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

**"1.-** Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 26/11/2014.

**2.-**Aprobar o convenio coa Fundación Rácing Club Ferrol correspondente á subvención nominativa concedida por importe de 30.000 € para promover, difundir e apoiar o fútbol de base, cun orzamento subvencionado de 40.100 €, de acordo co texto que se achega."

**3.-** Subordinar o presente acordo ao crédito que para o Exercicio de 2015, autorice o correspondente Orzamento.

**Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Fundación Rácing Club Ferrol para promover, difundir e apoiar o fútbol de base.**

A Coruña,

**REUNIDOS**

D. Diego Calvo Pouso, presidente da Deputación Provincial da Coruña.

D. Isidro Silveira Cameselle , presidente da **Fundación Rácing Club Ferrol**

**MANIFESTAN**

Que ambas as dúas partes recoñécense plena capacidade para outorgar o presente convenio.

Que a Deputación Provincial da Coruña, coñecedora da necesidade de impulsar o fomento do deporte está interesada en colaborar coas entidades que promocionen a práctica deportiva e en especial con aqueles programas de apoio e fomento do deporte

Que a **Fundación Rácing Club Ferrol** é unha entidade dedicada a realizar programas de apoio e fomento do deporte náutico na provincia.

En función das consideracións anteriores, a Deputación Provincial da Coruña e a **Fundación Rácing Club Ferrol** coa finalidade de fixar as condicións da súa colaboración, acordan formalizar o presente convenio de colaboración, de acordo coas seguintes

**CLÁUSULAS**

**I.- Obxecto.**

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a **Fundación Rácing Club Ferrol** (CIF:G15884257) para ***promover, difundir e apoiar o fútbol de base***

**II.- Orzamento de gastos da actividade que ha realizar a entidade beneficiaria.**

A ***Fundació*n Rácing Club Ferrol** desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

| CONCEPTO | IMPORTE |
|---|---|
| Material deportivo | 11.600,00 € |
| Material de oficina | 500,00 € |

| | |
|---|---|
| Material farmacéutico | 500,00 € |
| Material publicitario | 500,00 € |
| Arrendamentos e canons | 1.000,00 € |
| Transportes | 15.200,00 € |
| Primas e seguros | 1.500,00 € |
| Subministracións | 100,00 € |
| Limpeza, mantemento do campo | 3.200,00 € |
| Soldos e salarios-persoal non deportivo | 4.800,00 € |
| Seguridade Social | 1.200,00 € |
| ***Total*** | ***40.100,00 €*** |

**III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade.**

**1.-** A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **30.000 €**, o que representa unha porcentaxe do 74,81%.

A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 74,81 % da cantidade efectivamente xustificada.

**2.-** Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

**3.-** O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/341A/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito de abondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

**4.-** A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a **Fundación Rácing Club Ferrol** obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

**5.-** No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

**IV.- Contratación da execución.-**

**1.-** O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á **Fundación Rácing Club Ferrol**

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas coa **Fundación Rácing Club Ferrol**, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

**2.-** Se o importe dalgunha das prestacións supera os 18.000 euros, con carácter previo á contratación, a **Fundación Rácing Club Ferrol** deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

**V.- Publicidade do financiamento provincial.**

**1.-** Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

**2.-** Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do **Fundación Rácing Club Ferrol**

**VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.**

A achega da Deputación seralle aboada á **Fundación Rácing Club Ferrol** unha vez que se presente a seguinte documentación:

* Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da **Fundación Rácing Club Ferrol**, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

* Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto; no caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2014.

* Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

* Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula oitava.

* Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

* Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

Acreditación do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula sexta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

**VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.**

**1.-** As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira deberán estar rematadas o 31 de decembro de 2014, como máximo.

**2.-** Despois de que estean rematadas as actividades, a **Fundación Rácing Club Ferrol** deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do 31 de maio de 2015.

**3.-** De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á **Fundación Rácing Club Ferrol** para que a presente no prazo improrrogable de **quince días.**

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto.

Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á **Fundación Rácing Club Ferrol** da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 56ª.6º das de Execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

**4.-** O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola **Fundación Rácing Club Ferrol**

Se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, á **Fundación Rácing Club Ferrol** terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao

tipo de xuro legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

**VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.**

**1.-** A **Fundación Rácing Club Ferrol** deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

**2.-** A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao esta de oficio.

**IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.**

**1.-** A **Fundación Rácing Club Ferrol** destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

**2.-** Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

**3.-** Sen prexuizo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a **Fundación Racing Club Ferrol** deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

**X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.**

**1.-** Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a **Fundación Rácing Club Ferrol** poderá ser escolleito pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

**2.-** Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a **Fundación Rácing Club Ferrol** queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

**XI.- Reintegro, infraccións e sancións.**

**1.-** O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen dende o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

**2.-** Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostos nas normas citadas.

**3.-** De conformidade co disposto na Base 56ª.6º das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización da actividade implicará unha sanción dun 10 % do importe da subvención co límite de 75 € se o atraso non excede de tres meses; se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 % da subvención outorgada co límite de 150 €.

**4.-** Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na Lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 €; se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada, co límite de 400 €, e, se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 €.

**XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.**

**1.-** No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da **Fundación Rácing Club Ferrol** serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro.

**2.-** Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

**3.-** Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á **Fundación Rácing Club Ferrol** será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

**4.-** Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

**XIII- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.**

**1**.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de maio de 2015** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderanse realizar dende o 1 de xaneiro de 2014.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o Exercicio de 2015, autorice o correspondente Orzamento

**2.-** Logo da solicitude previa da **Fundación Rácing Club Ferrol,** realizada polo menos dous meses antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes, e despois dos informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

**3.-** Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e despois dos mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

**XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente.**

**1.-** O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

**2.-** A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, despois dos informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

**3.-** Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---
E en proba de conformidade asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.”

**9.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS PARA FINANCIAR A ADQUISICIÓN DE BLOQUES DE PEDRA E PEAÑAS DE MADEIRA PARA O I CERTAME DE CANTERÍA VENTO DE PEDRA 2014.**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención

nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 4/12/2014.

2.**-** Aprobar o convenio co Concello de Cabana de Bergantiños correspondente á subvención nominativa, por importe de 6.542,75 **€,** concedida para financiar a subministración de bloques de pedra e peañas para o I Certame de Cantería Vento da Pedra, cun orzamento subvencionado de 6.815,00€, de acordo co texto que se achega.

3.-Excepcionar o límite do 80% establecido para as subvencións nominativas

4.**-**Subordinar o presente acordo ao crédito que para o Exercicio de 2015, autorice o correspondente Orzamento.

"**Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Cabana de Bergantiños para financiar a adquisición de bloques de pedra e peañas de madeira para o I Certame de Cantería Vento de Pedra 2014.**

A Coruña,

**REUNIDOS**

D. Diego Calvo Pouso, presidente da Deputación da Coruña, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o art. 34.1.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local

D. José Muiño Domínguez, alcalde-presidente do Concello de Cabana de Bergantiños actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o art. 21.1.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local

Ambas as dúas partes recoñécense mutuamente na calidade na intervén, coa capacidade legal necesaria e

**MANIFESTAN**

**1.-** Que o Concello de Cabana de Bergantiños puxo en marcha o certame artístico "Vento de Pedra", que representa o primeiro encontro de canteiros celebrado na Costa da Morte para poñer en valor as potencialidades culturais e paisaxísticas desta zona.

**2.-** Que a Deputación Provincial da Coruña, entre cuxas competencias está o fomento da actividade cultural, e o apoio aos concellos da provincia, considera a importancia que para os veciños desta zona teñen as actividades culturais que se desenvolven para poñer en valor o potencial da Costa da Morte.

**3.-** Que, para a celebración do mencionado certame é necesario a subministración do material para a realización dos traballos dos canteiros participantes na actividade

**5.-** Que a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Cabana de Bergantiños coinciden no interese da subministración que é preciso para os fins sinalados no apartado primeiro do presente convenio.

Por todo o exposto ambas as dúas entidades

**ACORDAN**

Formalizar o presente convenio de colaboración conforme ás seguintes

**CLÁUSULAS**

**I.- Obxecto.**

**1.-** O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Cabana de Bergantiños para financiar a adquisición de 25 bloques de pedra e 12 peañas de madeira para a realización e colocación das esculturas, que se realicen no I Certame de cantería Vento da Pedra.

**II.- Orzamento de gastos da actividade que ha realizar o Concello de Cabana de Bergantiños.**

O Concello de Cabana de Bergantiños, contratará a subministración proposta de acordo co seguinte orzamento:

| | |
|---|---|
| Bloques de pedra: 25 bloques de 80x60x50 cm. | 5.000,00€ |
| Peañas de madeira: 12 de 86x66x55 cm. | 1.815,00€ |
| **Total orzamento** | **6.815,00 €** |

**III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade.**

**1.-** A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da subministración aprobada, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **6.542,75 €,** o que representa unha porcentaxe do **96,005 %.**

**2.-**No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 96,005 % da cantidade efectivamente xustificada.

Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

**3.-** A Deputación financiará exclusivamente os gastos derivados da subministración do material, de acordo co orzamento sinalado na cláusula primeira do presente convenio.

**4.-** O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/334A/76201, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito de abondo, e sobre a que se ten contabilizada a correspondente retención de crédito.

Así mesmo, queda condicionado ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria para o próximo exercicio, de acordo coa normativa vixente no seu momento

**5.-** Tendo en conta que a achega provincial financia o 96,005% do investimento, a subvención da Deputación Provincial da Coruña é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas públicas ou privadas para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere, en ningún caso, o importe total do gasto efectivamente xustificado.

No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

**IV.- Contratación da execución.-**

**1.-** Na súa condición de adquirente, corresponderalle ao Concello de Cabana de Bergantiños o outorgamento do contrato de subministración do material subvencionado, así como a instalación dos bens resultantes da súa transformación

**2.-** No procedemento de contratación, o Concello de Cabana de Bergantiños axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

**V.- Publicidade do financiamento provincial.**

**1.-** No contrato e nos anuncios de licitación para a adquisición do material, farase constar o importe do financiamento provincial.

2.- Despois da adquisición e da instalación dos bens, o concello de Cabana de Bergantiños deberá rotular o ben en lugar visible, de xeito que se deixe constancia da data de adquisición e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

**VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.**

A achega aprobada seralle aboada ao concello despois da presentación da seguinte documentación:

- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula oitava.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade
- **Certificación** acreditativa do pago do material
- **Certificación** do acordo de incorporación dos bens ao Inventario de Bens do Concello de Cabana de Bergantiños, facendo constar nos correspondentes

asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención, polo menos durante un prazo de DEZ anos.

**VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.**

**1.-** A adquisición e instalación do ben que é obxecto de financiamento provincial, tal como está descrita na cláusula primeira deberá estar realizada na data límite do 31 de decembro de 2014.

**2.-** Unha vez realizada a adquisición, o Concello de Cabana de Bergantiños deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta ata o 31 de maio de 2015.

**3.-** De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao Concello de Cabana para que a presente no prazo improrrogable de **quince días**.

A falta de xustificación da subvención neste prazo implicará a perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto.

Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Concello de Cabana de Bergantiños da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 56ª 6º das de Execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

**VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.**

**1.-** O Concello de Cabana de Bergantiños deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

**2.-** A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarao esta de oficio.

**IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.**

**1.-** O Concello de Cabana de Bergantiños destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

**2.-** Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

**X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.**

**1.-** Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Concello de Cabana de Bergantiños poderá ser escolleito pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

**2.-** Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Concello de Cabana de Bergantiños queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

**XI.- Reintegro, infraccións e sancións.**

**1.-** O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen dende o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

**2.-** Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostos nas normas citadas.

**3.-** De conformidade co disposto na Base 55ª 6º das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización da actividade implicará unha sanción dun 10 % do importe da subvención co límite de 75 € se o atraso non excede de tres meses; se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 % da subvención outorgada co límite de 150 €.

**4.-** Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na Lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 €; se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada, co límite de 400 €, e, se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 €.

**XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.**

**1.-** No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Concello de Cabana de Bergantiños serán remitidos á Intervención

xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro.

**2.-** Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

**3.-** Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Concello de Cabana de Bergantiños será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

**4.-** Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

**XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.**

**1.-** O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o 31 de maio de 2015, e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderanse realizar dende o 1 de xaneiro de 2014.

**2.-** Logo da solicitude previa do Concello de Cabana de Bergantiños, realizada polo menos dous meses antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

**3.-** Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e despois dos mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

**XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente.**

**1.-** O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

**2.-** Para o seguimento coordenado da execución do presente convenio poderá crearse unha comisión de seguimento integrada por dúas persoas en representación da Deputación Provincial da Coruña, nomeadas polo seu presidente e dúas persoas en representación do concello de Cabana de Bergantiños, nomeadas polo seu alcalde.

**3.-** Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de

dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.”

**10.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DAS PONTES PARA FINANCIAR A ACTUACIÓN “GLORIETA NA INTERSECCIÓN DA AVDA. GALICIA, RÚA HNOS. TOJEIRO E RÚA SERGIO RIVERA CHAO”.**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“Visto o expediente relativo á proposta para a aprobación e formalización do convenio de colaboración entre a DEPUTACION PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DAS PONTES PARA FINANCIAR A ACTUACIÓN “GLORIETA NA INTERSECCIÓN AVDA. GALICIA, RÚA HERMANOS TOJEIRO E RÚA SERGIO RIVERA CHAO, cunha achega provincial de 40.000 euros con cargo á partida 0112/155A/76201 que representa unha porcentaxe total de financiamento do 80% sobre un orzamento subvencionable de 50.000 euros, así como os informes que constan no expediente.

1. Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios encóntranse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 20 de novembro de 2014.

2. APROBAR o texto e a formalización do CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DAS PONTES PARA FINANCIAR A ACTUACION “GLORIETA NA INTERSECCIÓN AVDA. GALICIA, RÚA HERMANOS TOJEIRO E RÚA SERGIO RIVERA CHAO cunha achega provincial de 40.000 €, que representa unha porcentaxe de financiamento do **80,00% e** que se imputará con cargo á aplicación presupostaria 0112/155A/76201. Todo isto condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente no exercicio 2015

CONVENIO

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DAS PONTES PARA A FINANCIAMENTO DA EXECUCION DUNHA GLORIETA NA INTERSECCIÓN ENTRE A AVDA. DE GALICIA, A RÚA IRMANS TOJEIRO E A RÚA SERGIO RIVERA CHAO.**

A Coruña,

**Reunidos**

Dunha parte o Excmo. Sr. Presidente da Deputación Provincial da Coruña, Don Diego Calvo Pouso
E doutra parte D. Valentín González Formoso, alcalde- presidente do Concello das Pontes
Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas

**M A N I F E S T A N**

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello das PONTES ambas as dúas partes

**A C O R D AN**

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

**I.- OBXECTO**

1- O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello das PONTES con CIF P-1507100-D, para o financiamento da obra de **EXECUCION DUNHA GLORIETA NA INTERSECCIÓN ENTRE A AVDA. DE GALICIA, A RÚA IRMANS TOJEIRO E A RÚA SERGIO RIVERA CHAO**, tal como aparece definida esta no proxecto técnico de execución redactado por don Miguel A. Fernández Rivera, enxeñeiro, colexiado Nº 27.796

2- A ENTIDADE BENEFICIARIA, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptiva e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O devandito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3- A obra de **EXECUCION DUNHA GLORIETA NA INTERSECCIÓN ENTRE A AVDA. DE GALICIA, A RÚA IRMANS TOJEIRO E A RÚA SERGIO RIVERA CHAO** está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 123 do Texto refundido da lei de contratos do sector público e normativa de desenvolvemento, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Xa que logo, unha vez rematada e dentro do período de vixencia do convenio, a ENTIDADE BENEFICIARIA, comprométese a destinala a uso público para o que está prevista.

**II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS**

O presuposto total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, detállase do seguinte xeito:

P. E.M:_______________________________________________ 34.724,63 €
GASTOS XERAIS_______________________________________ _ 4.514,02 €
BENEFICIO INDUSTRIAL______________________________ __ 2.083,48 €
IMPOSTO SOBRE O VALOR ENGADIDO____________________8.677,69 €

PRESUPOSTO DE EXECUCIÓN POR CONTRATA_____________50.000,00 €

**III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE**

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de **40.000 €,** o que representa unha porcentaxe do **80 %.** A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento de contrata, está financiado con cargo a recursos (propios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade

2. No caso de que a gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o **80 %.** da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, non serán subvencionables os gastos de redacción de proxectos, tributos devengados pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc). Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0112/155A/76201**, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito de abondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

Para a anualidade corrente existe crédito de abondo polo importe indicado, tal como consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención provincial. Con respecto ás anualidades futuras, advírteselle á ENTIDADE BENEFICIARIA que o compromiso de gasto queda condicionado á efectiva aprobación do Orzamento para o dito ano e a que existe nel dotación orzamentaria axeitada e suficiente para afrontar o gasto.

5. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

**IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN**

1. Na condición de promotor, corresponderalle á ENTIDADE BENEFICIARIA o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.

2. No procedemento de contratación, a ENTIDADE BENEFICIARIA axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3.- Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación e non poderán recoller o concepto de “melloras”.

4.- No caso de que a ENTIDADE BENEFICIARIA tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitir á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con estes os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo

**V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL**

1.Durante a execución das obras e ata o seu remate e recepción, A ENTIDADE BENEFICIARIA estará obrigada a colocar un cartel que sexa visible, polo menos, a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.

2. Rematada a obra, deberase colocar unha placa en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

**VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL**

1. Coa posibilidade prevista na Base 56ª das de execución do Orzamento para o ano 2014, ata o 40 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol da ENTIDADE BENEFICIARIA pola contía resultante de aplicar a dita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación:

-Certificación do acordo de adxudicación do contrato de obras, na que figuren pólo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución

-Acta de comprobación de replanteo da obra, asinada polo seu director, polo contratista e polo funcionario técnico designado pola Deputación

-Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA

-Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

-Acreditación da colocación do cartel informativo ao que se refire a cláusula QUINTA, mediante a remisión de fotografía debidamente dilixenciada polo director da obra

2. Rematada completamente a obra, procederase ao aboamento do 60 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia compulsada):

-Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada, que debe ser dilixenciada polo técnico-director. Ao acto de recepción da obra deberá acudir un técnico designado pola Deputación, quen asinará tamén a correspondente acta

-Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obriga, expedida polo órgano competente.

-Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.

-Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

-Acreditación do cumprimento das obrigas de publicidade previstas na cláusula QUINTA (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).

-Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario de bens da ENTIDADE BENEFICIARIA, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de cinco anos.

Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola ENTIDADE BENEFICIARIA na documentación subministrada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a ENTIDADE BENEFICIARIA terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

4.Deberá acreditar terlle aboado aos terceiros o importe xustificado do 40% no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pago

**VII.- TERMO PARA O REMATE DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN**

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula PRIMEIRA, deberán estar rematadas antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA

2. Unha vez rematadas as obras, a ENTIDADE BENEFICIARIA deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento

á ENTIDADE BENEFICIARIA para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvencións e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á ENTIDADE BENEFICIARIA da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

**VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN**

1. A ENTIDADE BENEFICIARIA deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao esta de oficio.

**IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS**

1. A ENTIDADE BENEFICIARIA destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

**X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO**

1. Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA poderá ser escolleita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas s demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Do mesmo xeito, de acordo co previsto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

## XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previsto nas normas citadas e na Base 55ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na Base 55.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das obras implicará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 □ se o retraso non excede de tres meses. Se o retraso na realización das obras actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 □.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 □. Se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 □. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

5. Se o atraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que realizaron o obxecto do convenio, liquidarase o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

## XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da ENTIDADE BENEFICIARIA serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto.

2. Do mesmo xeito, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á ENTIDADE BENEFICIARIA será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

**XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN**

1.O presente convenio de colaboración producirá efectos dende a súa sinatura sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día 11 de novembro do 2015, todo iso condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio presupostario correspondente.

2. Para o caso de que a ENTIDADE BENEFIACIARIA non poida ter rematadas as obras e presentada a xustificación **antes do día 1 de agosto do 2015** deberá solicitar antes desta data, a **prórroga** do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado polo director de obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a ENTIDADE BENEFICIARIA perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada na dita data

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación.** En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

**XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE**

1, O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o da ENTIDADE BENEFICIARIA, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias previstas na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

4. Faise constar que o presente convenio foi aprobado polo Pleno da Corporación provincial en sesión celebrada o _______________

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

| O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA | O ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE AS PONTES |
|---|---|
| DIEGO CALVO POUSO | VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO” |

**11.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E A ASOCIACIÓN DE FESTEJOS POPULARES SAN MIGUEL DE SARANDÓN PARA FINANCIAR A “XXXIV EXALTACIÓN DO VIÑO DA ULLA 2014”.**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1º.- Excepcionar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios están recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo queda corrixida a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 29 de agosto de 2014.

2º.- Aprécianse no presente expediente razóns de interese público que dificultan a convocatoria de concorrencia competitiva.

3.º- Dado que o presente convenio mantén a súa vixencia con posterioridade ao exercicio actual, queda condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente no próximo exercicio.

4º.- Aprobar o texto do convenio de colaboración que se ha subscribir entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e ASOCIACIÓN DE FESTEJOS POPULARES SAN MIGUEL DE SARANDÓN CIF G15375199 para financiar a “XXX Exaltación do Viño da Ulla 2014”.

5º.- A subvención provincial disposta no convenio ascende a un total de 15.564,24 euros, cunha porcentaxe de financiamento do 80 %

6º.- A subvención poderá facerse efectiva, de acordo coas previsións e requisitos fixados no convenio con cargo á partida orzamentaria 0510/432A/481do vixente presuposto no documento contable RC núm. de operación 220140041577 do 27/11/2014 núm. de referencia 22014008434 .

7º.- Facultar ao sr. Presidente da Corporación para a sinatura do convenio.”

O texto íntegro do convenio é o seguinte:

Convenio de colaboración entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e a ASOCIACIÓN DE FESTEJOS POPULARES

A Coruña,

REUNIDOS

Dunha parte o Excmo. Señor D. Diego Calvo Pouso, como presidente da Excma. Deputación Provincial da Coruña,

Doutra parte D. Francisco Collantes Carollo, con DNI núm. 33294412A, en representación da ASOCIACIÓN DE FESTEJOS POPULARES

1. Que a Excma. Deputación provincial da Coruña e a ASOCIACIÓN DE FESTEJOS POPULARES consideran de grande interese para a provincia promocionar os viños da Subzona Ribeira da Ulla, poñer en valor a cultura do viño e fomentar o desenvolvemento turístico do dito territorio que é a única zona de viños amparada por unha Denominación de Orixe en todo o territorio da provincia da Coruña.
2. Que dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e da ASOCIACIÓN DE FESTEJOS POPULARES, as dúas partes acordan subscribir un convenio conforme ás seguintes

**CLÁUSULAS**

**I.- OBXECTO**

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e a **ASOCIACIÓN DE FESTEJOS POPULARES**, CIF G15375199, para o financiamento do proxecto "*XXXIV Exaltación do Viño da Ulla 2014*".

**II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE SE HA REALIZAR**

A ASOCIACIÓN DE FESTEJOS POPULARES levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte co seguinte orzamento:

| CONCEPTO | IMPORTE |
|---|---|
| Xornadas Técnicas sobre a cultura do viño | 1.900,00 € |
| Mostra dos Viños da D.O. Rías Baixas<br>Subzona Ribeira do Ulla | 3.800,00 € |
| Campaña de Difusión | 7.755,00 € |
| Gastos xerais de organización e actuacións | 6.000,30 € |
| **TOTAL** | **19.455,30 €** |

## III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 15.564,24 €, o que representa unha porcentaxe de 80,00%. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80,00% da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (propios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.
2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.
3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0510/432A/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito de abondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.
4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a ASOCIACIÓN DE FESTEJOS POPULARES obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.
5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

## IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarias para a execución da actividade corresponderalle á ASOCIACIÓN DE FESTEJOS POPULARES. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á ASOCIACIÓN DE FESTEJOS POPULARES, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
2. Se o importe dalgunha das prestacións supera os 18.000,00 euros, con carácter previo á contratación, a ASOCIACIÓN DE FESTEJOS POPULARES deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.
3. No caso de que a ASOCIACIÓN DE FESTEJOS POPULARES tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirlle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

## V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da ASOCIACIÓN DE FESTEJOS POPULARES.

**VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL**

A achega da Deputación seralle aboada á ASOCIACIÓN DE FESTEJOS POPULARES, unha vez que se presente a seguinte documentación:

- Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da ASOCIACIÓN DE FESTEJOS POPULARES, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA. Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.
- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.
- Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

A ASOCIACIÓN DE FESTEJOS POPULARES deberá acreditar previamente que está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de conformidade coa cláusula OITAVA.

**VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN**

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula PRIMEIRA deberán estar rematadas ao menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.
2. Unha vez rematadas as actividades, a ASOCIACIÓN DE FESTEJOS POPULARES deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera

caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.
3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se recibise xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á ASOCIACIÓN DE FESTEJOS POPULARES para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á ASOCIACIÓN DE FESTEJOS POPULARES da sanción que, de conformidade co disposto na lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, poida corresponderlle.
4. O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola ASOCIACIÓN DE FESTEJOS POPULARES na documentación achegada. E se transcorresen máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a ASOCIACIÓN DE FESTEJOS POPULARES terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

**VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN**

1. A ASOCIACIÓN DE FESTEJOS POPULARES deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.
2. A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.
3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

**IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS**

1. A ASOCIACIÓN DE FESTEJOS POPULARES destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.
3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a ASOCIACIÓN DE FESTEJOS POPULARES deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre

outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

**X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.**

1. Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a ASOCIACIÓN DE FESTEJOS POPULARES poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.
2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a ASOCIACIÓN DE FESTEJOS POPULARES queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

**XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.**

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.
2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostos nas normas citadas e na Base 55ª das de Execución do Orzamento da Deputación.
3. De conformidade co disposto na Base 55.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades dará lugar a unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.
4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

**XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.**

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da ASOCIACIÓN DE FESTEJOS POPULARES serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.
2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.
3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á ASOCIACIÓN DE FESTEJOS POPULARES será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es
4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e contratación da Deputación.

**XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN**

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados dende o día 1 de xaneiro ata o 15 de maio do ano 2014, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día **31 de marzo do ano 2015**, sempre e cando exista crédito para tal fin.
2. Para o caso de que a ASOCIACIÓN DE FESTEJOS POPULARES non poida ter rematadas as ACTIVIDADES e presentada a xustificación **antes do día 1 de febreiro de 2015**, deberá solicitar antes desta data, a **prórroga** do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a ASOCIACIÓN DE FESTEJOS POPULARES perderá o dereito ao cobro do importe corresponde á contía non xustificada na dita data.
3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e disposta nominativamente por acordo plenario.

**XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE**

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de

xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.
2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o da ASOCIACIÓN DE FESTEJOS POPULARES, respectivamente.
3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por do día___de ___de___
E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

| | |
|---|---|
| O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN | O representante da ASOCIACIÓN DE FESTEJOS POPULARES |
| DON DIEGO CALVO POUSO” | |

**12.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E O CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA FINANCIAR A PRESENTACIÓN DE SANTIAGO DE COMPOSTELA COMO “DESTINO GASTRONÓMICO EN MADRID”.**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1º.- Excepcionar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios están recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo queda corrixida a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe de 29 do agosto de 2014.

2º.- Aprécianse no presente expediente razóns de interese público que dificultan a convocatoria de concorrencia competitiva.

3.º- Dado que o presente convenio mantén a súa vixencia con posterioridade ao exercicio actual, queda condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente no próximo exercicio.

4º.- Aprobar o texto do convenio de colaboración que se ha subscribir entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña o CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA CIF P1507900G para financiar a presentación de Santiago de Compostela como “Destino Gastronómico en Madrid”

5º.- A subvención provincial disposta no convenio ascende a un total de 10.000,00 euros, cunha porcentaxe de financiamento do 80 %

6º.- A subvención poderá facerse efectiva, de acordo coas previsións e requisitos fixados no convenio con cargo á partida orzamentaria 0510/432A/481 do vixente presuposto no documento contable RC núm. de operación 220140040112 do 19/11/2014 núm. de referencia 22014008029 .

7º.- Facultar ao sr. Presidente da Corporación para a sinatura do convenio."

O texto íntegro do convenio é o seguinte:

Convenio de colaboración entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

A Coruña

**REUNIDOS**

Dunha parte o Excmo. Señor D. Diego Calvo Pouso, como presidente da Excma. Deputación Provincial da Coruña,

E doutra parte, , en representación do CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas.

**MANIFESTAN**

Dado o interese coincidente da Deputación e do CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, ambas as dúas partes

**ACORDAN**

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

**I.- OBXECTO**

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o **CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA**, **CIF P1507900G**, que actuará na súa xestión a través da empresa municipal Información e Comunicación Local, S.A. (INCOLSA) para o financiamento da "Presentación de Santiago de Compostela como destino gastronómico en Madrid"

**II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE SE HA REALIZAR**

O CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte co seguinte orzamento:

| CONCEPTO | PRESUPUESTO |
|---|---|
| Gastos de persoal | 1.625,00 € |
| Gastos de viaxe e desprazamentos | 875,00 € |
| PRESENTACIÓN: | |
| Aluguer de espazo | 2.360,00 € |
| Convocatoria de medios | 3.000,00 € |
| Soportes gráficos | 1.200,00 € |
| Montaxe, produción e aluguer audiovisuais | 2.150,00 € |
| Materia prima e envío | 1.290,00 € |
| TOTAL | 12.500,00 € |

## III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 10.000,00 €, o que representa unha porcentaxe de 80,00%. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80,00% da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (propios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.
2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.
3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0510/432A/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito de abondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.
4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.
5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

## IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1.Corresponderalle ao CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA o outorgamento dos contratos de subministracións, servizos e asistencia para a completa realización da actividade programada.
2. No procedemento de contratación o CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.
3. No caso de que o CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato

adxudicado, deberá remitirlle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

**V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL**

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.
2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.

**VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL**

1. Coa posibilidade establecida no disposto na Base 57ª das de execución do Orzamento para o ano 2014, ata o 50 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol do CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, pola contía resultante de aplicar a dita porcentaxe sobre o importe do presuposto subvencionable unha vez que presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

> 1.- Certificación do acordo ou acordos de contratación de persoal e de adxudicación definitiva dos contratos de subministracións ou servizos necesarios para levar a cabo a actividade, na que se fagan constar polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución.
> 2.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
> 3.- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
> 4.- O CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA estará obrigado a cumprir a cláusula de publicidade e a acreditala mediante a presentación dos documentos que o acrediten.

2. Rematada completamente a realización da actividade, procederase ao aboamento do 50 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia compulsada):

> 1.-Memoria de actuación, subscrita polo representante legal do CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
> 2.-Certificación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pagamento. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA.
> 3.-Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.
> 4.-Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable.

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada polo CONCELLO DE SANTIAGO DE

COMPOSTELA na documentación achegada. E se transcorresen máis de catro meses desde a adecuada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, o CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

**VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN**

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula PRIMEIRA, deberán estar rematadas ao menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.
2. Unha vez rematadas as actividades, o CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.
3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que recibise xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, poida corresponderlle.
4. O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada polo CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA na documentación achegada. E se transcorresen máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

**VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN**

1. O CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.
2. A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a

presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

**IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS**

1. O CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

**X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO**

1. Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.
2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

**XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS**

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.
2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostos nas normas citadas e na Base 55ª das de Execución do Orzamento da Deputación.
3. De conformidade co disposto na Base 55.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades dará lugar a unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres

meses. Se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.
4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

**XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.**

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro.
2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.
3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es
4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e contratación da Deputación.

**XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN**

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados dende o día 1 de agosto ata o 31 de outubro do ano 2014, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día **31 de marzo do ano 2015, sempre e cando exista crédito para tal fin**.
2. Para o caso de que o CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA non poida ter rematadas as ACTIVIDADES e presentada a xustificación **antes do día 1 de febreiro de 2015**, deberá solicitar antes desta data, a **prórroga** do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 50 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que o CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA perderá o dereito ao cobro do importe corresponde á contía non xustificada na dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e disposta nominativamente por acordo plenario.

**XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE**

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.
2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o do CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, respectivamente.
3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.
Faise constar que o presente convenio foi aprobado por do día___de ___de___

E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN — O alcalde do CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

DON DIEGO CALVO POUSO"

**13.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E A FUNDACIÓN DO INSTITUTO FERIAL DA CORUÑA (IFECO), PARA O FINANCIAMENTO DO PROXECTO "TENDA. NOVO COMERCIO URBANO".**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1º.- Excepcionar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios están recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo queda corrixida a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 29 de agosto de 2014.

2º.- Aprécianse no presente expediente razóns de interese público que dificultan a convocatoria de concorrencia competitiva.

3.º- Dado que o presente convenio mantén a súa vixencia con posterioridade ao exercicio actual, queda condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente no próximo exercicio.

4º.- Aprobar o texto do convenio de colaboración que se ha subscribir entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e a FUNDACIÓN DO INSTITUTO FEIRAL DA CORUÑA (IFECO) CIF G15678527 para o financiamento do proxecto “Tenda. Novo Comercio Urbano”.

5º.- A subvención provincial disposta no convenio ascende a un total de 50.000,00 euros, cunha porcentaxe de financiamento do 20,331 %

6º.- A subvención poderá facerse efectiva, de acordo coas previsións e requisitos fixados no convenio con cargo á partida orzamentaria 0510/431A/481do vixente presuposto no documento contable RC núm. de operación 220140042492 do 04/12/2014 núm. de referencia 22014008524 .

7º.- Facultar ao sr. Presidente da Corporación para a sinatura do convenio.”

O texto íntegro do convenio é o seguinte:

Convenio de colaboración entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e a FUNDACIÓN DO INSTITUTO FEIRAL DA CORUÑA (IFECO)

A Coruña

REUNIDOS

Dunha parte o Excmo. Señor D. Diego Calvo Pouso, como presidente da Excma. Deputación Provincial da Coruña,

Doutra parte D. Santiago García-Poveda Fernández, con DNI núm. 32413197X, en representación da FUNDACIÓN DO INSTITUTO FEIRAL DA CORUÑA (IFECO)

1. Que a Excma. Deputación provincial da Coruña e a FUNDACIÓN DO INSTITUTO FEIRAL DA CORUÑA (IFECO) consideran de grande interese para a provincia promocionar e fomentar a actividade económica a través da celebración de feiras dedicadas á innovación e promoción do comercio tradicional e urbano da Coruña, onde se presentan tendencias e novas tecnoloxías dedicadas ao sector como unha forma de aumentar a súa competitividade.
2. Que dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e da FUNDACIÓN DO INSTITUTO FEIRAL DA CORUÑA (IFECO), as dúas partes acordan subscribir un convenio conforme ás seguintes

**CLÁUSULAS**

**I.- OBXECTO**
O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e a **FUNDACIÓN DO INSTITUTO FEIRAL DA CORUÑA**

**(IFECO)**, CIF G15678527, para o financiamento do proxecto "*Tenda. Novo comercio urbano*".

## II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE SE HA REALIZAR

A FUNDACIÓN DO INSTITUTO FEIRAL DA CORUÑA (IFECO) levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte co seguinte orzamento:

| **PRESUPOSTO** | |
|---|---|
| **Descrición** | **Importe** |
| 1) Identificación visual: Naming, deseño gráfico en todos os soportes, páxina Web de TENDA, desenvolvemento creativo do proxecto e coordinación xeral, comunicación | 13.000,00 € |
| 2) Arquitectura: proxecto, distribución, previsualización, solucións construtivas, planificación e dirección de obra de montaxe | 9.000,00 € |
| 3) Programación: proposta de showrooms, comercialización, coordinación de programación e actividades, desenvolvemento de contidos | 9.000,00 € |
| 4) Comercialización market | 6.000,00 € |
| 5) Apoio a deseño e comercialización showrooms e market | 6.000,00 € |
| 6) Apoio administrativo e coordinación, así como redes sociais | 7.532,50 € |
| 7) Estruturas de Market e Showroom (estadas e tubulares) | 13.292,00 € |
| 8) Montaxe e desmontaxe de enteado en volumes superiores nas estruturas de Market, Showroom, Zona Kids e Filtros | 14.708,00 € |
| 9) Iluminación e tomas de corrente en Market, Showroom e Zona Kids. Moqueta en Show Room e Zona Kids. Reparación pintado de paneis | 22.631,98 € |
| 10) Rotulación en Market e Showroom | 3.394,00 € |
| 11) Iluminación volumes enteados e pasarela estática. Iluminación e audiovisuais en escenario | 8.806,21 € |
| 12) Montaxe e desmontaxe de Escenario e Pasarela Estática. Desmontaxe de Montaxe de estanterías | 3.085,39 € |
| 13) Vexetación, así como transporte e retirada | 5.931,02 € |
| 14) Montaxe e desmontaxe de fregadeiro e toma de auga. Contedor de residuos | 990,00 € |
| 15) Reportaxe gráfico en formato vídeo e fotográfico, así como compra de imaxes para cartelería | 3.052,51 € |
| 16) Artistas (Bimba Bosé e Nieves Álvarez), DJ, SGAE | 15.000,00 € |
| 17) Publireportaxes e relatorio da revista MUJER HOY | 18.000,00 € |
| 18) Publicidade e merchandising | 30.089,88 € |
| 19) Modelos, azafat@s, vendedores de billetes, viaxes, hoteis, comidas | 6.031,04 € |
| 20) Imprenta, auxiliares, peóns, vixilantes, limpeza, mensaxería, enerxía eléctrica e medios de elevación | 18.369,80 € |
| 21) Artista para actividade Raúl Peluqueros, material para actividade MAOW, aloxamento páxina web de Tenda, malla galiñeiro para | 948,52 € |

| | |
|---|---|
| stands e macetas árbores | |
| 22) Varios: custe de persoal propio de TENDA | 31.057,30 € |
| **TOTAL** | **245.920,15 €** |

## III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 50.000,00 €, o que representa unha porcentaxe de 20,331%. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 20,331% da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (propios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.
2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.
3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0510/431A/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito de abondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.
4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a FUNDACIÓN DO INSTITUTO FEIRAL DA CORUÑA (IFECO) obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.
5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

## IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á FUNDACIÓN DO INSTITUTO FEIRAL DA CORUÑA (IFECO). Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas o entidades vinculadas á FUNDACIÓN DO INSTITUTO FEIRAL DA CORUÑA (IFECO), nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións
2. Se o importe dalgunha das prestacións supera 18.000,00 euros, con carácter previo á contratación, a FUNDACIÓN DO INSTITUTO FEIRAL DA CORUÑA (IFECO) deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.
3. No caso de que a FUNDACIÓN DO INSTITUTO FEIRAL DA CORUÑA (IFECO) tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como

do contrato adxudicado, deberá remitirlle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

**V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL**

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.
2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da FUNDACIÓN DO INSTITUTO FEIRAL DA CORUÑA (IFECO).

**VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL**

A achega da Deputación seralle aboada á FUNDACIÓN DO INSTITUTO FEIRAL DA CORUÑA (IFECO), unha vez que se presente a seguinte documentación:

- Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da FUNDACIÓN DO INSTITUTO FEIRAL DA CORUÑA (IFECO), xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA. Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.
- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.
- Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

A FUNDACIÓN DO INSTITUTO FEIRAL DA CORUÑA (IFECO) deberá acreditar previamente que está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de conformidade coa cláusula OITAVA.

**VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN**

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula PRIMEIRA deberán estar rematadas ao menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.
2. Unha vez rematadas as actividades, a FUNDACIÓN DO INSTITUTO FEIRAL DA CORUÑA (IFECO) deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.
3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se recibise xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á FUNDACIÓN DO INSTITUTO FEIRAL DA CORUÑA (IFECO) para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á FUNDACIÓN DO INSTITUTO FEIRAL DA CORUÑA (IFECO) da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, poida corresponderlle.
4. O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola FUNDACIÓN DO INSTITUTO FEIRAL DA CORUÑA (IFECO) na documentación achegada. E se transcorresen máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a FUNDACIÓN DO INSTITUTO FEIRAL DA CORUÑA (IFECO) terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

**VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN**

1. A FUNDACIÓN DO INSTITUTO FEIRAL DA CORUÑA (IFECO) deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.
2. A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.
3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

**IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS**

1. A FUNDACIÓN DO INSTITUTO FEIRAL DA CORUÑA (IFECO) destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.
3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a FUNDACIÓN DO INSTITUTO FEIRAL DA CORUÑA (IFECO) deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

**X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.**

1. Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a FUNDACIÓN DO INSTITUTO FEIRAL DA CORUÑA (IFECO) poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.
2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a FUNDACIÓN DO INSTITUTO FEIRAL DA CORUÑA (IFECO) queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

**XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.**

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.
2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostos nas normas citadas e na Base 55ª das de Execución do Orzamento da Deputación.
3. De conformidade co disposto na Base 55.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades dará lugar a unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.
4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres,

a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

**XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.**

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da FUNDACIÓN DO INSTITUTO FEIRAL DA CORUÑA (IFECO) serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro.
2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.
3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á FUNDACIÓN DO INSTITUTO FEIRAL DA CORUÑA (IFECO) será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es
4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e contratación da Deputación.

**XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN**

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados durante os meses de xullo, agosto, setembro e outubro de 2014, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día **31 de marzo do ano 2015**, sempre e cando exista crédito para tal fin.
2. Para o caso de que a FUNDACIÓN DO INSTITUTO FEIRAL DA CORUÑA (IFECO) non poida ter rematadas as ACTIVIDADES e presentada a xustificación **antes do día 1 de febreiro de 2015**, deberá solicitar antes desta data, a **prórroga** do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a FUNDACIÓN DO INSTITUTO FEIRAL DA CORUÑA (IFECO) perderá o dereito ao cobro do importe corresponde á contía non xustificada na dita data.
3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e disposta nominativamente por acordo plenario.

**XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE**

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.
2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o da FUNDACIÓN DO INSTITUTO FEIRAL DA CORUÑA (IFECO), respectivamente.
3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por do día___de ___de___
E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN

DON DIEGO CALVO POUSO"

O representante da FUNDACIÓN DO INSTITUTO FEIRAL DA CORUÑA (IFECO)

**14.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E A FUNDACIÓN ROSALÍA DE CASTRO PARA FINANCIAR A "MODERNIZACIÓN DA MUSEOGRAFÍA DA PLANTA BAIXA DA CASA-MUSEO DE ROSALÍA DE CASTRO".**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1º.- Excepcionar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios están recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo queda corrixida a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 29 de agosto de 2014.

2º.- Aprécianse no presente expediente razóns de interese público que dificultan a convocatoria de concorrencia competitiva.

3.º- Dado que o presente convenio mantén a súa vixencia con posterioridade ao exercicio actual, queda condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente no próximo exercicio.

4º.- Aprobar o texto do convenio de colaboración que se ha subscribir entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e a FUNDACIÓN ROSALIA DE CATRO CIF G15040850 para financiar a "Modernización de Museografía da planta baixa da Casa-Museo de Rosalía de Castro" .

5º.- A subvención provincial disposta no convenio ascende a un total de 32.668,07 euros, cunha porcentaxe de financiamento do 80 %

6º.- A subvención poderá facerse efectiva, de acordo coas previsións e requisitos fixados no convenio con cargo á partida orzamentaria 0510/333A/781 do vixente presuposto no documento contable RC núm. de operación 220140042377 do 03/12/2014 núm. de referencia 22014008512 .

7º.- Facultar ao sr. Presidente da Corporación para a sinatura do convenio."

O texto íntegro do convenio é o seguinte:

Convenio de colaboración entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e a FUNDACIÓN ROSALÍA DE CASTRO

A Coruña

REUNIDOS

Dunha parte o Excmo. Señor D. Diego Calvo Pouso, como Presidente da Excma. Deputación Provincial da Coruña,

Doutra parte D. Anxo Angueira Viturro, con DNI núm. 76515135T, en representación da FUNDACIÓN ROSALÍA DE CASTRO

1. Que a Excma. Deputación provincial da Coruña e a FUNDACIÓN ROSALÍA DE CASTRO consideran de grande interese para a provincia a incorporación de novas tecnoloxías audiovisuais para favorecer a información e a comprensión da Casa de Rosalía na Matanza, xa que é un epicentro cultural de Galicia e da provincia da Coruña, dado que a figura da autora é todo un emblema para os galegos e galegas.
2. Que dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e da FUNDACIÓN ROSALÍA DE CASTRO, as dúas partes acordan subscribir un convenio conforme ás seguintes

**CLÁUSULAS**

**I.- OBXECTO**

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e a **FUNDACIÓN ROSALÍA DE CASTRO**, **CIF G15040850**, para o financiamento da adquisición da subministración relativa á "*Modernización da museografía da planta baixa da Casa-Museo de Rosalía de Castro*"

**II.- ORZAMENTO DA SUBMINISTRACIÓN DO EQUIPAMENTO OU BEN**
Segundo o presuposto que achega a **FUNDACIÓN ROSALÍA DE CASTRO**, o orzamento máximo para a adquisición do equipamento ou ben ascende a **40.835,08 euros**, co seguinte detalle:

| CONCEPTO | PREZO |
|---|---|
| *Adquisición e instalación dun proxector de vídeo de alta resolución para visionado cenital. Equipo de son incorporado* | 1.450,00 € |
| *Adquisición e instalación de equipos audiovisuais e edición dos contidos* | 7.300,00 € |
| *Montaxe: realización e instalación da moblaxe expositiva rotulación e vitrinas* | 17.000,00 € |
| *Reprodución de documentos e imaxes, enmarcado e montaxe* | 7.998,00 € |
| Subtotal | 33.748,00 € |
| IVE 21% | 7.087,08 € |
| **TOTAL** | **40.835,08 €** |

**III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE**

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento de adquisición, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 32.668,07 €, o que representa unha porcentaxe de 80,00 %. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (propios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.
2. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80,00 %, da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.
3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados da adquisición do ben ou equipamento e, xa que logo, non serán subvencionables os gastos de transporte, nin os posibles honorarios derivados de informes periciais de valoración ou de carácter notarial ou rexistral.
4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0510/333A/781, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito de abondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.
5. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.
6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

## IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. Na súa condición de adquirente, corresponderalle á **FUNDACIÓN ROSALÍA DE CASTRO** o outorgamento do correspondente contrato de compravenda. Non se poderá contratar a dita adquisición con persoas ou entidades vinculadas á **FUNDACIÓN ROSALÍA DE CASTRO,** realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á FUNDACIÓN ROSALÍA DE CASTRO, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións
2. Se o importe da adquisición **supera os 18.000,00 euros**, con carácter previo á contratación, a FUNDACIÓN ROSALÍA DE CASTRO deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

## V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Nos acordos que se tomen para a adquisición do ben ou equipamento farase constar o importe do financiamento provincial.
2. Adquirido o ben ou equipamento, a **FUNDACIÓN ROSALÍA DE CASTRO** deberá colocar un cartel no taboleiro de anuncios do local social ou en calquera outro lugar visible no que figure o anagrama provincial e no que se deixe constancia da data de adquisición e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

## VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega da Deputación seralle aboada á FUNDACIÓN ROSALÍA DE CASTRO, unha vez que se presenten na Deputación os seguintes documentos:

- Certificación do acordo polo que se aproba a adquisición do ben ou equipamento, expedida polo órgano competente.
- Copia do contrato formalizado, do albará de entrega e da factura. Sobre o orixinal deste documento deberase estender unha dilixencia na que se faga constar que esta foi presentada como xustificante de gasto para obter unha subvención provincial.
- Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario de bens da **FUNDACIÓN ROSALÍA DE CASTRO** e acreditación, no seu caso, da inscrición a prol da entidade no rexistro público correspondente, deixando constancia no asento de inscrición da afectación do ben á finalidade para a que foi concedida polo menos por un prazo de cinco anos.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Designación da conta bancaria no modelo aprobado pola Deputación provincial e debidamente certificado pola entidade financeira.

- A **FUNDACIÓN ROSALÍA DE CASTRO** estará obrigada a colocar un cartel que sexa visible no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o disposto na cláusula V.2 de publicidade.

**VII. TERMO PARA A ADQUISICIÓN E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.**

1. A adquisición do ben ou equipamento que é obxecto de financiamento provincial, tal como se describe na cláusula primeira, deberá estar realizada polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.
2. Unha vez realizada a adquisición, a FUNDACIÓN ROSALÍA DE CASTRO deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula NOVENA.
3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se recibise xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á FUNDACIÓN ROSALÍA DE CASTRO para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á FUNDACIÓN ROSALÍA DE CASTRO da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, poida corresponderlle.
4. O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola FUNDACIÓN ROSALÍA DE CASTRO na documentación achegada. E se transcorresen máis de catro meses desde a adecuada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a FUNDACIÓN ROSALÍA DE CASTRO terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

**VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN**

1. A FUNDACIÓN ROSALÍA DE CASTRO deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.
2. A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.
3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

**IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS**

1. A FUNDACIÓN ROSALÍA DE CASTRO destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

**X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO**

1. Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a FUNDACIÓN ROSALÍA DE CASTRO poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.
2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a FUNDACIÓN ROSALÍA DE CASTRO queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

**XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS**

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.
2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostos nas normas citadas e na Base 55ª das de Execución do Orzamento da Deputación.
3. De conformidade co disposto na Base 55.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades dará lugar a unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.
4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da

subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

**XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA**

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da FUNDACIÓN ROSALÍA DE CASTRO serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto.
2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.
3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á FUNDACIÓN ROSALÍA DE CASTRO será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es
4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

**XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN**

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados dende o día 1 de decembro de 2014, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data, e conservará a súa vixencia ata o día **31 de marzo do ano 2015**, sempre e cando exista crédito para tal fin.
2. Para o caso de que a FUNDACIÓN ROSALÍA DE CASTRO non poida ter adquirido o ben e presentada a xustificación **antes do día 1 de febreiro de 2015**, deberá solicitar antes desta data, a **prórroga** do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a FUNDACIÓN ROSALÍA DE CASTRO perderá o dereito ao cobro do importe corresponde á contía non xustificada na dita data.
3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o **convenio poderá ser obxecto de modificación**. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e disposta nominativamente por acordo plenario.

**XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE**

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na

Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.
2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o da FUNDACIÓN ROSALÍA DE CASTRO, respectivamente.
3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por do día___de ___de___

E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

| | |
|---|---|
| O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN | O representante da FUNDACIÓN ROSALÍA DE CASTRO |

DON DIEGO CALVO POUSO”

**15.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E A ASOCIACIÓN “SEMILLA PARA EL CAMBIO”, PARA O COFINANCIAMENTO DO PROXECTO “APOIO SANITARIO NO BARRIO DE SIGRA-VARANASI (INDIA)”.**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1º.- Excepcionar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios están recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo queda corrixida a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 29 de agosto de 2014.

2º.- Aprécianse no presente expediente razóns de interese público que dificultan a convocatoria de concorrencia competitiva.

3.º- Dado que o presente convenio mantén a súa vixencia con posterioridade ao exercicio actual, queda condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente no próximo exercicio.

4º.- Aprobar o texto do convenio de colaboración que se ha subscribir entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e a asociación SEMILLA PARA EL CAMBIO CIF G70221320 para o cofinanciamento do proxecto “Apoio Sanitario no Barrio de Sigras-Varanasi (India)”

5º.- A subvención provincial disposta no convenio ascende a un total de 5.540 euros, cunha porcentaxe de financiamento do 79,827 %

6º.- A subvención poderá facerse efectiva, de acordo coas previsións e requisitos fixados no convenio con cargo á partida orzamentaria 0520/232B/481 do vixente presuposto no documento contable RC núm. de operación 220140041932 do 01/12/2014 núm. de referencia 22014008482 .

7º.- Facultar ao sr. Presidente da Corporación para a sinatura do convenio.”

O texto íntegro do convenio é o seguinte:

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A ASOCIACIÓN “SEMILLA PARA EL CAMBIO”, PARA O FINANCIAMENTO DO PROXECTO “APOIO SANITARIO NO BARRIO DE SIGRA-VARANASI (INDIA)**

A Coruña, ....... de ......................... de dous mil catorce

**REUNIDOS**

Dunha parte D. Diego Calvo Pouso, que intervén neste acto en nome e representación da Excma. Deputación Provincial da Coruña, actuando na súa calidade de presidente e conforme ás competencias que ten atribuídas.

Doutra, D. Dionisio Bodelón Montecelos con DNI ………………………., que intervén neste acto en nome e representación da asociación "*Semilla para el cambio*”, CIF G70221320, con enderezo na Rúa Juan Flórez, 119 – 3º, A Coruña, segundo se acredita na documentación presentada.

Ambos os dous comparecentes recoñécense mutuamente capacidade, lexitimación e representación suficientes para formalizar o presente convenio de colaboración, e

**EXPOÑEN**

A asociación "*Semilla para el cambio* (a beneficiaria, en adiante), CIF G70221320, é unha asociación sen ánimo de lucro, inscrita no Rexistro Nacional de Asociacións do Ministerio do Interior, así como no Rexistro de organizacións non gobernamentais para o desenvolvemento dependente da Axencia Española de Cooperación ao Desenvolvemento (AECID).
O proxecto que promove a beneficiaria pode cualificarse como de “axuda humanitaria” que favorece a un dos sectores da poboación máis vulnerable, nun país con nivel de

desenvolvemento humano –medio-baixo (IDH/2013: 136, sobre 186), que tanto o Plan Director da Cooperación Galega 2014 – 2017, como no Plan Director da Cooperación Española 2013-2016, configuran como prioridade estratéxica, á marxe das prioridades políticas e xeográficas que se establezan.

Polo que respecta á competencia da Deputación da Coruña, o art. 20 da Lei 23/1998, do 7 de xullo, de cooperación internacional ao desenvolvemento, establece que a cooperación para o desenvolvemento que se realice desde as entidades locais, expresión solidaria das súas respectivas sociedades, se inspira nos principios, obxectivos e prioridades establecidas a través do Plan Director da Cooperación Española 2013-2016.

O art. 23.1.a) da Lei galega 3/2003, do 19 de xuño, de cooperación ao desenvolvemento, cita ás entidades locais entre os axentes da cooperación galega, e segundo o seu art. 5, os principios e criterios da cooperación galega vinculan a todas as políticas e actuacións dos entes locais galegos, establecidos a través do Plan Director da Cooperación Galega 2014-2017.

Pola citada razón, na sesión ordinaria do Pleno Corporativo de …………, a Deputación aprobou a concesión dunha subvención nominativa a favor da asociación "*Semilla para el cambio*", por importe de 5.540,00 euros, para o financiamento do proxecto “Apoio sanitario no barrio de Sigra- Varanasi (India)".
Dado o interese coincidente da Deputación e a asociación "*Semilla para el cambio*", ambas as dúas partes manifestan a súa vontade de colaboración, nos termos do presente convenio e con suxeición ás seguintes

**CLÁUSULAS**

**I. OBXECTO DO CONVENIO**

O proxecto “Apoio sanitario no barrio de Sigra-Varanasi (India)” ten como obxectivo xeral a mellora das condicións de vida e o acceso á sanidade das comunidades desfavorecidas residentes no barrio de Sigra-Varanasi (India), e como obxectivo específico aumentar o seguimento das enfermidades e o acceso a medicamentos e revisións sanitarias dos habitantes dos slums (barrios de chabolas) no barrio de Sigra.
Segundo o documento de formulación do proxecto que se achega, as actividades dispostas están orientadas á consecución dos seguintes resultados:

- R1. Incrementada a porcentaxe de persoas da comunidade que acoden ao dispensario da beneficiaria e que se benefician do acceso ao médico e a medicamentos gratuítos.
- R2. Realizadas revisións oftalmolóxicas e dentais a máis do 60 % da poboación beneficiaria.
- R3. Realizado durante o ano o seguimento ao 70 % das persoas con doenzas graves ou que padecen enfermidades crónicas na comunidade.
- R4. Outorgadas axudas ao 90 % dos pacientes derivados a especialistas/probas polo médico da organización.

Os principias destinatarios do proxecto son os “ragpickers” (recolledores de lixo) que viven nos slums (barrios chabolistas) do barrio de Sigra-Varanasi. O número de beneficiarios directos estímase en 600 persoas, entre nenos e adultos.

A Asociación Semilla para el Cambio dispón no terreo persoal e locais para a realización das actividades sen necesidade de intermediarios.

## II. ORZAMENTO

O orzamento de execución, segundo se indica no documento de formulación do proxecto, ascende a 6.940,00 €, cuxo detalle é o seguinte:

| CONCEPTO | | IMPORTE |
|---|---|---|
| Servizos profesionais | Médico | 800,00 |
| | Axudante | 200,00 |
| | Especialistas | 1.600,00 |
| | Tratamento dental | 320,00 |
| | Tratamento oftalmolóxico | 320,00 |
| Coordinador | | 1.333,33 |
| Materiais | Medicamentos | 1.066,67 |
| | Utensilios e recipientes | 33,33 |
| | Material oficina | 106,67 |
| Alugueiros | | 1.066,67 |
| Transportes | | 93,33 |
| **TOTAL** | | **6.940,00** |

## III. FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS

1. A Deputación comprométese a colaborar no financiamento do proxecto cunha achega máxima de 5.540,00 euros, o que equivale a un 79,827 % de coeficiente de financiamento. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 79,827 % da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75,00 % do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito á súa percepción.
3. O importe do financiamento provincial poderá facerse efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0520/232B/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito de abondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. Esta subvención é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xunto coa subvención provincial, non supere en ningún caso o custo total do gasto efectivamente xustificado.
5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

**IV. CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN**
1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarias para a execución da actividade corresponderalle á entidade beneficiaria. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas o entidades vinculadas á entidade beneficiaria, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións
2. Se o importe dalgunha das prestacións supera 18.000 euros, con carácter previo á contratación, a entidade beneficiaria deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.
3. No caso de que a entidade beneficiaria tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitir á Deputación un exemplar do Proxecto modificado, achegando co mesmo os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

**V. PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL**

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.
2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da entidade beneficiaria.

**VI. XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A SUBVENCIÓN**
1. A achega da Deputación seralle abonada á entidade beneficiaria unha vez que presente a seguinte documentación:

> 1.1.Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da entidade beneficiaria, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos. A esta memoria se acompañará unha reportaxe fotográfica das actividades realizadas.
>
> 1.2. Relación clasificada dos gastos realizados, na que se indiquen os acredores co seu NIF (ou similar), os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA. Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe

constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

1.3. Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

1.4. Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula oitava.

1.5. Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

1.6. Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

1.7. Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

2. Porén, a entidade beneficiaria poderá solicitar o aboamento dun primeiro prazo, con carácter de anticipo prepagable, por importe equivalente ao 50 % da achega concedida, unha vez asinado o convenio e sen necesidade de presentación de fianza ou garantía (Bases 49ª e 57ª das de execución do presuposto provincial para o 2014, en relación coa Disposición adicional 10ª da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e 2ª da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia), tendo en conta as seguintes previsións:

2.1. Non será posible expedir un pagamento anticipado se a entidade beneficiaria ten pendente de xustificación unha cantidade anticipada con anterioridade para a mesma finalidade ou para outras finalidades e, tendo finalizado o prazo disposto, non se teña presentada a xustificación correspondente.

2.2. Xunto coa solicitude do pagamento anticipado, a entidade beneficiaria deberá acreditar o seguinte:

2.2.1. A apertura dunha conta bancaria co título “Fondos para atender o proxecto de acumulación sanitaria en Sigra-Varanasi (India)”, con cargo á que deberán efectuarse todos os cobros e pagos que correspondan á actividade subvencionada. Un extracto dos movementos da conta deberá remitirse á Deputación provincial xunto coa xustificación documental da aplicación dos fondos provinciais á finalidade disposta.

2.2.2. O cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula oitava.

3. Para os efectos de cuantificar o gasto subvencionable xustificado en moeda distinta ao euro, a Sección de Desenvolvemento Territorial, Cooperación e Medio Ambiente determinará o contravalor tendo en conta os sistemas contablemente admitidos. Todos os pagamentos que realice a Deputación serán en moeda euro.

## VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades obxecto de financiamento provincial se desenvolverán entre o 1.12.2014 e o 30.09.2015, tal e como se recolle na cláusula primeira.

2. Unha vez rematadas as actividades, a entidade beneficiaria deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta no prazo máximo de DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula décimo terceira.
3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se recibise xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á entidade beneficiaria para que á presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á entidade beneficiaria da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.
4. O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola entidade beneficiaria na documentación presentada. Se transcorresen máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a entidade beneficiaria terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

**VIII. ACREDITACIÓN DO CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E SOCIAIS**

1. A entidade beneficiaria deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.
2. A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.
3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao esta de oficio.

**IX. DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS**

1. A entidade beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00 €, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.
3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a entidade beneficiaria deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

## X. CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Conforme co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria poderá ser seleccionada pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que impón o presente convenio de colaboración.

2. Así mesmo, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a entidade beneficiaria queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, se é o caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poda incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

## XI. REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pagamento dos intereses de mora que se devenguen dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de subvencións, e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), con audiencia do interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, coa aplicación do cadro de sancións dispostas nas normas citadas na Base 54ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na Base 54.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades implicará unha sanción dun 10% do importe da subvención, co límite de 75,00 €; si o atraso excede de tres meses a sanción será dun 20%, co límite de 150,00 €..

4. Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no seu grao mínimo e será do 10% do importe da subvención concedida, co límite de 75,00 €, se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 %, co límite de 400,00 €, e se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30%, co límite de 900,00 €.

## XII. INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. En cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria serán remitidas á Intervención Xeral da Administración do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no citado precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2. Así mesmo, en cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, a concesión da subvención á entidade beneficiaria publicarase no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web www.dicoruna.es.

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación Provincial da Coruña.

## XIII. VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio ten carácter retroactivo, para os efectos de imputación dos gastos, e abranguerá os devengados dende o día 1.12.2014, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á citada data, e conservará a súa vixencia ata o 31.12.2015.

2. Para o caso de que a entidade beneficiaria non poida presentar a xustificación das actividades realizadas antes do 31.10.2015, deberá solicitar, antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31.12.2015. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada na dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e disposta nominativamente por acordo plenario.

## XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.

1, O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na

Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.
2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o da entidade beneficiaria, respectivamente.
3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.
Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo do Pleno Corporativo do …. de …………… do 2014.
E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O presidente da Deputación da Coruña

En representación da Asociación *Semilla para el cambio*

D. Diego Calvo Pouso

D. Dionisio Bodelón Montecelos"

**16.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E A FUNDACIÓN ENTRECULTURAS FE Y ALEGRÍA PARA FINANCIAR "MELLORA DO ACCESO A UNHAS INFRAESTRUTURAS EDUCATIVAS DE CALIDADE EN TRES ESCOLAS DA REDE NÚM. 1 DE FE Y ALEGRÍA-CHAD (CHAD)."**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1º.- Excepcionar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios están recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo queda corrixida a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 29 de agosto de 2014.

2º.- Aprécianse no presente expediente razóns de interese público que dificultan a convocatoria de concorrencia competitiva.

3.º- Dado que o presente convenio mantén a súa vixencia con posterioridade ao exercicio actual, queda condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente no próximo exercicio.

4º.- Aprobar o texto do convenio de colaboración que se ha subscribir entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e FUNDACIÓN ENTRECULTURAS FE Y ALEGRIA CIF G 82409020 para financiar "Mellora do acceso a unhas infraestruturas educativas de calidade en tres escolas da rede núm. 1 de Fe y Alegría-Chad (Chad).

5º.- A subvención provincial disposta no convenio ascende a un total de 35.000,00 euros, cunha porcentaxe de financiamento do 76,659 %

6º.- A subvención poderá facerse efectiva, de acordo coas previsións e requisitos fixados no convenio con cargo á partida orzamentaria 0520/232B/781 do vixente presuposto no documento contable RC núm. de operación 220140042034 do 02/12/2014 núm. de referencia 22014008491. .

7º.- Facultar ao sr. Presidente da Corporación para a sinatura do convenio."

O texto íntegro do convenio é o seguinte:

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A "FUNDACIÓN ENTRECULTURAS - FE Y ALEGRÍA", PARA O FINANCIAMENTO DO PROXECTO "MELLORA DO ACCESO A UNHAS INFRAESTRUTURAS EDUCATIVAS DE CALIDADE EN TRES ESCOLAS DA REDE NÚM. 1 DE FE Y ALEGRÍA-CHAD (CHAD)"**

A Coruña,....... de ......................... de dous mil catorce

**REUNIDOS**

Dunha parte D. Diego Calvo Pouso, que intervén neste acto en nome e representación da Excma. Deputación Provincial da Coruña, actuando na súa calidade de presidente e conforme ás competencias que ten atribuídas.

Doutra, D. Ignacio Fernández Gutiérrez, con DNI …………………………, que intervén neste acto en nome e representación da "Fundación Entreculturas – Fe y Alegría", CIF G82409020, cuxa delegación para Galicia ten domicilio na Rúa Fonseca, núm. 8-A, da Coruña, segundo acredita na documentación presentada.

Ambos os dous comparecentes recoñécense mutuamente capacidade, lexitimación e representación suficientes para formalizar o presente convenio de colaboración, e

**EXPOÑEN**

A "Fundación Entreculturas - Fe y Alegría", CIF G-82409020, constituída con este nome en xullo de 1999, é unha organización non gobernamental de desenvolvemento, promovida pola Compañía de Jesús, está inscrita no Rexistro Galego de

Organizacións non Gobernamentais de Axuda ao Desenvolvemento, co código PR802A 98/3-0 ONGD-66, dende 1998.
O proxecto que promove a beneficiaria afecta a un dos países cun nivel de desenvolvemento humano máis baixo do planeta (IDH/2013: 184, sobre 186), que ao incidir na calidade do ensino de nivel primario é considerado como unha prioridade transversal e sectorial polo “Plan Director da Cooperación Galega 2014 – 2017” e polo Plan Director da Cooperación Española 2013-2016, na medida que coa súa execución se contribúe á loita contra a pobreza e á cobertura das necesidades sociais básicas da poboación, ademais de que tamén afecta á consecución dos obxectivos 1º e do 2º de Desenvolvemento do Milenio.

Polo que respecta á competencia da Deputación da Coruña, o art. 20 da Lei 23/1998, do 7 de xullo, de cooperación internacional ao desenvolvemento, establece que a cooperación para o desenvolvemento que se realice desde as entidades locais, expresión solidaria das súas respectivas sociedades, se inspira nos principios, obxectivos e prioridades establecidas a través do Plan Director da Cooperación Española 2013-2016.

O art. 23.1.a) da Lei galega 3/2003, do 19 de xuño, de cooperación ao desenvolvemento, cita ás entidades locais entre os axentes da cooperación galega, e segundo o seu art. 5, os principios e criterios da cooperación galega vinculan a todas as políticas e actuacións dos entes locais galegos, establecidos a través do Plan Director da Cooperación Galega 2014-2017.

Pola citada razón, na sesión ordinaria do Pleno Corporativo de …………, a Deputación aprobou a concesión dunha subvención nominativa a favor da asociación "Fundación Entreculturas - Fe y Alegría”, por importe de 35.000,00 euros, para o financiamento do proxecto “De Mellora de acceso a infraestruturas educativas de calidade en tres escolas da rede núm. 1 de Fe y Alegría (Chad)
Dado o interese coincidente da Deputación e a asociación " Fundación Entreculturas - Fe y Alegría”, ambas as dúas partes manifestan a súa vontade de colaboración, nos termos do presente convenio e con suxeición ás seguintes

**CLÁUSULAS**

**I. OBXECTO DO CONVENIO**

O proxecto se denomina " Mellora no acceso a unhas infraestruturas educativas de calidade en 3 escolas da Rede núm. 1 de Fe y Alegría-Chad", ten como obxectivo a mellora do acceso a unhas infraestruturas educativas de calidade en 3 escolas da Rede núm. 1 de Fe y Alegría na Rexión de Guera (Chad), e da súa execución se beneficiarán directamente 535 alumnos/as das citadas comunidades locais.

As infraestruturas obxecto do proxecto, en cuxa execución participarán as comunidades locais e as asociacións de pais e nais dos alumnos, son as seguintes:

- Construción dun bloque de 3 aulas, con despacho para o director, na comunidade de Tchelati

- Delimitación cun cerco de arame de protección das escolas de Dongom Bidio e Djeguere

- Equipamento da escola de Dongom Bidio con 66 mesas e bancos

A intervención da beneficiaria farase a través da súa contraparte local “Fe y Alegría Chad”, organización con experiencia acreditada na execución de proxectos desta natureza.

**II. ORZAMENTO**

O orzamento de execución, segundo se indica no documento de formulación do proxecto, ascende a un importe equivalente a 45.656,73 €, e se resume nas seguintes partidas:

| CONCEPTO | IMPORTE |
|---|---|
| Materiais para a construción do cerco de protección (estrutura metálica, portas, soldadura, etc.) | 3.926,71 € |
| Materiais para a construción do bloque de 3 aulas e despacho do director | 31.775,10 € |
| Transportes e desprazamento dos materiais | 3.048,98 € |
| Man de obra cualificada | 5.610,12 € |
| Outros gastos de funcionamento (seguimento, motivación, mantemento, ferramentas e caixa de primeiros auxilios) | 1.295,82 € |
| **TOTAL** | **45.656,73 €** |

No documento de formulación do proxecto xúntase un detalle polo miúdo das partidas incluídas no orzamento de gastos.

**III. FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS**

1. A Deputación comprométese a colaborar no financiamento do proxecto cunha achega máxima de 35.000,00 euros, o que equivale a un 76,659 % de coeficiente de financiamento. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 76,659 % da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75,00 % do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito á súa percepción.
3. O importe do financiamento provincial poderá facerse efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0520/232B/781, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito de abondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. Esta subvención é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xunto coa subvención provincial, non supere en ningún caso o custo total do gasto efectivamente xustificado.
5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

**IV. CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN**
1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á entidade beneficiaria. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas o entidades vinculadas á entidade beneficiaria, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións
2. Se o importe dalgunha das prestacións supera 50.000 euros, con carácter previo á contratación, a entidade beneficiaria deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.
3. No caso de que a entidade beneficiaria tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitir á Deputación un exemplar do Proxecto modificado, achegando co mesmo os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

**V. PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL**

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.
2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da entidade beneficiaria.

**VI. XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A SUBVENCIÓN**
1. A achega da Deputación seralle abonada á entidade beneficiaria unha vez que presente a seguinte documentación:

> 1.1. Informe de execución final, subscrito polo representante legal da entidade beneficiaria, xustificativo do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos. A este informe se acompañará unha reportaxe fotográfica das actividades e obras realizadas.
>
> 1.2. Actas de recepción das obras e equipamentos obxecto do convenio, asinadas pola contraparte ou socio local e polos representantes ou líderes/sas das comunidades locais de Goz-Beida e Koukou, así como compromiso por parte destas de dedicar as infraestruturas recibidas á finalidade para a que foron realizadas durante cinco anos máis.
>
> 1.3. Relación clasificada dos gastos realizados, na que se indiquen os acredores co seu NIF (ou similar), os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso,

datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA.
1.4. Coa relación anterior achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.
1.5. Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.
1.6. Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula oitava.
1.7. Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
1.8. Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.
1.5. Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
1.6. Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.
1.7. Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

2. Porén, a entidade beneficiaria poderá solicitar o aboamento dun primeiro prazo, con carácter de anticipo prepagable, por importe equivalente ao 40 % da achega concedida, unha vez asinado o convenio e sen necesidade de presentación de fianza ou garantía (Bases 48ª e 56ª das de execución do presuposto provincial para o 2014, en relación coa Disposición adicional 10ª da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e 2ª da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia), tendo en conta as seguintes previsións:

2.1. Non será posible expedir un pagamento anticipado se a entidade beneficiaria ten pendente de xustificación unha cantidade anticipada con anterioridade para a mesma finalidade ou para outras finalidades e, tendo finalizado o prazo disposto, non se teña presentada a xustificación correspondente.

2.2. Xunto coa solicitude do pagamento anticipado, a entidade beneficiaria deberá acreditar o seguinte:

2.2.1. A apertura dunha conta bancaria co título "Fondos para atender o proxecto de mellora de acceso ás infraestruturas educativas en Chad", con cargo á que deberán efectuarse todos os cobros e pagos que correspondan á actividade subvencionada. Un extracto dos movementos da conta deberá remitirse á Deputación provincial xunto coa xustificación documental da aplicación dos fondos provinciais á finalidade disposta.

2.2.2. O cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula oitava.

3. Para os efectos de cuantificar o gasto subvencionable xustificado en moeda distinta ao euro, a Sección de Desenvolvemento Territorial, Cooperación e Medio Ambiente determinará o contravalor tendo en conta os sistemas contablemente admitidos. Todos os pagamentos que realice a Deputación serán en moeda euro.

**VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN**

1. As actividades obxecto de financiamento provincial se desenvolverán entre o 1.09.2014 e o 30.09.2015, tal e como se recolle na cláusula primeira.

2. Unha vez rematadas as actividades, a entidade beneficiaria deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta no prazo máximo de DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula décimo terceira.
3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se recibise xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á entidade beneficiaria para que á presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á entidade beneficiaria da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.
4. O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola entidade beneficiaria na documentación presentada. Se transcorresen máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a entidade beneficiaria terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

**VIII. ACREDITACIÓN DO CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E SOCIAIS**
1. A entidade beneficiaria deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.
2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.
3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao esta de oficio.

**IX. DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS**
1. A entidade beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00 €, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.
3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a entidade beneficiaria deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

**X. CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO**

1. Conforme co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria poderá ser seleccionada pola Intervención Provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que impón o presente convenio de colaboración.

2. Así mesmo, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a entidade beneficiaria queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, se é o caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poda incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

**XI. REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS**

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pagamento dos intereses de mora que se devenguen dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), con audiencia do interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, coa aplicación do cadro de sancións dispostas nas normas citadas na Base 54ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na Base 54.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades implicará unha sanción dun 10%

do importe da subvención, co límite de 75,00 €; se o atraso excede de tres meses a sanción será dun 20%, co límite de 150,00 €..

4. Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no seu grao mínimo e será do 10% do importe da subvención concedida, co límite de 75,00 €, se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 %, co límite de 400,00 €, e se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30%, co límite de 900,00 €.

**XII. INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA**

1. En cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria serán remitidas á Intervención Xeral da Administración do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no citado precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2. Así mesmo, en cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 de la Lei 38/2003, xeral de subvencións, a concesión da subvención á entidade beneficiaria publicarase no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web www.dicoruna.es.

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación Provincial da Coruña.

**XIII. VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN**

1. O presente convenio ten carácter retroactivo, para os efectos de imputación dos gastos, e abranguerá os devengados dende o día 1.09.2014, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á citada data, e conservará a súa vixencia ata o 31.12.2015.

2. Para o caso de que a entidade beneficiaria non poida presentar a xustificación das actividades realizadas antes do 31.10.2015, deberá solicitar, antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31.12.2015. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido,

de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada a dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso se poderá modificar o convenio variando substancialmente el obxecto da subvención concedida e disposta nominativamente por acordo plenario.

**XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.**

1, O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o da entidade beneficiaria, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo do Pleno Corporativo do …. de ………….. do 2014.

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

| O presidente da Deputación da Coruña | En representación da Fundación Entreculturas – Fe y Alegría |
|---|---|
| D. Diego Calvo Pouso | D. Ignacio Fernández Gutiérrez” |

**17.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E A ONGD “FARMACÉUTICOS MUNDI (FARMAMUNDI)” PARA O FINANCIAMENTO DUN PROXECTO DE FORTALECEMENTO DO SISTEMA NACIONAL DE FÁRMACO-VIXILANCIA NO SALVADOR.**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1º.- Excepcionar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios están recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no

presente parágrafo queda corrixida a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 29 de agosto de 2014.

2º.- Aprécianse no presente expediente razóns de interese público que dificultan a convocatoria de concorrencia competitiva.

3.º- Dado que o presente convenio mantén a súa vixencia con posterioridade ao exercicio actual, queda condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente no próximo exercicio.

4º.- Aprobar o texto do convenio de colaboración a subscribir entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e ONGD "FARMACEUTICOS MUNDI (FARMAMUNDI)" CIF G46973715, para o financiamento dun proxecto de fortalecemento do sistema nacional de fármaco-vixilancia no Salvador.

5º.- A subvención provincial disposta no convenio ascende a un total de 19.163,04 euros, cunha porcentaxe de financiamento do 58,1296 %

6º.- A subvención poderá facerse efectiva, de acordo coas previsións e requisitos fixados no convenio con cargo á partida orzamentaria 0520/232B/781 do vixente presuposto no documento contable RC núm. de operación 220140042952 do 10/12/2014 núm. de referencia 22014008559. .

7º.- Facultar ao sr. Presidente da Corporación para a sinatura do convenio."

O texto íntegro do convenio é o seguinte:

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A ONGD "FARMACÉUTICOS MUNDI (FARMAMUNDI)", PARA O FINANCIAMENTO DUN PROXECTO DE FORTALECEMENTO DO SISTEMA NACIONAL DE FARMACOVIXIANCIA NO SALVADOR**

A Coruña, ...... de ......................... de dous mil catorce

**REUNIDOS**

Dunha parte D. Diego Calvo Pouso, que intervén neste acto en nome e representación da Excma. Deputación Provincial da Coruña, actuando na súa calidade de presidente e conforme ás competencias que ten atribuídas.

Doutra, Dna. Beatriz Villarquide Vega, DNI núm. 32.756.690-K, que intervén neste acto en nome e representación da ONG "Farmacéuticos Mundi", CIF G46973715, cuxa delegación territorial para Galicia ten sede na Rúa Os Ancares, Centro Cívico de

Mesoiro, Despacho núm. 5, CP 15190 da Coruña, na súa calidade de delegada e conforme ás competencias que ten atribuídas.

Ambos os dous comparecentes recoñécense mutuamente capacidade, lexitimación e representación suficientes para formalizar o presente convenio de colaboración, e

**EXPOÑEN**

“Farmacéuticos Mundi” (Farmamundi, en adiante), CIF G46973715, é unha organización non gobernamental constituída no 1993, ao amparo da Lei de asociacións 191/1964, hoxe substituída pola Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación, co obxecto de intervir na cooperación ao desenvolvemento, especialmente no eido da salvagarda da saúde humana, a través da colaboración farmacéutica e outros medios axeitados.
O proxecto “Fortalecemento do Sistema Nacional de Fármaco-vixilancia para a detección, avaliación e prevención de reaccións adversas, faltas terapéuticas e de calidade dos medicamentos e a promoción do seu uso racional, no Salvador” que promove a beneficiaria afecta a un dos países cun nivel de desenvolvemento humano medio (IDH/2013: 107, sobre 186), razón pola que tanto o “Plan Director da Cooperación Galega 2014 – 2017” como o recentemente aprobado “Plan Director da Cooperación Española 2013 - 2016” contemplan ao Salvador entre as prioridades xeográficas, e as actuacións no eido da saúde básica como sectorialmente prioritarias.

Polo que respecta á competencia da Deputación da Coruña, o art. 20 da Lei 23/1998, do 7 de xullo, de cooperación internacional ao desenvolvemento, establece que a cooperación para o desenvolvemento que se realice desde as entidades locais, expresión solidaria das súas respectivas sociedades, se inspira nos principios, obxectivos e prioridades establecidas a través do Plan Director da Cooperación Española 2013-2016.

O art. 23.1.a) da Lei galega 3/2003, do 19 de xuño, de cooperación ao desenvolvemento, cita ás entidades locais entre os axentes da cooperación galega, e segundo o seu art. 5, os principios e criterios da cooperación galega vinculan a todas as políticas e actuacións dos entes locais galegos, establecidos a través do Plan Director da Cooperación Galega 2014-2017.

Pola citada razón, na sesión ordinaria do Pleno Corporativo de …………, a Deputación aprobou a concesión dunha subvención nominativa a favor da Ongd "Farmamundi”, por importe de 19.163,04 euros, para o financiamento do proxecto “Fortalecemento do Sistema Nacional de Fármaco-vixilancia para a detección, avaliación e prevención de reaccións adversas, faltas terapéuticas e de calidade dos medicamentos e a promoción do seu uso racional, no Salvador".
Dado o interese coincidente da Deputación e " Farmamundi”, ambas as dúas partes manifestan a súa vontade de colaboración, nos termos do presente convenio e con suxeición ás seguintes

**CLÁUSULAS**

## I. OBXECTO DO CONVENIO

O proxecto se denomina ″Fortalecemento do Sistema Nacional de Fármaco-vixilancia para a detección, avaliación e prevención de reaccións adversas, faltas terapéuticas e de calidade dos medicamentos e a promoción do seu uso racional, no Salvador". O seu obxectivo é o fortalecemento do sistema nacional de fármaco-vixilancia no Salvador, que se integra na reforma do sistema de saúde levada a cabo polo Ministerio de Saúde do Salvador (MINSAL) e ten como beneficiarios directos tanto aos profesionais (máis de 900) que traballan nos distintos centros sanitarios públicos como aos pacientes que acoden a eles (en torno a 50.000 persoas).

A achega provincial está dirixida ao financiamento de parte dos gastos de investimento do proxecto, concretamente os relacionados coa “Actividade 4.1” (adquisición de material e equipamento para a mellora da almacenaxe de medicamentos e insumos médicos dos hospitais da rede nacional), orientada á consecución do “Resultado 4”, tal e como se detalla no anexo 2 do documento de formulación do proxecto (Matriz de planificación).

A intervención da beneficiaria farase a través da súa contraparte local “Asociación Salvadoreña Promotora de la Salud (ASPS)”, organización con experiencia acreditada na execución de proxectos desta natureza.

## II. ORZAMENTO

Do orzamento global do proxecto (que ascende a 149.984,52 €, segundo se detalla no documento de formulación do proxecto) só se imputarán á achega provincial os gastos que se relacionan a continuación, por un importe total de **32.966,09** €:

| CONCEPTO | | IMPORTE | AECID | DEPUT |
|---|---|---|---|---|
| R.4 – Actividade 4.1.- Material e equipamento para a mellora da almacenaxe de medicamentos e insumos médicos dos hospitais da rede nacional | Recurso 4.1.a – Estantes | 3.478,26 € | 3.478,26 € | 0,00 € |
| | Recurso 4.1.b – Refrixeradoras | 1.043,48 € | 0,00 € | 1.043,48 € |
| | Recurso 4.1.c – Equipo de cómputo | 966,09 € | 966,09 € | 0,00 € |
| | Recurso 4.1 d – Aire acondicionado | 21.739,13 € | 3.619,57 € | 18.119,56 € |
| | Recurso 4.1.e – Carreta industrial | 956.52 € | 956.52 € | 0,00 € |
| | Recurso 4.1.f – Monta carga | 1.739,13 € | 1.739,13 € | 0,00 € |
| | Recurso 4.1.g – Escritorios | 1.739,13 € | 1.739,13 € | 0,00 € |
| | Recurso 4.1.h – Fotocopiadora | 695,65 € | 695,65 € | 0,00 € |
| | Recurso 4.1.i – Contómetro | 43,48 € | 43,48 € | 0,00 € |
| | Recurso 4.1.j – Cadeira secretarial | 217,39 € | 217,39 € | 0,00 € |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | Recurso 4.1.k – Cadeira espera | 86,96 € | 86,96 € | 0,00 € |
| | Recurso 4.1.l – Arquiveiro metálico | 260,87 € | 260,87 € | 0,00 € |
| **TOTAL** | | **32.966,09 €** | **13.803,05 €** | **19.163,04 €** |

## III. FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS

1. A Deputación comprométese a colaborar no financiamento do proxecto cunha achega máxima de 19.163,04 euros, o que equivale a un 58,1296 % de coeficiente de financiamento. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 58,1296 % da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75,00 % do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito á súa percepción.
3. O importe do financiamento provincial poderá facerse efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0520/232B/781, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito de abondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. Esta subvención é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xunto coa subvención provincial, non supere en ningún caso o custo total do gasto efectivamente xustificado.
5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

## IV. CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN
1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarias para a execución da actividade corresponderalle á entidade beneficiaria. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas o entidades vinculadas á entidade beneficiaria, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións
2. Se o importe dalgunha das prestacións supera 50.000 euros, con carácter previo á contratación, a entidade beneficiaria deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.
3. No caso de que a entidade beneficiaria tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitir á

Deputación un exemplar do Proxecto modificado, achegando co mesmo os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

## V. PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.
2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da entidade beneficiaria.

## VI. XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A SUBVENCIÓN

1. A achega da Deputación seralle abonada á entidade beneficiaria unha vez que presente a seguinte documentación:

1.1. Informe de execución final, subscrito polo representante legal da entidade beneficiaria, xustificativo do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos. A este informe se acompañará unha reportaxe fotográfica das actividades realizadas.

1.2. Actas de recepción dos equipamentos obxecto do convenio, asinadas pola contraparte ou socio local e polos representantes dos centros sanitarios receptores, así como compromiso por parte destas de dedicar as infraestruturas recibidas á finalidade para a que foron realizadas durante cinco anos máis.

1.3. Relación clasificada dos gastos realizados, na que se indiquen os acredores co seu NIF (ou similar), os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA.

1.4. Coa relación anterior achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

1.5. Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

1.6. Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula oitava.

1.7. Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

1.8. Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

1.5. Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

1.6. Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

1.7. Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

2. Porén, a entidade beneficiaria poderá solicitar o aboamento dun primeiro prazo, con carácter de anticipo prepagable, por importe equivalente ao 40 % da achega concedida, unha vez asinado o convenio e sen necesidade de presentación de fianza ou garantía (Bases 48ª e 56ª das de execución do presuposto provincial para o 2014, en relación coa Disposición adicional 10ª da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e 2ª da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia), tendo en conta as seguintes previsións:

2.1. Non será posible expedir un pagamento anticipado se a entidade beneficiaria ten pendente de xustificación unha cantidade anticipada con anterioridade para a mesma finalidade ou para outras finalidades e, tendo finalizado o prazo disposto, non se teña presentada a xustificación correspondente.

2.2. Xunto coa solicitude do pagamento anticipado, a entidade beneficiaria deberá acreditar o seguinte:

2.2.1. A apertura dunha conta bancaria co título "Fondos para atender o proxecto de fortalecemento do sistema de fármaco-vixilancia no Salvador", con cargo á que deberán efectuarse todos os cobros e pagos que correspondan á actividade subvencionada. Un extracto dos movementos da conta deberá remitirse á Deputación provincial xunto coa xustificación documental da aplicación dos fondos provinciais á finalidade disposta.

2.2.2. O cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula oitava.

3. Para os efectos de cuantificar o gasto subvencionable xustificado en moeda distinta ao euro, a Sección de Desenvolvemento Territorial, Cooperación e Medio Ambiente determinará o contravalor tendo en conta os sistemas contablemente admitidos. Todos os pagamentos que realice a Deputación serán en moeda euro.

**VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN**

1. As actividades obxecto de financiamento provincial deberán estar finalizadas o 30.11.2014, tal e como se recolle na cláusula primeira.

2. Unha vez rematadas as actividades, a entidade beneficiaria deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta no prazo máximo de DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula décimo-terceira.
3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se recibise xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á entidade beneficiaria para que á presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á entidade beneficiaria da sanción que, de conformidade co disposto na

Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.
4. O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola entidade beneficiaria na documentación presentada. Se transcorresen máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a entidade beneficiaria terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

**VIII. ACREDITACIÓN DO CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E SOCIAIS**

1. A entidade beneficiaria deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.
2. A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.
3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarse de oficio por esta.

**IX. DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS**

1. A entidade beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00 €, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.
3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a entidade beneficiaria deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

**X. CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO**

1. Conforme co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria poderá ser seleccionada pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que impón o presente convenio de colaboración.

2. Así mesmo, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a entidade beneficiaria queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, se é o caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poda incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

**XI. REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS**

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pagamento dos intereses de mora que se devenguen dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), con audiencia do interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, coa aplicación do cadro de sancións dispostas nas normas citadas na Base 54ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na Base 54.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades implicará unha sanción dun 10% do importe da subvención, co límite de 75,00 €; se o atraso excede de tres meses a sanción será dun 20%, co límite de 150,00 €..

4. Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei se imporá no seu grao mínimo e será do 10% do importe da subvención concedida, co límite de 75,00 €, se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 %, co límite de 400,00 €, e se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30%, co límite de 900,00 €.

**XII. INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA**

1. En cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria serán remitidas á Intervención Xeral da Administración do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no citado precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2. Así mesmo, en cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á

Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, a concesión da subvención á entidade beneficiaria publicarase no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web www.dicoruna.es.

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación Provincial da Coruña.

**XIII. VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN**

1. O presente convenio ten carácter retroactivo, para os efectos de imputación dos gastos, e abranguerá os devengados dende o día 1.01.2014, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á citada data, e conservará a súa vixencia ata o 30.06.2015.

2. Para o caso de que a entidade beneficiaria non poida presentar a xustificación das actividades realizadas antes do 30.04.2015, deberá solicitar, antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 30.06.2015. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada a dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e disposta nominativamente por acordo plenario.

**XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.**

1, O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o da entidade beneficiaria, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo do Pleno Corporativo do …. de ………….. do 2014.

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O presidente da Deputación da Coruña

En representación da Ongd "Farmacéuticos Mundi (Farmamundi)"

**18.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E O CONCELLO DE RIBEIRA PARA FINANCIAR A ACTUACIÓN "CREACIÓN DUN VIVEIRO DE EMPRESAS".**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1º.- Excepcionar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios están recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo queda solucionada a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 29 de agosto de 2014.

2º.- Aprécianse no presente expediente razóns de interese público que dificultan a convocatoria de concorrencia competitiva.

3.º- Dado que o presente convenio mantén a súa vixencia con posterioridade ao exercicio actual, queda condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente no próximo exercicio.

4º.- Aprobar o texto do convenio de colaboración que se ha subscribir entre a Excma. Coruña e o CONCELLO DE RIBEIRA CIF P1507400H para financiar a actuación "Creación dun viveiro de Empresas"

5º.- A subvención provincial prevista no convenio ascende a un total de 77.000,00 euros, cunha porcentaxe de financiamento do 20 %

6º.- A subvención poderá facerse efectiva, de acordo coas previsións e requisitos fixados no convenio con cargo á partida orzamentaria 0510/433A/76201 do vixente presuposto no documento contable RC núm. de operación 220140042853. O crédito foi aprobado a nivel de dispoñibilidade no EMC 2/2014

7º.- Facultar ao sr. Presidente da Corporación para a sinatura do convenio."

O texto íntegro do convenio é o seguinte:

Convenio de colaboración entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o CONCELLO DE RIBEIRA

A Coruña

**REUNIDOS**

Dunha parte o Excmo. Señor D. Diego Calvo Pouso, como Presidente da Excma. Deputación Provincial da Coruña,

E doutra parte a Sr. Don Manuel Ruíz Rivas, alcalde-presidente do CONCELLO DE RIBEIRA

Os comparecentes interveñen no uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas

**MANIFESTAN**

Dado o interese coincidente da Deputación e do CONCELLO DE RIBEIRA ambas as dúas partes

**ACORDAN**

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

**I.- OBXECTO**

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o CONCELLO DE RIBEIRA, CIF P1507400H, para o financiamento do proxecto "*Creación dun Viveiro de Empresas*", tal como aparece definida esta no proxecto, redactado por Don Ángel Cid Carballo, colexiado núm. 1531.

2. O CONCELLO DE RIBEIRA, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O dito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3. A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 123 do Texto refundido da lei de contratos do sector público e normativa de desenvolvemento, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Xa que logo, unha vez rematada e dentro do período de vixencia do convenio, o CONCELLO DE RIBEIRA, comprométese a destinala a uso público para o que está prevista.

**II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS**

O presuposto total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, detállase do seguinte xeito:

| | |
|---|---|
| P.E.M. | 267.379,68 € |
| GASTOS XERAIS (13%) | 34.759,36 € |
| BENEFICIO INDUSTRIAL (6%) | 16.042,78 € |
| IMPOSTO SOBRE O VALOR ENGADIDO (21%) | 66.818,18 € |
| | |
| PRESUPOSTO DE EXECUCIÓN POR CONTRATA | **385.000,00 €** |

**III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE**

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 77.000,00 €, o que representa unha porcentaxe do 20,00%. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento de contrata, está financiado con cargo a recursos (propios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 20,00 %, da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, non serán subvencionables os gastos de redacción de proxectos, tributos devengados pola obtención de licencias, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc. Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0510/433A/76201, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito de abondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

5. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o CONCELLO DE RIBEIRA obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

**IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN**

1. Na condición de promotor, corresponderalle ao CONCELLO DE RIBEIRA o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.

2. No procedemento de contratación, o CONCELLO DE RIBEIRA axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3. Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación e non poderán recoller o concepto de "melloras".

4. No caso de que o CONCELLO DE RIBEIRA tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirlle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

**V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL**

1. Durante a execución das obras e ata o seu remate e recepción, o CONCELLO DE RIBEIRA estará obrigado a colocar un cartel que sexa visible polo menos a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.

2. Rematada a obra, deberase colocar unha placa en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

**VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL**

1. Coa posibilidade prevista na base 56ª das de execución do orzamento para o ano 2014, ata o 40 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol do CONCELLO DE RIBEIRA pola contía resultante de aplicar a dita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación:

- Certificación do acordo de adxudicación do contrato de obras, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución.
- Acta de comprobación de replanteo da obra, asinada polo seu director, polo contratista e polo funcionario técnico designado pola Deputación.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Acreditación da colocación do cartel informativo ao que se refire a cláusula QUINTA, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada polo director da obra.

2. Rematada completamente a obra, procederase ao aboamento do 60 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia compulsada):

- Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada, que debe ser dilixenciada polo técnico-director. Ao acto de recepción da obra deberá acudir un técnico designado pola Deputación, quen asinará tamén a correspondente acta.
- Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obriga, expedida polo órgano competente.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Acreditación do cumprimento das obrigas de publicidade previstas na cláusula QUINTA (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso)
- Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario de bens do CONCELLO DE RIBEIRA, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de cinco anos.
- Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable.

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada polo CONCELLO DE RIBEIRA na documentación achegada. E se transcorresen máis de catro meses dende a adecuada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, o CONCELLO DE RIBEIRA terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

4. Deberá acreditar terlles aboado aos terceiros o importe xustificado do 40% no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pago.

**VII. TERMO PARA O REMATE DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN**

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula PRIMEIRA, deberán estar rematadas ao menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

2. Unha vez rematadas as obras, o CONCELLO DE RIBEIRA deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se recibise xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á CONCELLO DE RIBEIRA para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na

lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á CONCELLO DE RIBEIRA da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, poida corresponderlle.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada polo CONCELLO DE RIBEIRA na documentación achegada. E se transcorresen máis de catro meses desde a adecuada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, o CONCELLO DE RIBEIRA terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

**VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN**

4. O CONCELLO DE RIBEIRA deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

5. A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

6. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

**IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS**

1. O CONCELLO DE RIBEIRA destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

**X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO**

1. Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o CONCELLO DE RIBEIRA poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración e a lexislación citada anteriormente.

2. Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o CONCELLO DE RIBEIRA queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

**XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS**

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na Base 55ª das de execución do orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na Base 55.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades dará lugar a unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

5. Se o atraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que realizaron o obxecto do convenio, liquidarase o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

**XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA**

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do CONCELLO DE RIBEIRA serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto e co debido respecto á protección dos

datos de carácter persoal, segundo o establecido na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao CONCELLO DE RIBEIRA será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

**XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN**

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados dende o día 8 de maio do ano 2014, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día **31 de outubro do ano 2015**, sempre e cando exista crédito para tal fin.

2. Para o caso de que o CONCELLO DE RIBEIRA non poida ter rematada a OBRA e presentada a xustificación **antes do día 1 de setembro de 2015**, deberá solicitar antes desta data, a **prórroga** do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que o CONCELLO DE RIBEIRA perderá o dereito ao cobro do importe corresponde á contía non xustificada na dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

**XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE**

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. A interpretación das dúbidas e lagoas que puideran xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, despois dos

informes preceptivos da unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención provincial.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por

E, en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.

O Presidente da Deputación A respresentante do Concello de Ribeira

DON DIEGO CALVO POUSO"

**19.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E O CONCELLO DE ARES PARA O FINANCIAMENTO DAS OBRAS DE "REPARACIÓN DE CAMIÑO DE CELSO EMILIO FERREIRO A OUTEIRO".**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.-Apreciar que neste suposto existen razóns de interese público, social, económico ou humanitario que dificultan a convocatoria pública da subvención, entendendo que con isto se considera levantado o reparo de Intervención a este expediente.

2.-Aprobar a formalización dun convenio de colaboración co Concello de Ares para financiar as obras incluídas no proxecto de execución cuxos datos se indican a continuación, e cuxo texto figura no anexo a este acordo:

| | |
|---|---|
| CONCELLO | Ares |
| DENOMINACIÓN DA OBRA | "Reparación de camiño de Celso Emilio Ferreiro a Outeiro" |
| PRESUPOSTO DO PROXECTO | 39.875,76 € |
| ACHEGA DA DEPUTACIÓN | 39.875,76 € |
| ACHEGA DO CONCELLO | 0,00 € |
| COEFICIENTE DE FINANCIAMENTO | 100,00% |
| PARTIDA PRESUPOSTARIA | 0430/454A/76201 |

O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á partida 0430/454A/76201 do orzamento provincial para o ano 2014. A aprobación deste convenio queda condicionada á entrada en vigor do EMC 7/2014 no que se consigne crédito suficiente para o seu financiamento.

Dado que a vixencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios

orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

ANEXO

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE ARES PARA O FINANCIAMENTO DAS OBRAS "REPARACIÓN DE CAMIÑO DE CELSO EMILIO FERREIRO A OUTEIRO"**

Na Coruña,

**REUNIDOS**

Dunha parte, o presidente da Deputación Provincial da Coruña, Diego Calvo Pouso
E doutra parte, o alcalde-presidente do concello de Ares, Julio Ignacio Iglesias Redondo
Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estanlles atribuídas

**MANIFESTAN**

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de Ares ambas as dúas partes

**ACORDAN**

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

**I.- OBXECTO**

1.- O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Ares con CIF P1500400E, para o financiamento da obra de "REPARACIÓN **DE CAMIÑO DE CELSO EMILIO FERREIRO A OUTEIRO"** tal como aparece definida esta no proxecto técnico de execución redactado polos arquitectos NICOLÁS CASTELO PÉREZ E LUIS FELIPE CABEZAS TORRELO

2.- A ENTIDADE BENEFICIARIA, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O devandito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3.- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 123 do Texto refundido da lei de contratos do sector público e normativa de desenvolvemento, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Por tanto, unha vez finalizada e dentro do período de vixencia do convenio, a ENTIDADE BENEFICIARIA, comprométese a destinala ao uso público para o cal está disposta.

**II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS**

O orzamento total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, detállase na seguinte táboa:

| | |
|---|---|
| Orzamento execución material | 27.693,42 |
| Gastos xerais (13%) | 3.600,14 |
| Beneficio industrial (6%) | 1.661,61 |
| IVE (21%) | 6.920,59 |
| Orzamento de contrata | 39.875,76 |

**III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE**

1.- A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 39.875,76 €, o que representa unha porcentaxe de 100,00000%. A ENTIDADE BENEFICIARIA emitiu informe responsable da Intervención municipal acreditando que a entidade non dispón doutras fontes de financiamento

2.- No caso de que o gasto xustificado non alcanzase o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 100,00000%, da cantidade efectivamente xustificada.

3.- A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, por tanto, non serán subvencionables os gastos de redacción de proxectos, tributos percibidos pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc. Tampouco se financiarán os incrementos de gastos derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0430/454A/76201 do orzamento provincial para o ano 2014. A aprobación deste convenio queda condicionada á entrada en vigor do EMC 7/2014 no que se consigne crédito suficiente para o seu financiamento. Dado que a vixencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

5.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xunto co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

**IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN**

1.- Na condición de promotor, corresponderalle á ENTIDADE BENEFICIARIA o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto a que fai referencia a cláusula primeira.

2.- No procedemento de contratación, a ENTIDADE BENEFICIARIA axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3.- Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación e non poderán recoller o concepto de “melloras”.

4.- No caso de que a ENTIDADE BENEFICIARIA tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirlle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con este os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

**V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL**

1.- Durante a execución das obras e ata finalización e recepción, a ENTIDADE BENEFICIARIA estará obrigada a colocar un cartel que sexa visible polo menos a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.

2.- Finalizada a obra, deberase colocar unha placa en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

**VI.- XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.**

1.- Coa posibilidade disposta na Base 57ª das de execución do Orzamento para o ano 2014, ata o 40 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable, de forma que se procederá a expedir un primeiro pago a favor da ENTIDADE BENEFICIARIA pola contía resultante de aplicar a devandita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación:

- Certificación do acordo de adxudicación do contrato de obras, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución
- Acta de comprobación de replanteo da obra, asinada polo seu director, polo contratista e, no seu caso, polo funcionario técnico designado pola Deputación.
- Acreditación do cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade
- Acreditación da colocación do cartel informativo ao que se refire a cláusula QUINTA, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada polo director da obra

2.- Finalizada completamente a obra, procederase ao aboamento do 60 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia cotexada):

- Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada, que debe ser dilixenciada polo técnico-director. Ao acto de recepción da obra poderá acudir un técnico designado pola Deputación.
- Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obrigación, expedida por órgano competente
- Acreditación do cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade
- Acreditación do cumprimento das obrigacións de publicidade dispostas na cláusula QUINTA (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso)
- Certificación do acordo de incorporación do ben ao inventario de bens da ENTIDADE BENEFICIARIA, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de cinco anos
- Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable

3.- O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola ENTIDADE BENEFICIARIA na documentación achegada. E se transcorresen máis de catro meses desde a idónea e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a ENTIDADE BENEFICIARIA terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal que se perciba desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pago.
4.- Deberá acreditar aboar aos terceiros o importe xustificado do 60% no prazo máximo dun mes desde a recepción dos fondos que constitúen o segundo pago.

**VII.- TERMO PARA A FINALIZACIÓN DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.**

1.- As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula PRIMEIRA, deberán estar finalizadas e presentada a documentación xustificativa indicada na cláusula SEXTA no prazo indicado na cláusula XIII.
2.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este prazo sen que se recibira xustificación ningunha, a Unidade Xestora remitirá un requirimento á ENTIDADE BENEFICIARIA para que se presente no prazo improrrogable de 15 DÍAS.
A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional comportará a perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicable respecto diso, tal e como se indica na cláusula XIII.
Aínda así, a presentación da xustificación no prazo adicional non eximirá á ENTIDADE BENEFICIARIA da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 56.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

**VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGACIÓNS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.**

1.- A ENTIDADE BENEFICIARIA deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigacións tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña e coa Seguridade Social. A ENTIDADE BENEFICIARIA autoriza á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.
2.- A acreditación do cumprimento das obrigacións tributarias coa Deputación provincial determinarao esta de oficio.

**IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.**

1.- A ENTIDADE BENEFICIARIA destinará os fondos recibidos ao pago dos xustificantes de gasto presentados.
2.- Co fin de garantir un idóneo control da aplicación dos fondos, o pago deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

**X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.**

1.- Conforme ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento

de todas as demais obrigacións formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.
2.- Simultaneamente, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

**XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.**

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá comportar a obrigación de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se perciban desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.
2.- Sen prexuízo do anterior, o devandito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostos nas normas citadas e na Base 56ª das de Execución do Orzamento da Deputación.
3.- De conformidade co disposto na Base 56.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00€. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00€. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00€.
4.- Se o atraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que realizaron o obxecto do convenio, liquidarase o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

**XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA**

1.- En cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da ENTIDADE BENEFICIARIA serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no devandito precepto.
2.- Simultaneamente, en cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro Público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.
3.- Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á ENTIDADE BENEFICIARIA será publicada no BOP da Coruña e na páxina web dicoruna.es.
4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende da Deputación.

**XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.**

1.- O presente convenio de colaboración terá efectos desde a súa sinatura e conservará a súa vixencia **ata o 1 de novembro de 2015**. Dado que a vixencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

2.- Para o caso de que a ENTIDADE BENEFICIARIA non poida ter finalizadas as obras e presentada a xustificación **antes do citado prazo,** deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado polo director da obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60% do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder anualmente a ampliación de prazo de execución, que **en ningún caso poderá exceder do 1 de novembro de 2017**, todo iso, igualmente condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria. De acordo co establecido na cláusula VII do presente convenio, unha vez finalizado o prazo de vixencia, ou no seu caso, o das prórrogas efectivamente solicitadas en prazo, sen que se presentara a xustificación, a unidade xestora requirirá á entidade beneficiaria para que presente a documentación no prazo improrrogable de 15 días. De non presentarse no devandito prazo, o convenio quedará definitivamente extinguido e comportará a perda do dereito á cobranza da subvención e implicará a iniciación do expediente de reintegro, no seu caso, do anticipo percibido máis os correspondentes xuros de mora.

3.- Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación**. En ningún caso se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e disposta nominativamente por acordo plenario.

**XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.**

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Dunha parte, o presidente da Deputación Provincial da Coruña, Diego Calvo Pouso
E doutra parte, o alcalde-presidente do concello de Rianxo, Adolfo Muíños Sánchez
Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, lles están atribuídas

**MANIFESTAN**

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de Rianxo ambas as dúas partes

**ACORDAN**

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

**I.- OBXECTO**

1.- O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Rianxo con CIF P1507300J, para o financiamento da obra de "MELLORA **DO FIRME E DA CONTORNA DO CAMPO DE ARRIBA"** tal como aparece definida esta no proxecto técnico de execución redactado pola arquitecta ANA I. PIÑEIRO ESPERANTE

2.- A ENTIDADE BENEFICIARIA, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O devandito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3.- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 123 do Texto refundido da lei de contratos do sector público e normativa de desenvolvemento, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Por tanto, unha vez finalizada e dentro do período de vixencia do convenio, a ENTIDADE BENEFICIARIA, comprométese a destinala ao uso público para o cal está disposta.

**II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS**

O orzamento total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, detállase na seguinte táboa:

| | |
|---|---|
| Orzamento execución material | 41.669,57 |
| Gastos xerais (13%) | 5.417,04 |
| Beneficio industrial (6%) | 2.500,17 |
| IVE (21%) | 10.413,22 |
| Orzamento de contrata | 60.000,00 |

**III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE**

1.- A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 60.000,00€, o que representa unha porcentaxe de 100,00 %. A entidade beneficiaria emitiu informe responsable da Intervención municipal acreditando que a entidade non dispón doutras fontes de financiamento

2.- No caso de que o gasto xustificado non alcanzase o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 100,00%, da cantidade efectivamente xustificada.

3.- A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, por tanto, non serán subvencionables os gastos de redacción de proxectos, tributos percibidos pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc. Tampouco se financiarán os incrementos de gastos derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0430/453D/76201 do orzamento provincial para o ano 2014. Dado que a vixencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

5.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xunto co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

**IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN**

1.- Na condición de promotor, corresponderalle á ENTIDADE BENEFICIARIA o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto a que fai referencia a cláusula primeira.

2.- No procedemento de contratación, a ENTIDADE BENEFICIARIA axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3.- Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación e non poderán recoller o concepto de "melloras".

4.- No caso de que a ENTIDADE BENEFICIARIA tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirlle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con este os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

**V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL**

1.- Durante a execución das obras e ata finalización e recepción, a ENTIDADE BENEFICIARIA estará obrigada a colocar un cartel que sexa visible polo menos a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.

2.- Finalizada a obra, deberase colocar unha placa en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

**VI.- XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.**

1.- Coa posibilidade disposta na Base 57ª das de execución do Orzamento para o ano 2014, ata o 40 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable, de forma que se procederá a expedir un primeiro pago a favor da ENTIDADE BENEFICIARIA pola contía resultante de aplicar a devandita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación:

- Certificación do acordo de adxudicación do contrato de obras, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución
- Acta de comprobación de replanteo da obra, asinada polo seu director, polo contratista e, no seu caso, polo funcionario técnico designado pola Deputación.
- Acreditación do cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade
- Acreditación da colocación do cartel informativo ao que se refire a cláusula QUINTA, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada polo director da obra

2.- Finalizada completamente a obra, procederase ao aboamento do 60 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia cotexada):

- Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada, que debe ser dilixenciada polo técnico-director. Ao acto de recepción da obra poderá acudir un técnico designado pola Deputación.
- Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obrigación, expedida por órgano competente
- Acreditación do cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade
- Acreditación do cumprimento das obrigacións de publicidade dispostas na cláusula QUINTA (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso)
- Certificación do acordo de incorporación do ben ao inventario de bens da ENTIDADE BENEFICIARIA, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de cinco anos
- Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable

3.- O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola ENTIDADE BENEFICIARIA na documentación achegada. E se transcorresen máis de catro meses desde a idónea e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle

corresponda, a ENTIDADE BENEFICIARIA terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal que se perciba desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pago.
4.- Deberá acreditar aboar aos terceiros o importe xustificado do 60% no prazo máximo dun mes desde a recepción dos fondos que constitúen o segundo pago.

**VII.- TERMO PARA A FINALIZACIÓN DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.**

1.- As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula PRIMEIRA, deberán estar finalizadas e presentada a documentación xustificativa indicada na cláusula SEXTA no prazo indicado na cláusula XIII.
2.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este prazo sen que se recibira xustificación ningunha, a Unidade Xestora remitirá un requirimento á ENTIDADE BENEFICIARIA para que se presente no prazo improrrogable de 15 DÍAS.
A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional comportará a perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicable respecto diso, tal e como se indica na cláusula XIII.
Aínda así, a presentación da xustificación no prazo adicional non eximirá á ENTIDADE BENEFICIARIA da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 56.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

**VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGACIÓNS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.**

1.- A ENTIDADE BENEFICIARIA deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigacións tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña e coa Seguridade Social. A ENTIDADE BENEFICIARIA autoriza á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.
2.- A acreditación do cumprimento das obrigacións tributarias coa Deputación provincial determinarao esta de oficio.

**IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.**

1.- A ENTIDADE BENEFICIARIA destinará os fondos recibidos ao pago dos xustificantes de gasto presentados.
2.- Co fin de garantir un idóneo control da aplicación dos fondos, o pago deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

**X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.**

1.- Conforme ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigacións formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.
2.- Simultaneamente, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA queda sometida aos

procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

**XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.**

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá comportar a obrigación de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se perciban desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, o devandito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostos nas normas citadas e na Base 56ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3.- De conformidade co disposto na Base 56.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00€. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00€. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00€.

4.- Se o atraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que realizaron o obxecto do convenio, liquidarase o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

**XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA**

1.- En cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da ENTIDADE BENEFICIARIA serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no devandito precepto.

2.- Simultaneamente, en cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro Público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á ENTIDADE BENEFICIARIA será publicada no BOP da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende da Deputación.

**XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.**

1.- O presente convenio de colaboración terá efectos desde a súa sinatura a e conservará a súa vixencia **ata o 1 de novembro de 2015**. Dado que a vixencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios

correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.
2.- Para o caso de que a ENTIDADE BENEFICIARIA non poida ter finalizadas as obras e presentada a xustificación **antes do citado prazo,** deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado polo director da obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60% do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder anualmente a ampliación de prazo de execución, que **en ningún caso poderá exceder do 1 de novembro de 2017**, todo iso, igualmente condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria. De acordo co establecido na cláusula VII do presente convenio, unha vez finalizado o prazo de vixencia, ou no seu caso, o das prórrogas efectivamente solicitadas en prazo, sen que se presentou a xustificación, a unidade xestora requirirá á entidade beneficiaria para que presente a documentación no prazo improrrogable de 15 días. De non presentarse no devandito prazo, o convenio quedará definitivamente extinguido e comportará a perda do dereito á cobranza da subvención e implicará a iniciación do expediente de reintegro, no seu caso, do anticipo percibido máis os correspondentes xuros de mora.
3.- Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación**. En ningún caso se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e disposta nominativamente por acordo plenario.

**XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.**

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.
2.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.
3.- Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo plenario en sesión ordinaria

E en proba de conformidade, asinan en exemplar quintuplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

| O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA Coruña | O ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE RIANXO |
|---|---|
| Diego Calvo Pouso | Adolfo Muíños Sánchez” |

**50.- APROBACIÓN DO PROXECTO MODIFICADO Nº 2 DA OBRA “SANEAMENTO E DEPURACIÓN EN CARCACÍA” DO CONCELLO DE PADRÓN, INCLUÍDA NO PLAN DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS (PCC) 2008/2011, ANUALIDADE 2011. CÓDIGO: 11.3300.0252.0.**

(Entra no salón o Sr. Calvelo Martínez).

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“Logo de ver o acordo que adoptou o Pleno desta Deputación, na sesión ordinaria do 25 de marzo de 2011, polo que se aprobou a 2ª fase do Plan de cooperación cos concellos (PCC) 2008-2011, anualidade 2011 na que se inclúe a obra do Concello de Padrón que máis adiante se indica e cuxo proxecto modificado número 1 foi aprobado polo Pleno desta Corporación provincial na sesión realizada o 23 de novembro de 2012

Logo de aprobar o Concello de Padrón un segundo proxecto modificado desta obra, e logo de presentalo ante esta Deputación, así como os correspondentes informes xurídicos e técnicos e as respectivas autorizacións outorgadas polos organismos administrativos competentes

Logo de ver que segundo os ditos informes este proxecto modificado número 2 se complementa cun proxecto denominado “proxecto modificado número 2 de impulsión de augas do saneamento en Carcacía”, cun presuposto de contrata de 210.165,03 €, que se vai levar a cabo mediante un convenio de colaboración entre o Concello de Padrón e esta Deputación, que tamén se someterá á aprobación do Pleno provincial de xeito simultáneo á aprobación deste proxecto modificado

Logo de ver as Bases reguladoras deste plan, aprobadas polo Pleno desta Deputación o 30 de maio de 2008 e publicadas no BOP nº 128 do 5 de xuño de 2008, modificadas mediante o acordo plenario do 25 de xuño de 2010 e publicadas no BOP número 121, do 29 de xuño de 2010

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña ACORDA:

Aprobar a modificación número 2 do proxecto da obra “Saneamento e depuración en Carcacía” do Concello de Padrón, que deseguido se indica, incluída na 2ª fase do Plan de cooperación cos concellos (PCC) 2008-2011, anualidade 2011, co código: 11.3300.0252.0, que non representa variación no seu orzamento total nin do seu contido, pero supón unha alteración do seu trazado inicialmente disposto.

| | | **DATOS CO 18% DE IVE** | | |
|---|---|---|---|---|
| **Concello Código** | **Denominación** | **Deputación f.p.** | **Concello** | **TOTAL** |
| Padrón 11.3300.0252.0 | Saneamento e depuración en Carcacía | 477.545,20 | 52.063,20 | 529.608,40” |

**51.-APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DO PROXECTO DA OBRA "REPARACIÓN DO CAMIÑO ENTRE VILAR-CRENDES E TORREIRO", DO CONCELLO DE ABEGONDO, INCLUÍDA NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (POS) 2013 CO CÓDIGO 13.2100.0001.0.**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Logo de ver o acordo que adoptou o Pleno desta Deputación, na sesión ordinaria do 22 de febreiro de 2013, polo que se aprobou a primeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2013 e o seu Plan complementario, no que se inclúe a obra que máis adiante se indica e que foi aprobada definitivamente mediante a Resolución da Presidencia desta Corporación provincial número 15529, do 29 de agosto de 2013, logo de que o Concello de Abegondo cumprirse a condición á que foi sometida a súa aprobación definitiva

Logo de aprobar o Concello de Abegondo un proxecto modificado desta obra, previos os correspondentes informes técnicos e xurídicos

Logo de ver as Bases reguladoras modificadas do POS 2013, aprobadas polo Pleno desta Deputación o 21 de decembro de 2012 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 248, do 31 de decembro de 2012

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña ACORDA

Aprobar a modificación do proxecto da obra "Reparación do camiño entre Vilar-Crendes e Torreiro" do Concello de Abegondo, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2013 co código 13.2100.0001.0, que aínda que non supón modificación do seu presuposto total nin cambio substancial da obra, si implica alteración do trazado disposto no proxecto inicial

| | | | ***FINANCIAMENTO*** | | |
|---|---|---|---|---|---|
| ***Código da obra*** | ***Concello*** | ***Denominación*** | ***Deputación F. propios*** | ***Concello*** | ***Orzamento Total*** |
| *13.2100.0001.0* | *Abegondo* | *Reparación do camiño entre Vilar-Crendes e Torreiro* | *52.952,32* | *0,00* | *52.952,32"* |

**52.-APROBACIÓN DO PROXECTO MODIFICADO DA OBRA "SEGURIDADE VIARIA EN LONGRAS. FASE II", DO CONCELLO DE COIRÓS, INCLUÍDA NO PLAN DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (POS) 2014 CO CÓDIGO 14.2100.0054.0.**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Logo de ver o acordo que adoptou o Pleno desta Deputación, na sesión ordinaria do 28 de marzo de 2014, polo que se aprobou o Plan provincial de cooperación ás obras

e servizos de competencia municipal (POS) 2014 e o seu Plan complementario, no que se inclúe a obra que máis adiante se indica e que foi aprobada definitivamente mediante a Resolución da Presidencia desta Corporación provincial número 7654, do 30 de abril de 2014, logo de que o Concello de Coirós cumprira a condición á que foi sometida a súa aprobación definitiva.

Logo de presentar telematicamente o Concello de Coirós un proxecto modificado desta obra, sen variación económica, aprobado polo concello previos os correspondentes informes técnico e xurídico

Logo de ver as Bases reguladoras do POS 2014, aprobadas polo Pleno desta Deputación o 25 de outubro de 2013 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 206, do 29 de outubro de 2013

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña ACORDA:

Aprobar a modificación do proxecto da obra "Seguridade viaria en Longras. Fase II" do Concello de Coirós, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2014 co código 14.2100.0054.0, que aínda que non supón modificación do seu presuposto total nin cambio da finalidade da obra, si implica alteración do trazado disposto no proxecto inicial.

| | | | **FINANCIAMENTO** | | |
|---|---|---|---|---|---|
| **Código** | **Concello** | **Denominación** | **Deputación F. propios** | **Concello** | **Orzamento Total** |
| 14.2100.0054.0 | Coirós | Seguridade viaria en Longras. Fase II | 47.000,00 | 4.419,66 | 51.419,66" |

**53.-FORMALIZACIÓN DUN CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE COIRÓS PARA INSTRUMENTALIZAR A XESTIÓN DO "CENTRO DE INTERPRETACIÓN DO ENTORNO FLUVIAL DO RÍO MANDEO" SITUADO NO LUGAR DE CHELO (COIRÓS), NO MARCO DO "PROXECTO MANDEO. POSTA EN VALOR DAS CONCAS FLUVIAIS. 1ª FASE RÍO MANDEO" COFINANCIADO POR FONDOS FEDER. ANO 2015.**

INTERVENCIÓNS

Sr. Regueira Varela

Bos días a todos e a todas. Imos manifestar o noso voto favorable neste punto 53, e no seguinte, no 54, mais queremos expresar que o Bloque Nacionalista Galego comparte totalmente o que di o informe de Intervención, nós entendemos que facer este tipo de convenios para que os concellos acaben contratando persoal para o mantemento destes centros que son de titularidade provincial, non ten sentido, ou ben dunha vez por todas se cede esa propiedade aos concellos, e que os concellos contraten o persoal, ou o normal sería que a propia Deputación provincial xestionara a contratación dese persoal para os centros do proxecto Mandeo.

En todo caso, neste caso imos votar a favor tanto do punto 53 como do 54, pero tamén queriamos, porque chegaron aos nosos ouvidos de que existen problemas coa dotación de material deses centros, queriamos que se realmente existen problemas coa dotación que ten que facer a Deputación do material divulgativo neses centros, se solucione tamén o antes posible, moitas grazas.

**ACORDO**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1.-Apreciar que neste suposto existen razóns de interese público, social, económico ou humanitario que dificultan a convocatoria pública da subvención, entendendo que con isto se considera levantado o reparo de Intervención a este expediente.

2.- Aprobar o texto do CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A Excma. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE COIRÓS PARA INSTRUMENTALIZAR A XESTIÓN DO “CENTRO DE INTERPRETACIÓN DO ENTORNO FLUVIAL DO RÍO MANDEO” SITUADO NO LUGAR DE CHELO (COIRÓS), NO MARCO DO “PROXECTO MANDEO. POSTA EN VALOR DAS CONCAS FLUVIAIS.1ª FASE RÍO MANDEO” COFINANCIADO POR FONDOS FEDER. ANO 2015, cunha achega provincial de 13.500,00 euros con cargo á aplicación 0520/172A/46201, que representa un coeficiente de financiamento do 100%

Dado que a vixencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

ANEXO

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE COIRÓS PARA INSTRUMENTALIZAR A XESTIÓN DO “CENTRO DE INTERPRETACIÓN DO ENTORNO FLUVIAL DO RIO MANDEO” SITUADO NO LUGAR DE CHELO (COIRÓS) , NO MARCO DO “PROXECTO MANDEO. POSTA EN VALOR DAS CONCAS FLUVIAIS. 1ª FASE RÍO MANDEO” COFINANCIADO POR FONDOS FEDER**

A Coruña,       de 2014   na sede da Deputación Provincial da Coruña

**Reunidos**

Dunha parte o. Sr. presidente da Deputación Provincial da Coruña, Diego Calvo Pouso

e doutra parte, o Sr. Francisco Quintela Requeijo, alcalde do Concello de Coirós.

Os comparecentes interveñen no uso das facultades que, por razón dos seus cargos, teñen atribuídas e,

**MANIFESTAN**

Dado o interese coincidente da Deputación e do concello en promover o desenvolvemento da conca do río Mandeo no ámbito territorial de cada unha das administracións actuantes, de acordo cos obxectivos e contidos do proxecto denominado "Mandeo. Posta en valor da conca fluvial. 1ª fase río Mandeo" cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, en virtude da resolución do 13 de xuño de 2008, da Secretaría de Estado de Cooperación Territorial
Unha vez executadas pola Deputación provincial as obras e instalacións do proxecto emprazadas no termo municipal de Coirós

**ACORDAN**

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme as seguintes cláusulas:

**1.OBXECTO**

O convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Coirós CIF: P 1502700-F, para garantir a apertura do Centro de interpretación do entorno fluvial do Río Mandeo situado no lugar de Chelo, no ámbito territorial deste concello

**TÉRMOS DO CONVENIO**

➔ **Obrigas do Concello de Coirós**

1. O Concello de Coirós achegará o persoal necesario para a atención a visitantes do Centro de interpretación do entorno fluvial do Río Mandeo desde o 01 de xaneiro de 2015 ata o 31 de decembro de 2015. O Concello porá en funcionamento o centro e encargarase das visitas que se reciban.
2. O Concello de Coirós comprométese á apertura do centro de acordo cos seguintes horarios, modificable por razóns organizativas:

| **DESDE 1 XANEIRO ATA 31 DE DECEMBRO 2015** | |
|---|---|
| Venres | De 10 a 13 e de 16 a 19 |
| Sábado e domingo | De 10 a 13 e de 16 a 19 |
| Luns a xoves e festivos | Cerrado |

3. O Concello de Coirós organizará visitas ao centro durante o período indicado (12 meses). No marco do presente convenio, o concello organizará como mínimo 2 visitas ao mes, para o que establecerá contactos con colexios, institutos e asociacións do municipio, así como coas demais entidades da conca do Mandeo. Neste sentido, durante este período O concello levará un rexistro/libro de visitas ao centro, así como a elaboración dun dossier fotográfico das visitas realizadas.

➔ **Obrigas da Deputación da Coruña**

1. A Deputación da Coruña **achegará 13.500,00 € con cargo a aplicación 0520/172A/462.01** ao Concello de Coirós para a contratación do persoal durante o período establecido. Polo tanto, o presuposto polo que se instrumentaliza o presente convenio é de 13.500,00 €, o que representa un coeficiente de financiamento do 100 %, que se pagarán ao Concello de Coirós na forma prevista nas cláusulas VI e VII.
2. A Deputación da Coruña poñerá a disposición do Concello de Coirós material didáctico e promocional e medios técnicos xerados no marco do proxecto Mandeo para o seu uso no centro.

➔ **Obrigas da Deputación da Coruña e do Concello de Coirós**

- A Deputación da Coruña asume o seguinte compromiso e obriga "Garantir o correcto estado de conservación das obras e instalacións executadas e polo tanto o cumprimento do artigo 57 do Regulamento (CE) Nº 1083/2006, polo que se establecen as disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no referido á invariabilidade das operacións".

*Artigo 57.O Estado membro ou a autoridade de xestión garantirán que unha operación unicamente reteña a contribución dos Fondos se non sofre, antes de transcorridos cinco anos do seu fin, ou antes de tres anos, unha modificación substancial:*

*a) que afecte á súa natureza ou ás súas condicións de execución ou que outorgue a unha empresa ou a un organismo público vantaxes indebidas,e*

*b) que se derive dun cambio na natureza da propiedade*

- O Concello de Coirós garante a apertura do centro.

## II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE HA REALIZAR A ENTIDADE BENEFICIARIA.

**A ENTIDADE BENEFICIARIA** levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte a un orzamento de 13.500,00 € .

## III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE .

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal e como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 13.500,00 €, o que representa unha porcentaxe do 100%. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 100%, da cantidade efectivamente xustificada.
2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75% do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.
3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0520/172A/462.01
4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

**IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN .**

1.Corresponderalle á **ENTIDADE BENEFICIARIA** a contratación do persoal que precise.

2.No procedemento de contratación, a **ENTIDADE BENEFICIARIA** axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación aplicable

**V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.**

1. Na publicidade pola que se de a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.
2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da **ENTIDADE BENEFICIARIA.**

**VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.**

1 - Coa posibilidade prevista no disposto na Base 57º das de execución do Orzamento para o ano 2015 ata o 50 % da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol da **ENTIDADE BENEFICIARIA** pola contía resultante de aplicar a dita porcentaxe sobre o importe do presuposto subvencionable, unha vez que presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

- Certificación do acordo ou acordos de contratación do persoal necesario para levar a cabo a actividade, na que se fagan constar polo menos os seguintes datos: nome, apelidos**,** DNI, retribucións e copia do contrato
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- A **ENTIDADE BENEFICIARIA** estará obrigada a cumprir a cláusula de publicidade e a acreditala mediante a presentación dos correspondentes documentos.

2 - Rematada completamente a realización da actividade, procederase ao aboamento do 50 % restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia compulsada):

- Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da **ENTIDADE BENEFICIARIA,** xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos. A memoria incluirá unha descrición das actividades realizadas, o libro-rexistro de visitas recibidas e unha reportaxe fotográfica,
- Copia compulsada das nóminas e demais documentos xustificativos polo órgano competente
- Deberá acreditar o pago efectivo das nóminas

3. O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola **ENTIDADE BENEFICIARIA** na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a **ENTIDADE BENEFICIARIA** terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

**VII.- TERMO PARA A ADQUISICIÓN E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.**

1. A actividade que é obxecto de financiamento provincial, tal como se describe na cláusula primeira, deberá estar realizada polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMOTERCEIRA.
2. Unha vez realizado o obxecto do contrato deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DECIMOTERCEIRA.
3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á ENTIDADE BENEFICIARIA para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á ENTIDADE BENEFICIARIA da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.
4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola ENTIDADE BENEFICIARIA na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a ENTIDADE BENEFICIARIA terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de interese legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

**VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.**

1. **A ENTIDADE BENEFICIARIA** deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña e coa Seguridade Social.
2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsable expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.
3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao esta de oficio.

**IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.**

1. A **ENTIDADE BENEFICIARIA** destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

**X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.**

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a **ENTIDADE BENEFICIARIA** poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a **ENTIDADE BENEFICIARIA** queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

**XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.**

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na Base 56ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3.E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da

xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

**XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.**

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da **ENTIDADE BENEFICIARIA** serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto.
2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.
3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á **ENTIDADE BENEFICIARIA** será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es
4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios da Deputación.

**XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.**

1.O presente convenio de colaboración terá vixencia desde o 1 de xaneiro de 2015 ata o 15 de abril de 2016 para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados desde o día 1 de xaneiro de 2015 ata o 31 de decembro de 2015, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data.
2. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

**XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.**

1, O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente, aplicarase a lexislación de contratos do sector público.
2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio, crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e o da **ENTIDADE BENEFICIARIA**, respectivamente.
3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por do_________ de________
E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadriplicado exemplar o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

| | |
|---|---|
| O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA | O ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DECOIRÓS |
| Diego Calvo Pouso | Francisco Quintela Requeijo” |

**54.- FORMALIZACIÓN DUN CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE CURTIS PARA INSTRUMENTALIZAR A XESTIÓN DO “CENTRO ETNOGRÁFICO DE CURTIS” SITUADO EN TEIXEIRO (CURTIS), NO MARCO DO “PROXECTO MANDEO POSTA EN VALOR DAS CONCAS FLUVIAIS. 1ª FASE RÍO MANDEO” COFINANCIADO POR FONDOS FEDER. ANO 2015.**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1.-Apreciar que neste suposto existen razóns de interese público, social, económico ou humanitario que dificultan a convocatoria pública da subvención, entendendo que con isto se considera levantado o reparo de Intervención a este expediente.

2.- Aprobar o texto dun CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A Excma. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE CURTIS PARA INSTRUMENTALIZAR A XESTIÓN DO “CENTRO ETNOGRÁFICO DE CURTIS” SITUADO EN TEIXEIRO (CURTIS), NO MARCO DO “PROXECTO MANDEO. POSTA EN VALOR DAS CONCAS FLUVIAIS. 1ª FASE RÍO MANDEO” COFINANCIADO POR FONDOS FEDER. ANO 2015, cunha achega provincial de 21.600,00 euros con cargo á aplicación 0520/172A/46201, que representa un coeficiente de financiamento do 100%.

Dado que a vixencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

ANEXO

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE CURTIS PARA INSTRUMENTALIZAR A XESTIÓN DO CENTRO ETNOGRÁFICO DE CURTIS, SITUADO EN TEIXEIRO (CURTIS) NO MARCO DO “PROXECTO MANDEO. POSTA EN VALOR DAS CONCAS FLUVIAIS. 1ª FASE RÍO MANDEO” COFINANCIADO POR FONDOS FEDER**

A Coruña, de 2014 na sede da Deputación Provincial da Coruña

**Reunidos**

Dunha parte o. Sr. presidente da Deputación Provincial da Coruña, Diego Calvo Pouso

e doutra parte, o Sr. Javier Francisco Cainzos Vázquez, alcalde do Concello de Curtis.

Os comparecentes interveñen no uso das facultades que, por razón dos seus cargos, teñen atribuídas e,

**MANIFESTAN**

Dado o interese coincidente da Deputación e do concello en promover o desenvolvemento da conca do río Mandeo no ámbito territorial de cada unha das administracións actuantes, de acordo cos obxectivos e contidos do proxecto denominado "Mandeo. Posta en valor da cunca fluvial. 1ª Fase río Mandeo" cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, en virtude da resolución de 13 de xuño de 2008, da Secretaría de Estado de Cooperación Territorial Unha vez executadas pola Deputación provincial as obras e instalacións do proxecto emprazadas no termo municipal de Curtis

**ACORDAN**

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme as seguintes cláusulas:

**1.OBXECTO**

O convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Curtis CIF:P1503200-F, para garantir a apertura do centro etnográfico de Curtis executado no ámbito territorial deste concello

**TÉRMOS DO CONVENIO**

➔ **Obrigas do Concello de Curtis**

1. O Concello de Curtis achegará o persoal necesario para a atención a visitantes do Centro etnográfico desde o 1 de xaneiro de 2015 ata o 31 de decembro de 2015. O Concello porá en funcionamento o centro e encargarase das visitas que se reciban.
2. O Concello de Curtis comprométese á apertura do centro de acordo cos seguintes horarios:
    - Martes -Venres de 10h a 13h e de 16h a 19h
    - Sábados e domingos de 10h a 13h
    - Luns e festivos pechado

   O centro permanecerá aberto 30 horas á semana, pero por razóns organizativas poderá modificarse o horario.
3. O Concello de Curtis organizará visitas ao centro durante o período indicado (12 meses). No marco do presente convenio, o concello organizará como mínimo 2 visitas ao mes, para o que establecerá contactos con colexios, institutos e asociacións do municipio, así como coas demais entidades da conca do Mandeo. Neste sentido, durante este período o Concello levará un rexistro/libro de visitas ao centro, así como a elaboración dun dossier fotográfico das visitas realizadas.

➔ **Obrigas da Deputación da Coruña**

1. A Deputación da Coruña **achegará 21.600,00 € con cargo a aplicación 0520/172A/46201** ao Concello de Curtis para a contratación do persoal durante o período establecido. Polo tanto, o presuposto polo que se instrumentaliza o presente convenio é de 21.600,00 €, o que representa un coeficiente de financiamento do 100 %, que se pagarán ao Concello de Curtis na forma prevista nas cláusulas VI e VII.
2. A Deputación da Coruña poñerá a disposición do Concello de Curtis material didáctico e promocional e medios técnicos xerados no marco do proxecto Mandeo para o seu uso no centro.

➔ **Obrigas da Deputación da Coruña e do Concello de Curtis**

- A Deputación da Coruña asume o seguinte compromiso e obriga "Garantir o correcto estado de conservación das obras e instalacións executadas e polo tanto o cumprimento do artigo 57 do Regulamento (CE) Nº 1083/2006, polo que se establecen as disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no referido á invariabilidade das operacións".

*Artigo 57.O Estado membro ou a autoridade de xestión garantirán que unha operación unicamente reteña a contribución dos Fondos se non sofre, antes de transcorridos cinco anos do seu fin, ou antes de tres anos, unha modificación substancial:*

*a) que afecte á súa natureza ou ás súas condicións de execución ou que outorgue a unha empresa ou a un organismo público vantaxes indebidas,e*
*b) que se derive dun cambio na natureza da propiedade*

- O Concello de Curtis garante a apertura do centro.

**II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE HA REALIZAR A ENTIDADE BENEFICIARIA.**

**A ENTIDADE BENEFICIARIA** levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte a un orzamento de 21.600,00 € .

**III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE .**

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal e como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 21.600,00 €, o que representa unha porcentaxe do 100%. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 100%, da cantidade efectivamente xustificada.
2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75% do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.
3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0520/172A/46201.
4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

**IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN .**

1.Corresponderalle á **ENTIDADE BENEFICIARIA** a contratación do persoal que precise.
2.No procedemento de contratación, a **ENTIDADE BENEFICIARIA** axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación aplicable

**V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.**
1. Na publicidade pola que se de a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.
2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da **ENTIDADE BENEFICIARIA.**

**VI.- XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.**

1 - Coa posibilidade prevista no disposto na Base 56º das de execución do Orzamento para o ano 2015 ata o 50 % da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol da **ENTIDADE BENEFICIARIA** pola contía resultante de aplicar a dita porcentaxe sobre o importe do presuposto subvencionable unha vez que presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

- Certificación do acordo ou acordos de contratación do persoal necesario para levar a cabo a actividade, na que se fagan constar polo menos os seguintes datos: nome, apelidos**,** DNI, retribucións e copia do contrato
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- A **ENTIDADE BENEFICIARIA** estará obrigada a cumprir a cláusula de publicidade e a acreditala mediante a presentación dos correspondentes documentos.

2 - Rematada completamente a realización da actividade, procederase ao aboamento do 50 % restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia compulsada):

- Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da **ENTIDADE BENEFICIARIA,** xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos. A memoria incluirá unha descrición das actividades realizadas, o libro-rexistro de visitas recibidas e unha reportaxe fotográfica,
- Copia compulsada das nóminas e demais documentos xustificativos polo órgano competente
- Deberá acreditar o pago efectivo das nóminas

3. O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola **ENTIDADE BENEFICIARIA** na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a **ENTIDADE BENEFICIARIA** terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de interese legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

**VII.- TERMO PARA A ADQUISICIÓN E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.**

1. A actividade que é obxecto de financiamento provincial, tal como se describe na cláusula primeira, deberá estar realizada a lo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.
2. Unha vez realizado o obxecto do contrato deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.
3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á ENTIDADE BENEFICIARIA para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á ENTIDADE BENEFICIARIA da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.
4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola ENTIDADE BENEFICIARIA na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a ENTIDADE BENEFICIARIA terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de interese legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

**VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.**

1. **A ENTIDADE BENEFICIARIA** deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña e coa Seguridade Social.
2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsable expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao esta de oficio.

**IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.**

1. A **ENTIDADE BENEFICIARIA** destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

**X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.**

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a **ENTIDADE BENEFICIARIA** poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.
2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a **ENTIDADE BENEFICIARIA** queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

**XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.**

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.
2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na Base 55ª das de Execución do Orzamento da Deputación.
3. De conformidade co disposto na Base 55.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades implicará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das actividades excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

**XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.**

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da **ENTIDADE BENEFICIARIA** serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto.
2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.
3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á **ENTIDADE BENEFICIARIA** será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es
4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios da Deputación.

**XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.**

1.O presente convenio de colaboración terá vixencia desde o 1 de xaneiro de 2015 ata o 30 de abril de 2016 para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados desde o día 1 de xaneiro de 2015 ata o 31 de decembro de 2015, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data.
2. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

**XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.**

1, O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente, aplicarase a lexislación de contratos do sector público.
2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio, crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e o da **ENTIDADE BENEFICIARIA**, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por de data _________ de________
E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

| O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA | O ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE CURTIS |
|---|---|
| Diego Calvo Pouso | Javier Francisco Cainzos Vázquez” |

**55.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E A ASOCIACIÓN CORUÑESA DE PROMOCIÓN DEL SORDO PARA FINANCIAR O “SERVIZO DE LOGOPEDIA BILINGÜE”.**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 10 de decembro de 2014.

2.- Aprobar e formalizar o convenio de colaboración entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e a Asociación coruñesa de promoción del sordo (CIF G15048762), correspondente á subvención nominativa por importe de 20.605,90 €, concedida para financiar os gastos do *”Servizo de logopedia bilingüe”,* cun orzamento subvencionado de 35.342,96 € de acordo co texto do convenio que se achega.

3.- Condicionar a vixencia do convenio á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio 2015, e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

ANEXO

**“CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACION PROVINCIAL DA CORUÑA E A ENTIDADE ASOCIACIÓN CORUÑESA DE PROMOCIÓN DEL SORDO PARA FINANCIAR O “SERVIZO DE LOGOPEDIA BILINGÜE”.**

A Coruña, de de na sede da Deputación Provincial da Coruña

**REUNIDOS**

D. Diego Calvo Pouso, presidente da Excma. Deputación Provincial da Coruña.

Dna. Milagros Quintián Lagares, presidenta da Asociación Coruñesa de Promoción del Sordo**.**

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estanlles atribuídas

**MANIFESTAN**

Que a Asociación Coruñesa de Promoción del Sordo conta cun servizo de logopedia bilingüe que é pioneiro na Comunidade Autónoma de Galicia, no que se promove a rehabilitación do neno con deficiencia auditiva en dúas linguas orais (galego-castelán).

Que a Deputación da Coruña, é competente para a colaboración prevista no convenio, de conformidade coa Lei de bases de réxime local 7/85 do 2 de abril, art. 36 e coa Lei de Admón. local de Galicia 5/97, art. 109 e 119, así como co disposto na Lei de servizos sociais de Galicia 13/2008, art. 61 a 63.

Dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e da **entidade Asociación Coruñesa de Promoción del Sordo,** ambas as dúas partes

**ACORDAN**

Formalizar o presente convenio de colaboración conforme ás seguintes cláusulas:

**I.- OBXECTO**

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e a Asociación Coruñesa de Promoción del Sordo**, con CIF G15048762,** para o financiamento de gastos do "Servizo de logopedia bilingüe" para nenos con deficiencia auditiva.

**II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE HA REALIZAR A ENTIDADE BENEFICIARIA**

A Asociación Coruñesa de Promoción del Sordo levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

| **Concepto** | | **Importe** |
|---|---|---|
| Gastos de persoal: salarios e seguridade social | 1 logopeda a xornada completa | 22.448,64 € |
| | 1 logopeda a media xornada | 11.224,08 € |

| | | |
|---|---|---|
| Gastos xerais | Luz, teléfono, internet, limpeza, ... | 1.670,24 € |
| ***Total*** | | ***35.342,96 €*** |

**III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE**

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de **20.605,90 €**, o que representa unha porcentaxe de **58,31%**. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (propios ou alleos) acreditando a **Asociación Coruñesa de Promoción del Sordo** que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.
2. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o **58,31%**, da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.
3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0611/231D/481**, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito de abondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.
4. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Asociación Coruñesa de Promoción del Sordo para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.
5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

**IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN**

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á **Asociación Coruñesa de Promoción del Sordo**. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á **Asociación Coruñesa de Promoción del Sordo**, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
2. Se o importe dalgunha das prestacións supera os 18.000 euros, con carácter previo á contratación, a **Asociación Coruñesa de Promoción del Sordo** deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

**V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL**

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.
2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da Asociación Coruñesa de Promoción del Sordo.

**VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL**

A achega da Deputación seralle aboada a Asociación Coruñesa de Promoción del Sordo unha vez que se presente a seguinte documentación:

- Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da Asociación Coruñesa de Promoción del Sordo**,** xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA.
- Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo previsto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.
- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

**VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN**

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira realizaranse entre o **1 de outubro de 2014 e o 31 de outubro de 2015**.
2. Unha vez rematadas as actividades, a Asociación Coruñesa de Promoción del Sordo deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **30 de novembro de 2015**.
3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á Asociación Coruñesa de Promoción del Sordo para que a presente no prazo improrrogable de **quince días.** A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá a Asociación Coruñesa de Promoción del Sordo da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 56.6ª das de Execución do Orzamento da Deputación, poida corresponderlle.
4. O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Asociación Coruñesa de Promoción del Sordo na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a adecuada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a Asociación Coruñesa de Promoción del Sordo terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen

dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

**VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN**

1. A Asociación Coruñesa de Promoción del Sordo deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento das ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando a Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial será determinada por esta de oficio.

**IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS**

1. A Asociación Coruñesa de Promoción del Sordo destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00 €, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Asociación Coruñesa de Promoción del Sordo deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

**X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO**

1. Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Asociación Coruñesa de Promoción del Sordo poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Asociación Coruñesa de Promoción del Sordo queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

**XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS**

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar á obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

O procedemento de reintegro iniciarase de oficio, na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstas nas normas citadas.

3. De conformidade co disposto na base 56ª.6º das de execución do orzamento da Deputación, o atraso na realización das actividades dará lugar a unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización das actividades excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

**XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA**

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Asociación Coruñesa de Promoción del Sordo serán remitidos á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención a Asociación Coruñesa de Promoción del Sordo será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

**XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN**

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados desde o día **1 de outubro de 2014**, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día 30 de novembro de 2015, todo elo condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio presupostario correspondente.

2. Con esta data, 30 de novembro de 2015, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a Asociación Coruñesa de Promoción del Sordo perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada na dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da unidade xestora, do Servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se

poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

**XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE**

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo presidente da Deputación e a Asociación Coruñesa de Promoción del Sordo, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ________

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento"

**56.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E O CONCELLO DE ARTEIXO PARA FINANCIAR AS OBRAS DO "CENTRO DE FORMACIÓN OCUPACIONAL".**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

1. "Apreciar que neste suposto existen razóns de interese público, social, económico ou humanitario que dificultan a convocatoria pública da subvención, entendendo que con isto se considera levantado o reparo de Intervención a este expediente.
2. Aprobar o texto do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de **ARTEIXO**, para financiar a obra do **Centro de Formación Ocupacional,** cunha achega provincial de **400.000,00 €** con cargo á aplicación orzamentaria **0112/323A/76201**, que representa un coeficiente de financiamento do **28,46332%** sobre un orzamento **de 1.405.317,43 €.**
3. Dado que a vixencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

ANEXO

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE ARTEIXO PARA FINANCIAR A REALIZACION DA OBRA DE CENTRO DE FORMACION OCUPACIONAL**

Na Coruña,

**Reunidos**

Dunha parte o Excmo. Sr. presidente da Deputación Provincial da Coruña, Don Diego Calvo Pouso

E doutra parte o Sr. Carlos Calvelo Martínez, alcalde-presidente do Concello de Arteixo

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estanlles atribuídas

**M A N I F E S T A N**

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de Arteixo ambas as dúas partes

**A C O R D AN**

Formalizar o presente CONVENIO DE COLABORACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

**I.- OBXECTO**

1- O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Arteixo con CIF P- 1500500B, para o financiamento da obra de "**CENTRO DE FORMACION OCUPACIONAL"**, tal como aparece definida esta no proxecto técnico de execución redactado por DON FRANCISCO JAVIER VAZQUEZ BARGE , (ARQUITECTO)
2- O Concello de Arteixo, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptiva e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O devandito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.
3- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 123 do Texto refundido da lei de contratos do sector público e normativa de desenvolvemento, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Xa que logo, unha vez rematada e dentro do período de vixencia do convenio, o Concello de Arteixo, comprométese a destinala ao uso público para o que está disposta.
**II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS.**
O presuposto total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, se detalla do seguinte xeito:
P. E.M:__________________ ___________________ 975.982,66 euros
GASTOS XERAIS_____________________________ 126.877,75 euros
BENEFICIO INDUSTRIAL______________________ 58.558,96 euros
IMPOSTO SOBRE O VALOR ENGADIDO________ 243.898,06 euros
PRESUPOSTO DE EXECUCIÓN POR CONTRATA_ 1.405.317,43 euros

**III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE**.

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 400.000 euros, o que representa unha porcentaxe de 28,46332%. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento de contrata, está financiado con cargo a recursos ( propios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total disposto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 28,46332% da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento disposto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao cobro da mesma.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, non serán subvencionables os gastos redacción de proxectos, tributos devengados pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc). Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0112/323A/76201, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

Para a anualidade corrente existe crédito dabondo polo importe indicado, tal como consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención provincial. Con respecto ás anualidades futuras, advírtese o Concello de Arteixo de que o compromiso de gasto queda condicionado a efectiva aprobación do Orzamento para dito ano e a que existe no mesmo dotación orzamentaria axeitada e suficiente para afrontar o gasto.

5. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xunto co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

**IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN .**

1. Na condición de promotor, corresponderalle o Concello de Arteixo o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.

2. No procedemento de contratación, o Concello de Arteixo axustarase toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3.- Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación e non poderán recoller o concepto de “melloras”.

4.- No caso de que o Concello de Arteixo tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitir á Deputación un exemplar do Proxecto modificado, achegando con este os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo

**V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.**

1.Durante a execución das obras e ata o seu remate e recepción, o Concello de Arteixo estará obrigada a colocar un cartel que sexa visible polo menos a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.

2. Rematada a obra, deberase colocar unha placa en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

**VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.**

1. Coa posibilidade disposta na Base 56ª das de execución do Orzamento para o ano 2014, ata o 40 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol do Concello de Arteixo pola contía resultante de aplicar dita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación:

* Certificación do acordo de adxudicación do contrato de obras, na que figuren pólo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución

* Acta de comprobación de replanteo da obra, asinada polo seu director, polo contratista e polo funcionario técnico designado pola Deputación

* Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA

* Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

* Acreditación da colocación do cartel informativo ao que se refire a cláusula QUINTA, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada polo director da obra

2. Rematada completamente a obra, procederase ao aboamento do 60 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (en orixinal ou copia compulsada):

* Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada, que debe ser dilixenciada polo técnico-director. Ao acto de recepción da obra deberá acudir un técnico designado pola Deputación, quen asinará tamén a correspondente acta

* Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obriga, expedida polo órgano competente.

* Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.

* Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

* Acreditación do cumprimento das obrigas de publicidade dispostas na cláusula QUINTA (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).

* Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario de bens da ENTIDADE BENEFICIARIA, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de cinco anos.

* Deberá acreditar o pago efectivo a os terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Concello de Arteixo na documentación aportada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o Concello de Arteixo terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

4.Deberá acreditar ter aboado a os terceiros o importe xustificado do 40% no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pago

**VII.- TERMO PARA O REMATE DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.**

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula PRIMEIRA, deberán estar rematadas polo menos TRES MESES antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA

2. Unha vez rematadas as obras, o Concello de Arteixo deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ó Concello de Arteixo para que á presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvencións e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ó Concello de Arteixo da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

**VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.**

1. O Concello de Arteixo deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificado ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao esta de oficio.

**IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.**

1. O Concello de Arteixo destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

**X- CONTROL INANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.**

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Concello de Arteixo poderá ser escolleita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Concello de Arteixo queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

**XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.**

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas dispostas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións dispostos nas normas citadas e na Base 55ª das de Execución do Orzamento da Deputación.

3. De conformidade co disposto na Base 55.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o retraso na realización das obras implicará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 ☐ se o retraso non excede de tres meses. Se o retraso na realización das obras actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o retraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción disposta na lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 ☐ Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da

xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.
5. Se o retraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que realizaron o obxecto do convenio, liquidarase o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

**XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.**

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Concello de Arteixo serán remitidas á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta en dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.
3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ó Concello de Arteixo será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es
4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

**XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.**

1.O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados desde o día 29 de agosto do presente ano, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día **1 de novembro do 2015, todo condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio presupostario correspondente.**
2. Para o caso de que o Concello de Arteixo non poida ter rematadas as obras e presentada a xustificación **antes do día 1 de setembro do 2015**, deberá solicitar antes desta data, a **prórroga** do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado polo director de obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que o Concello de Arteixo perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada a dita data
3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación.** En ningún caso se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e disposta nominativamente por acordo plenario.

**XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.**

1, O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e o da ENTIDADE BENEFICIARIA, respectivamente.
3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.
4. Faise constar que o presente convenio foi aprobado polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o
E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

O ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE ARTEIXO

DIEGO CALVO POUSO

CARLOS CALVELO MARTINEZ”

**57.-DESISTIR DA SOLICITUDE Á XUNTA DE GALICIA DA URXENTE OCUPACIÓN DOS BENS E DEREITOS AFECTADOS POLA EXPROPIACIÓN NECESARIA PARA A EXECUCIÓN DOS PROXECTOS DE OBRA INCLUÍDOS EN DISTINTOS PLANS OU PROGRAMAS DE INVESTIMENTO DE VÍAS PROVINCIAIS ENTRE OS ANOS 2006 A 2011.**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“Desistir da solicitude á Xunta de Galicia da urxente ocupación dos bens e dereitos afectados pola expropiación necesaria para a execución de obras incluídas nos plans de investimento en vías provinciais entre os anos 2006 a 2011, cuxos datos se indican a continuación:

| PLAN | DENOMINACIÓN OBRA | DATA PLENO APROBACIÓN DEPUTACIÓN | PRESUPOSTO DA OBRA | VALOR DE EXPROPIACIÓN |
|---|---|---|---|---|
| Plan de vías provinciais 2006-2008, décima relación | Ampliación e mellora do trazado na DP 0302 de Teixeiro á Falcona PK 0+000 ao 3+850 (Curtis) | 15/09/2006 | 984.930,90 | 53.114,72 |
| Plan de vías provinciais 2006-2008, novena relación | Ampliación e mellora da DP 2502 desde o PK 3+000 ao 9+800 de Valdoviño a Cerdido e variante de Forcadas (Valdoviño) | 27/07/2006 e 30/05/2008 | 1.773.792,78 | 264.905,55 |
| Plan de vías provinciais | Ampliación e mellora da plataforma con plataforma | 27/04/2006 | 702.002,62 | 235.773,37 |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| 2006-2008, sétima relación | peonil na DP 5303 de Muros a Louro PK 1+150 ao 3+150 (Muros) | | | |
| Plan de vías provinciais 2006-2008, sétima relación | Ensanche e mellora de trazado e afirmado da DP 0603 de Boimorto ao Orxal pola Mota PK 1+300 ao 10+400 (Boimorto e Arzúa) | 27/04/2006 e 29/03/2007 | 1.608.890,91 | 609.368,46 |
| Plan de vías provinciais 2006-2008, quinta relación | Ensanche e mellora da DP 7802 de Roxos a Reborido (Santiago) | 23/02/2006 e 26/03/2010 | 1.606.591,27 | 291.447,65 |
| Plan de vías provinciais 2006-2008, quinta relación | Ampliación e mellora do trazado da DP 4201 de Portobravo a Confurco PK 2+500 ao 7+700 (Lousame) | 23/02/2006 e 29/03/2007 | 1.615.231,95 | 913.217,58 |
| Plan de vías provinciais 2006-2008, quinta relación | Ensanche e mellora do trazado e afirmado da DP 5903 de Ordes a Portomouro PK 8+460 ao 17+040 (Trazo) | 23/02/2006 e 29/03/2007 | 3.024.282,11 | 1.109.808,06 |
| Plan de vías provinciais 2006-2008, quinta relación | Urdilde a Antequeira DP 7401, variante por Quintáns (Rois) | 23/02/2006 | 1.607.708,96 | 286.520,00 |
| Programa de vías provinciais 2009-2011 | Ampliación e mellora da DP 0906 de Campolongo a Betanzos PK 17+460 ao 19+800 (Paderne) | 25/03/2011 | 987.332,55 | 242.306,24 |
| Programa de vías provinciais 2009-2011 | Ampliación e mellora da DP 0906 de Campolongo a Betanzos PK 19+800 ao 22+980 (Betanzos) | 25/03/2011 | 1.137.879,94 | 297.509,15 |

**58.-APROBACIÓN DO PLAN DE CONSERVACIÓN DE VÍAS PROVINCIAIS 2014, QUINTA FASE.**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“Aprobar o Plan de conservación de vías provinciais 2014, quinta fase, integrado polas obras que se relacionan a continuación, coa indicación da súa denominación e presuposto:

| CÓDIGO | DENOMINACIÓN | PRESUPOSTO (DEPUTACIÓN FONDOS PROPIOS) |
|---|---|---|
| 14.1100.0047.0 | Renovación capa de rodadura con microaglomerado na DP 3604 San Xoán de Filgueira a Catabois; DP 3605 Penas de Guitín a San Xoán de Filgueira (Ferrol) e DP 5004 Casal de Arriba á Feira do Tres (Vilarmaior) | 211.271,57 |
| 14.1100.0048.0 | Mellora capa rodadura con mestura bituminosa en quente na DP 2904; Coristanco a Santa Comba | 719.038,45 |
| 14.1100.0049.0 | Renovación capa de rodadura con microaglomerado na DP 1503 Perlío a Lavandeira PK 0+630 a 8+020 (Fene e Cabanas) | 199.626,96 |
| | **TOTAL** | **1.129.936,98** |

O financiamento desta quinta fase do plan realízase con cargo á partida 0410/453A/61900 do vixente presuposto provincial para o exercicio 2014”.

**59.-APROBACIÓN DO PLAN DE INVESTIMENTO DE VÍAS PROVINCIAIS (VIP) 2014, QUINTA FASE E MODIFICACIÓN DO PLAN DE TRAVESÍAS 2014, SEGUNDA FASE.**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“Vista a proposta do día 3 de decembro de 2014 relativa á inclusión na quinta fase do Plan de vías provinciais 2014 da obra “Mellora seguridade viaria na DP 5812, Meirás ao porto de Santa Cruz desde o PK 1+840 ao PK 2+890” no Concello de Oleiros, excluíndoa do Plan de travesías 2014, segunda fase, aprobado inicialmente polo Pleno da Deputación na sesión celebrada o 30 de xullo de 2014 no marco das Bases reguladoras dos Plans de travesías 2012-2015 aprobadas polo Pleno da Deputación o 26 de outubro de 2012 e publicadas no BOP número 217 do 14 de novembro de 2012.

Tendo en consideración a situación do presente expediente, o avanzado do exercicio presupostario e a necesidade de executar a obra definida no proxecto inicialmente aprobado.

1.- Aprobar o Plan de investimento de vías provinciais 2014, quinta fase, integrado pola obra que se indica a continuación, excluíndoa do Plan de travesías 2014, segunda fase, aprobado inicialmente polo Pleno da Deputación na sesión celebrada o 30 de xullo de 2014:

| CÓDIGO | DENOMINACIÓN | CONCELLO | PRESUPOSTO |
|---|---|---|---|
| 14.1110.0008.0 | Mellora seguridade viaria na DP 5812, Meirás ao porto de Santa Cruz desde o PK 1+840 ao PK 2+890 | Oleiros | 340.377,43 |

O financiamento deste plan realizarase con cargo á partida 0410/453A/60900 do vixente presuposto provincial para o exercicio 2014.

2.- Dispoñer a exposición pública deste plan mediante a publicación dun anuncio no Boletín Oficial da Provincia (BOP) para que durante un prazo de 10 días se poidan presentar as alegacións que se consideren oportunas, podéndose proseguir as actuacións unha vez que transcorra o citado prazo sen que se presentara ningunha alegación.

3- Remitir o expediente para coñecemento e informe á Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación establecidos nos artigos 112 e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, podéndose proseguir as actuacións unha vez transcorrido o prazo de dez días sen que se emita ningún informe.”

**60.-APROBACIÓN INICIAL DA TERCEIRA FASE DO PLAN DE TRAVESÍAS DA ANUALIDADE 2014.**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“Vista a proposta de inclusión no Plan de travesías da anualidade 2014 do proxecto de obra que máis abaixo se indica, no marco das Bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e os concellos para executar os proxectos que se incluirán nas distintas fases do Plan de travesías 2012-2015, aprobadas polo Pleno da deputación na sesión celebrada o 26 de outubro de 2012 e publicadas no BOP número 217 do 14 de novembro de 2012.

1.- Aprobar inicialmente a terceira fase do Plan de travesías da anualidade 2014, integrada pola obra que se indica a continuación:

| CÓDIGO | DENOMINACIÓN | CONCELLO | PRESUPOSTO |
|---|---|---|---|
| 14.1130.0006.0 | Mellora da seguridade viaria e renovación de servizos na DP 7305 entre o PK 0+00 da CP 7306 e o Cruce coa Rúa Carreiro | Ribeira | 464.877,78 |
| | | **TOTAL** | **464.877,78** |

O financiamento deste plan realizarase con cargo á partida 0410/453C/60900 do vixente presuposto provincial para o exercicio 2014.

2.- Remitir un exemplar do citado proxecto ao concello correspondente no prazo de 5 días contados desde a aprobación inicial da correspondente fase do Plan de travesías, co obxecto de que o concello envíe á deputación no prazo de 40 días naturais contados desde a data de recepción do proxecto, a documentación sinalada na base 3.2 das de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e os concellos para executar os proxectos que se inclúan nas distintas fases do Plan de travesías 2012-2015”.

**61.-INFORME SOBRE O ESTADO DE EXECUCIÓN PRESUPOSTARIA A 31/11/2014 E PROXECCIÓN A 31/12/2014.**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Tomar coñecemento do informe sobre o estado de execución presupostaria a 30/11/2014 e proxección a 31/12/2014."

**62.-INFORMACIÓN SOBRE O PERÍODO MEDIO DE PAGO A PROVEDORES AO QUE SE REFIRE O REAL DECRETO 635/2014, DO 25 DE XULLO, CORRESPONDENTE AO MES DE NOVEMBRO.**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

**"PRIMEIRO:** Tomar coñecemento dos resultados do período medio de pago a provedores calculado cos criterios do Real decreto 635/2014, do 25 de xullo, na Deputación provincial e o Consorcio Provincial contra Incendios e Salvamento para o mes de novembro de 2014.

**SEGUNDO**: Unha vez remitida a información ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, acórdase a súa publicación na páxina de internet da Deputación Provincial da Coruña."

**63.-DAR CONTA DA APROBACIÓN INICIAL DO ORZAMENTO DO CONSORCIO PROVINCIAL CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO DA CORUÑA, EXERCICIO 2015 E O SEU ESTADO DE CONSOLIDACIÓN CO ORZAMENTO PROVINCIAL.**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

**"PRIMEIRO:** Tomar coñecemento do Orzamento inicialmente aprobado polo Consorcio Provincial contra Incendios e Salvamento da Coruña para o exercicio 2015, que presenta o seguinte resumo por capítulos:

| INGRESOS | | GASTOS | |
|---|---|---|---|
| **CAPITULOS** | **IMPORTE** | **CAPITULOS** | **IMPORTE** |
| I.- IMPOSTOS DIRECTOS | 0,00 | I.- GASTOS DE PERSOAL | 293.911,67 |
| II.- IMPOSTOS INDIRECTOS | 0,00 | II.- GASTOS BENS CORRENTES E SERVIZOS | 8.811.009,31 |
| III.- TAXAS E OUTROS INGRESOS | 1.842.372,52 | III.- GASTOS FINANCEIROS | 7.200,00 |
| IV.- TRANSFERENCIAS CORRENTES | 7.518.415,64 | IV.- TRANSFERENCIAS CORRENTES | 218.415,64 |
| V.- INGRESOS PATRIMONIAIS | 7.200,00 | V.- FONDO DE CONTINXENCIA | 0,00 |
| **TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES** | **9.367.988,16** | **TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES** | **9.330.536,62** |
| VIN.- ALLEAMENTO DE INVESTIMENTOS REAIS | 0,00 | VI.- INVESTIMENTOS REAIS | 37.451,54 |

| | | | |
|---|---|---|---|
| VII.- TRANSFERENCIAS DE CAPITAL | 0,00 | VII.- TRANSFERENCIAS DE CAPITAL | 0,00 |
| VIII.- ACTIVOS FINANCEIROS | 0,00 | VIII. - ACTIVOS FINANCEIROS | 0,00 |
| IX. PASIVOS FINANCEIROS | 0,00 | IX.- PASIVOS FINANCEIROS | 0,00 |
| **TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL** | **0** | **TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL** | **37.451,54** |
| **TOTAL ORZAMENTO** | **9.367.988,16** | **TOTAL ORZAMENTO** | **9.367.988,16** |

**SEGUNDO:** Quedar informado do estado de consolidación do Orzamento provincial e do Orzamento do Consorcio para o exercicio 2015, que presenta o seguinte resumo por capítulos:

| **INGRESOS** | | **GASTOS** | |
|---|---|---|---|
| **CAPITULOS** | **IMPORTE** | **CAPITULOS** | **IMPORTE** |
| I.- IMPOSTOS DIRECTOS | 14.948.813,00 | I.- GASTOS DE PERSOAL | 38.675.621,19 |
| II.- IMPOSTOS INDIRECTOS | 14.720.494,00 | II.- GASTOS BENS CORRENTES E SERVIZOS | 33.079.652,88 |
| III.- TAXAS E OUTROS INGRESOS | 11.200.043,52 | III.- GASTOS FINANCEIROS | 27.200,00 |
| IV.- TRANSFERENCIAS CORRENTES | 134.868.444,64 | IV.- TRANSFERENCIAS CORRENTES | 33.235.080,01 |
| V.- INGRESOS PATRIMONIAIS | 1.201.043,00 | V.- FONDO DE CONTINXENCIA | 3.425.000,00 |
| **TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES** | **176.938.838,16** | **TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES** | **108.442.554,08** |
| VIN.- ALLEAMENTO INVESTIMENTOS REAIS | 0,00 | VI.- INVESTIMENTOS REAIS | 21.806.992,32 |
| VII.- TRANSFERENCIAS DE CAPITAL | 0,00 | VII.- TRANSFERENCIAS DE CAPITAL | 20.915.077,36 |
| VIII.- ACTIVOS FINANCEIROS | 113250,00 | VIII. - ACTIVOS FINANCEIROS | 25.887.464,40 |
| IX. PASIVOS FINANCEIROS | 0,00 | IX.- PASIVOS FINANCEIROS | 0 |
| **TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL** | **113.250,00** | **TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL** | **68.609.534,08** |
| **TOTAL ORZAMENTO** | **177.052.088,16** | **TOTAL ORZAMENTO** | **177.052.088,16** |

**TERCEIRO**: Tomar en consideración o informe sobre os obxectivos de Estabilidade Orzamentaria e Regra de Gasto do Estado de Consolidación emitido pola Intervención Provincial.

**CUARTO:** Incorporar a información do Orzamento do Consorcio Provincial contra Incendios e Salvamento da Coruña á información do Orzamento Provincial do exercicio 2015 para xeral coñecemento.

**QUINTO:** Publicar no Boletín Oficial da Provincial o Estado de Consolidación do Orzamento Provincial e do Consorcio para o exercicio 2015 para os efectos de información, publicidade e transparencia."

**64.-INFORME FINAL DA EXECUCIÓN DO PLAN DE AUDITORÍAS SOBRE AS SUBVENCIÓNS PAGADAS NO EXERCICIO 2012 E PROPOSTA DE PLAN DE AUDITORÍAS PARA AS SUBVENCIÓNS PAGADAS NO EXERCICIO 2013.**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

**"PRIMEIRO.-** Aprobar todas as propostas de actuación realizadas no informe da Intervención, dado que a meirande parte delas xa están incorporadas ás Bases de Execución de 2015, pero, en particular, as dúas medidas novidosas que seguidamente se citan:

- En primeiro lugar, que nesa Área se leven a cabo os traballos necesarios e se impulsen os expedientes para a presentación ante o Pleno dunha Ordenanza reguladora do procedemento de control financeiro de subvencións, reintegros e sancións.

- En segundo lugar, que se preparen os acordos necesarios para que os concellos e demais entidades locais da provincia poidan delegar na Deputación Provincial da Coruña o exercicio do control financeiro de subvencións e dos servizos públicos xestionados indirectamente.

**SEGUNDO.-** Dándolle cumprimento ao previsto na Base de execución 61ª do Orzamento para o exercicio 2014, aprobar un novo Plan de auditorías con respecto ás subvencións aboadas no exercicio 2013, que cos parámetros e criterios previstos no apartado 5º do informe da Intervención, quedará do seguinte xeito:

**a)** Número de expedientes que se ha tramitar e tipos de procedementos**:**

Exercerase o control financeiro sobre 175 expedientes, dividíndose para os efectos de tramitación en dous tipos de actuacións:

PRIMEIRO GRUPO: EXPEDIENTES CON TRAMITACIÓN ORDINARIA (PO):

Este grupo estará formado por todos os expedientes nos que se fai necesario manter os trámites de control con dilixencia de comparecencia, análise da contabilidade e, no seu caso, comprobación material do investimento realizado.

SEGUNDO GRUPO: EXPEDIENTES CON TRAMITACIÓN ABREVIADA (PA):

Todos os demais expedientes, nos que o importe da subvención non supere os 3.000 euros e que se refiran ao financiamento de gastos correntes ou noutros que, da documentación subministrada coa xustificación se deduza unha evidencia razoábel da correcta aplicación dos fondos á finalidade para a que foi concedida a subvención. Nestes supostos, que serán valorados en cada caso polo interventor adxunto, o

expediente incoarase cun requirimento para que a entidade remita á Intervención orixinal ou unha copia compulsada dos xustificantes de gasto e o orixinal ou copia compulsada do documento que acredite o pagamento a través dun medio bancario.

Se, á vista da documentación recibida, os actuarios obteñen unha evidencia razoábel de que os fondos públicos foron correctamente aplicados, procederase á comprobación de posíbel existencia doutras subvencións para a mesma finalidade, mediante a comprobación na Base de Datos Nacional de Subvencións e mediante requirimentos enviados aos órganos competentes da Xunta de Galicia e do concello respectivo. Recibida a contestación aos requirimentos, realizarase xa o informe de control financeiro. Agora ben, se das comprobacións documentais realizadas, se pode inducir algunha irregularidade, o actuario responsábel poderá propor a transformación do expediente abreviado en ordinario, para os efectos dun control exhaustivo, con comparecencia e exame dos libros contábeis da entidade.

Con independencia do tipo de expediente que se ha tramitar e tal como xa se estableceu na proposta aprobada polo Pleno na sesión que tivo lugar o día 26 de marzo de 2010, cando na conclusión dun expediente se poña de manifesto unha irregularidade que dea lugar a un reintegro total ou parcial e que puido cometer a entidade beneficiaria en exercicios anteriores, proponse que, logo de facer constar esta circunstancia nunha consideración específica no informe definitivo, a Presidencia poida ditar unha resolución pola que se acorde a ampliación do procedemento de control a todas as subvencións percibidas pola entidade beneficiaria sobre as que non teña producido efectos a prescrición de accións.

**b)** O universo, criterios de escolleita e mostra dos expedientes**:**

Despois da experiencia acadada nos derradeiros anos, entre todas as entidades beneficiarias de subvencións sometidas a control financeiro, detectouse que as pertencentes ao sector deportivo constitúen un grupo especial de risco, debido especialmente á diversidade de fontes de financiamento coas que contan (patrocinios, publicidade, subvencións de distintas administracións públicas, etc.) e, por outra banda, porque se seguen a realizar pagos sen xustificar documentalmente e polo que ás veces non se tributa (opacidade fiscal). Así, para que sirva de exemplo, pódese tomar como referencia este derradeiro plan de auditorías sobre as subvencións pagadas no exercicio 2012, no que se atoparon irregularidades en 14 das 18 entidades controladas ( 78 por cento).

Pola razón exposta, proponse dividir o universo do plan nas seguintes dúas agrupacións diferenciadas:

- **AGRUPACIÓN A:** Establécese como tal os 1.163 expedientes que deron lugar aos pagos realizados ás entidades privadas no ano 2013 e que se relacionan no anexo II (todas, agás entidades deportivas). Para estas o criterio de escolla vén determinado no seguinte cadro:

| TRAMO | INTERVALO | Nº EXPEDIENTES DO TRAMO | PORCENTAXE DE CONTROL (%) | Nº DE EXPEDIENTES A CONTROLAR |
|---|---|---|---|---|
| **1º** | **1-10** | **10** | **50** | **5** |
| **2º** | **11-110** | **100** | **25** | **25** |
| **3º** | **111-650** | **540** | **10** | **54** |
| **4º** | **651-1163** | **513** | **5** | **25** |
| **TOTAL:** | | | | **109** |

- **AGRUPACIÓN B:** Integran esta segunda agrupación as 475 entidades deportivas que cobraron unha subvención de importe igual ou superior a 600 euros no ano 2013. (anexo III)

| TRAMO | INTERVALO | Nº EXPEDIENTES DO TRAMO | PORCENTAXE DE CONTROL (%) | Nº DE EXPEDIENTES A CONTROLAR |
|---|---|---|---|---|
| **1º** | **1-10** | **10** | **50** | **5** |
| **2º** | **11-110** | **100** | **25** | **25** |
| **3º** | **111-475** | **365** | **10** | **36** |
| **TOTAL:** | | | | **66** |

Con estes criterios de selección, a mostra incluirá 175 expedientes, sendo a xuízo da Intervención o suficientemente representativa para garantir un axeitado cumprimento legal e extraer conclusións que poidan extrapolarse ao conxunto da acción de fomento provincial.

A escolla dos expedientes realizarase ao chou, sobre a listaxe que se incorpora como anexo, seguindo a regra da aleatoriedade simple, en presenza do secretario xeral da Corporación, que dará fe do acto redactando a correspondente acta."

**65.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O ARCEBISPADO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA CORRESPONDENTE Á SUBVENCIÓN NOMINATIVA CONCEDIDA PARA FINANCIAR UNHA INTERVENCIÓN NA ERMIDA DO LODAIRO EN MUGARDOS, PARA A *RESTAURACIÓN DA CUBERTA, CORO E ESCALEIRA*.**

O Pleno, por unanimidade, acorda:

**"1.-** Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios están recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 15 de decembro de 2014.

**2.-** Aprobar o convenio co Arcebispado de Santiago correspondente á subvención nominativa, por importe de 28.000 €, concedida para financiar a ***Restauración da***

***cuberta, coro e escaleira da ermida do Lodairo, en Mugardos,*** por un importe total de 35.524,51 €***,*** que se realiza mediante a execución dos dous proxectos seguintes:

**Restauración de cuberta:** 27.029,10 €

**Forxado, entreplanta e escaleira:** 8.495,41 €

e de acordo co texto que se achega.

**3.-** Subordinar o presente acordo ao crédito que para o Exercicio de 2015, autorice o correspondente Orzamento

**4.-** Condicionar o presente acordo á remisión polo Arcebispado de Santiago de Compostela da documentación técnica indicada no informe do Servizo de Arquitectura e Mantemento do 15 de decembro de 2014.

"**Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Arcebispado de Santiago de Compostela para financiar a *Restauración da cuberta, coro e escaleira da ermida do Lodairo, en Mugardos.***

A Coruña,

**REUNIDOS**

O Sr. D. Diego Calvo Pouso, presidente da Deputación Provincial da Coruña.

O Excmo e Rvdo. Sr. D. Julián Barrio y Barrio, arcebispo de Santiago de Compostela.

Ambas as dúas partes no nome e a representación que teñen e coa capacidade legal para este acto

**MANIFESTAN**

**1.-** Que os art. 109.1.d) e 118.d) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia, atribúelle ás deputacións competencias no fomento e administración dos intereses peculiares da provincia en materia de cultura; asemade, a Lei 8/1995, do patrimonio cultural de Galicia, establece a colaboración das administracións públicas na protección e defensa dos bens que integran o patrimonio cultural de Galicia.

**2.-** A ermida do Lodairo é unha ermida rural construída sobre unha antiga capela, que foi ampliada no século XII, e reformada no ano 1939, que foi cando adquiriu a súa configuración actual.

Trátase dun ben patrimonial que se conforma como un templo dunha soa nave, de planta de cruz latina, con muros de cantaría agás en contrafortes, ocos e campanario. O forxado do coro e a escaleira de caracol son de madeira serrada, actualmente pintada, e baixo o coro existe un falso teito de táboas de madeira pintadas.

O estado xeral de conservación é moi deficiente, cun evidente deterioro da cuberta, do forxado do coro e dos chanzos da escaleira de caracol. Ademais sofre diversas afeccións estruturais, presentando numerosas gretas.

**3.-** Tendo en conta as circunstancias expostas, no Orzamento para o ano 2014 foi incorporado o crédito destinado ao seu financiamento.

**4.-** Os art. 109.1.d) e 118.d) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia atribúe ás deputacións competencias no fomento e administración dos intereses peculiares da provincia en materia de cultura. Asemade, a Lei 8/1995, do patrimonio cultural de Galicia establece a colaboración das administracións públicas na protección e defensa dos bens que integran o patrimonio cultural de Galicia.

**5.-** Neste contexto subscríbese o presente convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Arcebispado de Santiago de Compostela, no que se fixan as actuacións que se desenvolverán na Ermida do Lodairo, do Concello de Mugardos.

**CLÁUSULAS**

**I.- Obxecto**

**1.-** O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Arcebispado de Santiago de Compostela (R1500020A) para financiar a intervención na Ermida do Lodairo mediante a execución dos proxectos denominados:

**Restauración da cuberta da ermida,** cun importe de 27.029,10€

**Restauración do forxado, entreplanta e escaleira,** cun importe de 8.495,41€

tal como se definen nos proxectos de execución redactados por Lara Cuervo Álvarez, arquitecta colexiada nº 2658 do COAG.

**2.-** O Arcebispado de Santiago, na súa condición de promotor da obra, achega ao expediente un exemplar de cada un dos proxectos, nos que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como as acreditacións de que contan con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras.

Os ditos proxectos foron supervisados polos Servizos Técnicos da Deputación e contan con informe favorable.

**3.-** A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorporan os proxectos, tal e como esixe o artigo 123 do Texto refundido da lei de contratos do sector público e normativa de desenvolvemento, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado.

Xa que logo, unha vez rematada e dentro do período de vixencia do convenio, o Arcebispado de Santiago comprométese a destinala ao uso público para o que está prevista

**II.- Orzamento de gastos da actividade que ha realizar o Arcebispado de Santiago**

O Arcebispado de Santiago desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen nos proxectos redactados por Lara Cuervo Álvarez, arquitecta colexiada nº 2658 do COAG, consonte co seguinte orzamento:

| **RESTAURACIÓN DE CUBERTA** | |
|---|---|
| Actuacións previas : | 2.189,03 |
| Estrutura : | 2.552,64 |
| Cuberta e reparación de greta : | 9.397,04 |
| Instalación de saneamento: | 4.054,06 |
| Seguridade e saúde: | 250,39 |
| Xestión de residuos : | 180,35 |
| Control de calidade: | 148,00 |
| Total execución material: | 18.771,51 |
| Gastos xerais 13% : | 2.440,30 |
| Beneficio industrial 6% : | 1.126,29 |
| Suma G.X. e B. I. : | 3.566,59 |
| IVE 21% : | 4.691,00 |
| ***Total orzamento de contrata:*** | ***27.029,10 €*** |

| **RESTAURACIÓN DE FORXADO DE ENTREPLANTA (CORO) E ESCALEIRA** | |
|---|---|
| Actuacións previas : | 1.150,70 |
| Estrutura: | 2.076,36 |
| Pavimento e acabados : | 1.765,37 |
| Seguridade e saúde: | 280,88 |
| Xestión de residuos: | 156,87 |
| Control de calidade: | 469,82 |
| Total execución material : | 5.900,00 |
| Gastos xerais 13% : | 767,00 |
| Beneficio industrial 6% : | 354,00 |
| Suma G.X e B.I. : | 1.121,00 |
| IVE 21% : | 1.474,41 |
| ***Total orzamento de contrata :*** | ***8.495,41 €*** |

***Orzamento total 35.524,51 €***

**III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade.**

**1.-** A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da obra, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **28.000,00 €,** o que representa unha porcentaxe do **78,818 %.**

A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 78,818 % da cantidade efectivamente xustificada.

**2.-** Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

**3.-** A Deputación financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, non serán subvencionables os gastos de redacción de proxectos, tributos devengados pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc.

Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

**4.-** O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/334B/781, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito de abondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito, na presente anualidade.

Con respecto ás anualidades futuras, advírteselle ao Arcebispado de Santiago de que o compromiso de gasto queda condicionado á afectiva aprobación do orzamento para o dito ano e a que nel exista dotación orzamentaria axeitada e suficiente para afrontar o gasto.

**5.-** A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o Arcebispado de Santiago obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

**6.-** No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

**IV.- Contratación da execución.**

**1.-** Na súa condición de promotor, corresponderalle ao Arcebispado de Santiago o outorgamento do contrato de execución da obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula segunda.

**2.-** Con carácter previo á contratación, o Arcebispado de Santiago deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos construtores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

**3.-** No caso de que o Arcebispado de Santiago aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirlle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

**V.- Publicidade do financiamento provincial.**

**1.-** Durante a execución das obras e ata o seu remate e recepción, o Arcebispado de Santiago está obrigado a colocar un cartel que sexa visible polo menos a unha distancia de 25 metros no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o anagrama da Deputación e o importe da subvención concedida.

**2.-** Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do Arcebispado de Santiago.

**VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.**

A achega da Deputación seralle aboada ao Arcebispado de Santiago a medida que se expidan as correspondentes certificacións de obra, aplicándose sobre o seu importe a porcentaxe de financiamento.

Para tal efecto, o Arcebispado de Santiago deberá achegar a seguinte documentación:

* Copia do contrato formalizado.

* Certificación de obra subscrita polo técnico-director e polo contratista e relación valorada.

* Factura expedida polo contratista; no caso de que se presente unha copia compulsada, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

* Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

* Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

* Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

* Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

* Asemade, coa derradeira certificación de obra, achegarase acta de recepción e acreditación do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante fotografías dilixenciadas no reverso, e da inscrición de nota marxinal no Rexistro da

propiedade na que se deixe constancia do financiamento provincial e da afectación do inmoble á finalidade para a que foi concedida a subvención polo menos por un prazo de DEZ anos.

**VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.**

**1.-** As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula segunda, deberán estar rematadas o **31 de maio de 2015**, como máximo.

**2.-** Unha vez rematadas as obras, o Arcebispado de Santiago deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **30 de xuño de 2015.**

**3.-** De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao Arcebispado de Santiago para que a presente no prazo improrrogable de **quince días.**

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Arcebispado de Santiago da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 56ª6º das de Execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

**4.-** O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Arcebispado de Santiago na documentación subministrada.

Se transcorresen máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, o Arcebispado de Santiago ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

**VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.**

**1.-**O Arcebispado de Santiago deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que está ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

**2.-** A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao esta de oficio.

**IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.**

**1.-** O Arcebispado de Santiago destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

**2.-** Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

**3.-** Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, o Arcebispado de Santiago deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

**X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.**

**1.-** Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Arcebispado de Santiago poderá ser escolleita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

**2.-** Asemade, de acordo co establecido na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Arcebispado de Santiago queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

**XI.- Reintegro, infraccións e sancións.**

**1.-** O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen dende o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

**2.-** Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstas nas normas citadas.

**3.-** De conformidade co disposto na Base 56ª.6º das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización da actividade implicará unha sanción dun 10 % do importe da subvención co límite de 75 € se o atraso non excede de tres meses; se o

atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 % da subvención outorgada co límite de 150 €.

**4.-** Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 €; se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada, co límite de 400 €, e, se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 €.

**XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.**

**1.-** No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Arcebispado de Santiago serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

**2.-** Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

**3.-** Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Arcebispado de Santiago será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

**4.-** Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

**XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.**

**1.-** O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **30 de xuño de 2015,** e terá efectos retroactivos, polo que as obras contempladas nel poderán realizarse dende o 1 de xaneiro de 2014.

Esta vixencia queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente.

**2.-** Previa solicitude do Arcebispado de Santiago, realizada polo menos dous meses antes da data do fin do prazo, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes, e previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

**3.-** Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

En ningún caso poderá modificarse o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

**XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente.**

**1.-** O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

**2.-** A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, logo dos informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

**3.-** Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias establecida na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuadriplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento."

**66.-INFORME-PROPOSTA DE APROBACIÓN DA CARTA DOS DEREITOS E DEBERES DOS CIDADÁNS DA PROVINCIA DA CORUÑA EN RELACIÓN COA DEPUTACIÓN PROVINCIAL.**

INTERVENCIÓNS

Sr. Regueira Varela

Nós imos absternos neste punto porque, ben, sabemos que agora mesmo a sociedade está reclamando a máxima transparencia, pero xa existen leis que obrigaban as administracións públicas a ter esa transparencia, a propia Constitución española, o propio Estatuto de Autonomía de Galicia, a Lei da función pública, incluso o procedemento administrativo común xa pon de manifesto moitos dos puntos que se veñen recollendo nesta carta dos dereitos e deberes dos cidadáns. O curioso é que está moi ben sacar este tipo de manifestos e de cartas de dereitos e deberes, pero o que é importante non é que existan, que xa existen na lei, o importante é cumprilo. Este equipo político ten experiencia no custoso que nos resultou a nós que esta Administración pública nos dera acceso ao estudo económico-financeiro, incluso cando o propio valedor do pobo manifestaba claramente que tiñamos que ter acceso a el. Tamén botamos en falta que os propios concellos que pertencen á Deputación da Coruña teñan tamén neste documento unha carta de dereitos e de obrigas, que nós consideramos que os concellos deben de ter dereito a saber co tempo suficiente que obras se van executar no seu termo municipal, para poder planificar os seus recursos, trasladarlle aos veciños e veciñas, etc., etc., e parécenos que buscando esa

axilidade, esa participación, esa transparencia, que di o documento que ten que ter a Deputación provincial, parécenos e botamos en falta claramente que exista un procedemento que regule a participación dos cidadáns e das cidadás neste salón de Plenos. Aquí houbo episodios onde asistiron ao Pleno diferentes colectivos sociais, hoxe temos aquí unha serie de mozos e mozas, que non veñen a manifestar claramente nada, pero que si poderían vir a facelo no futuro, e cremos que en pro desa transparencia, desa participación, desa axilidade, desa apertura de portas á sociedade, este documento tamén debería de recoller un regulamento onde os colectivos sociais que tiveran algo que dicirnos, puideran dicilo neste salón de plenos, con total normalidade, a través dun regulamento que articulase como tiñan que facelo, que tempo terían para facelo, etc., etc.

En todo caso, parécenos ben que exista esta carta, non temos nada en contra, cremos que é reiterar xa o que vén na lei, a lei haina que cumprir, polo tanto, ímonos abster.

<u>Sr. Ruiz Rivas</u>

Grazas, Sr. presidente, Sras. e Sres. deputados. Pois a nós si nos parece importante esta carta de servizos e parécenos importante porque estamos nun momento da vida, eu diría, desta sociedade, en que as relacións entre os administrados ou cidadáns, ou veciños, como queiramos chamarlle, e as administracións, non pasan polo mellor momento. Polo tanto, esta aprobación vén significar unha aposta desta Administración provincial, un posicionamento no que o cidadán pasa a ser o eixe da actividade desta Deputación, que non se entende ao cidadán como un simple receptor de dereitos, senón precisamente o que se fai é o recoñecemento do dereito fundamental que teñen a unha boa administración pública, e ademais fíxanse os dereitos e deberes que compoñen esta boa administración. Polo tanto, creo que a Deputación ponse na vangarda do que é precisamente o que debe ser a nosa actividade, que o cidadán estea no centro do que deben ser todos e cada un dos pasos que vaiamos dando na actuación administrativa.

Dito isto, simplemente recordar que isto é un marco, unha guía, na que se vai englobar todo o que debe ser o funcionamento dunha boa administración, así a carta o que inclúe son os principios que esta Deputación cumprirá e fará cumprir, principios que, efectivamente, recollen o resto do ordenamento xurídico, pero principios que creo que deben estar no centro da nosa actividade como ente que xera dereitos e deberes tamén para os cidadáns, principios como eficacia, eficiencia, economía procesual, principios de avaliación permanente da Deputación, da ética administrativa, da participación efectiva dos cidadáns, da publicidade, da claridade de normas e da totalidade dos procedementos, da seguridade xurídica ou do exercicio proporcionado do poder, así como da boa fe, da obxectividade, transparencia e acceso á información.

Polo tanto, esa toma de posicionamento, creo que o cidadán así o vai entender, como un compromiso desta e das futuras corporacións provinciais de achegarse ao cidadán, como dicía antes, como centro do que debe ser toda a nosa actividade. Polo demais, como non vexo ningún voto en contra, tampouco quixera entrar nas argumentacións do resto dos Grupos, pois por unha parte vese as eivas que consideran que ten a nosa proposta, pero por outra parte tamén nos di que con

eivas e todo, ampliémoslIo tamén como receptor de dereitos aos concellos, polo tanto, entendo que é un visto e prace tamén deste Grupo político ao que hoxe, polo que entendo, imos aprobar. Máis nada e moitas grazas, Sr. Presidente.

**VOTACIÓN**

Votan a favor: 26 deputados (17 do PP e 9 do PSOE)
Votan en contra: ningún deputado
Abstéñense: 5 deputados (BNG)

**ACORDO**

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PP e do PSOE e a abstención do BNG, acorda:

“Visto o expediente relativo ao Informe-Proposta de Aprobación da Carta dos Dereitos e Deberes dos Cidadáns da Provincia da Coruña en Relación coa Deputación Provincial.
Preténdese a aprobación dunha Carta de dereitos e deberes dos cidadáns da provincia, que recoñeza o dereito da persoa á boa administración pública.
No documento que será obxecto de aprobación recóllense obrigacións e dereitos esixibles, así como a posibilidade de desenvolvemento para garantir a efectividade do seu contido.
Trátase dunha disposición de carácter xeral que regula dereitos e obrigas e por iso a súa tramitación debe ser a establecida para os regulamentos.
É aplicable á elaboración dos regulamentos a Lei reguladora das bases de réxime local (LRBRL) artigo 49.

**COMPETENCIA:**

Segundo o artigo 33.2 b) da Lei 7/1985, do 2 de abril (LRBRL), correspóndelle ao Pleno a aprobación de ordenanzas.
Para a súa aprobación, de acordo co artigo 47.1 e 2. da LRBRL, basta coa maioría simple.

**PROCEDEMENTO:**

Segundo o establecido no artigo 49 LRBRL, en concordancia co establecido no artigo 70.2, LRBRL, o procedemento deberá constar das seguintes fases esenciais:

a) Aprobación inicial do Pleno.
b) Información pública durante trinta días, como mínimo, para a presentación de reclamacións.
c) Acordo do Pleno, polo que se resolven as reclamacións e polo que se aproban definitivamente as modificacións. No caso de que non houbese reclamacións enténdese definitivamente adoptado o acordo.
d) Publicación no BOP, como requisito necesario para a entrada en vigor da modificación, unha vez transcorridos quince días hábiles desta.

Polo anterior, proponse ao Pleno a adopción do seguinte acordo:
1º.- Aprobar inicialmente a Carta dos dereitos e deberes dos cidadáns da provincia da Coruña en relación coa Deputación provincial co texto que se reproduce a continuación do presente acordo

2º.- Sometela a información pública por un prazo de trinta días para a presentación de reclamacións
3º.- Entender definitivo o acordo no caso de que non se presentasen reclamacións dentro do prazo de exposición pública.
4º.- Elevar ao Pleno as reclamación presentadas, no seu caso.
5º.- Publicar o texto completo no Boletín Oficial da Provincia para a súa entrada en vigor.

**"Carta dos dereitos e deberes dos cidadáns da provincia da Coruña en relación coa Deputación provincial"**

**PREÁMBULO**

O Goberno de España emprendeu na actual lexislatura (2012-2016) unha serie de reformas das Administracións públicas inspirada nos principios de transparencia pública e disciplina orzamentaria, racionalización do sector público, mellora da eficiencia das AA.PP. e administración ao servizo dos cidadáns e empresas. Para iso creou a Comisión para a Reforma das Administracións Públicas (CORA)

En tal sentido promulgáronse unha serie de leis que pretenden alcanzar os obxectivos previstos, entre as que se atopan a Lei orgánica de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, a Lei de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Lei de racionalización e sustentabilidade da administración local.

A Deputación Provincial da Coruña no presente mandato (2011-2015) sumouse ás medidas implantadas polo Goberno, como non podía ser doutra maneira, aínda que xa anticipara medidas de reforma que CORA incluíu como necesarias no seu informe, en orde a unha xestión máis eficiente, máis próxima ao cidadán e en xeral máis transparente.

Creouse o Portal de Transparencia Provincial, facendo extensivo o modelo aos concellos que o estimasen, levou a cabo un Plan de emprego no que se reorganizou a estrutura funcionarial, facendo máis eficiente a asistencia aos municipios, implantouse o Sistema de factura electrónica, creouse a Central de Contratación, reduciuse o Parque Móbil, programouse un plan de eficiencia no uso de medios informáticos coa reasignación de recursos, implantouse o expediente electrónico en varias áreas, reducindo a carga administrativa para o cidadán especialmente na tramitación de subvencións e a área tributaria, potenciando a atención ao cidadán, que é en definitiva o destinatario dos servizos que presta toda Administración pública .

En efecto, o Estado Social e Democrático de Dereito outorga unha posición xurídica á persoa, un status de cidadán nas súas relacións coa Administración pública. Agora os cidadáns xa non son simples receptores de bens e servizos públicos; son protagonistas principais dos asuntos de interese xeral e dispoñen dunha serie de dereitos, sendo o fundamental o dereito a unha boa Administración pública, a unha Administración pública que promova a dignidade humana.

A boa Administración pública adquire unha tripla funcionalidade. En primeiro termo, é un principio xeral de aplicación á Administración pública e ao dereito administrativo. En segundo lugar, é unha obrigación de toda Administración pública que se deriva da definición do Estado Social e Democrático de Dereito En terceiro lugar, desde a perspectiva da persoa, trátase dun xenuíno e auténtico dereito fundamental, do que se derivan, como recoñece a presente Carta, unha serie de dereitos concretos, dereitos compoñentes que definen o estatuto do cidadán na súa relación coas Administracións públicas e que están dirixidos a subliñar a dignidade humana.

Ser cidadán significa asumir un compromiso coa contorna social, do cal se derivan non só dereitos senón tamén  deberes. A Constitución española fai referencia desde unha perspectiva xeral, aos deberes dos cidadáns a cumprir as leis, a promover o ben común e a colaborar cos poderes públicos pola consecución do interese xeral. E nas principais leis administrativas atopamos referencias expresas aos devanditos deberes aplicados á relación coa Administración pública no marco do procedemento administrativo.
A Deputación atendendo aos principios de transparencia, racionalización, eficiencia e administración ao servizo do cidadán decidiu aprobar unha Carta de dereitos e deberes do cidadán da provincia en relación coa Deputación provincial.
Trátase de conseguir unha Administración aberta aos cidadáns á vez que responsable ante eles, deixando claro que os cidadáns poderán formular as súas queixas e suxestións sobre o funcionamento da Administración e esixir, en caso necesario, as reparacións a que houbese lugar. Preténdese para iso unha Administración transparente, atenta co cidadán, responsable ante el, participativa, áxil e tecnoloxicamente avanzada.
Esta Carta será complementada pola normativa de desenvolvemento propia, e pola lexislación vixente da que se derivan dereitos ou deberes para o cidadán.
A presente carta está dividida en cinco capítulos. O primeiro refírese á súa finalidade: subliñar a dimensión xurídica da posición do cidadán en relación coa Deputación da Coruña.
No capítulo segundo desenvólvense os principios que constitúen a base da obrigación de boa administración dos poderes públicos
O capítulo terceiro atende á definición do dereito fundamental da persoa á boa Administración pública e ao conxunto dos dereitos que a compón.
No capítulo cuarto, por obvias razóns de equilibrio, a fin de ofrecer un panorama completo do estatuto do cidadán, recapitúlanse de forma xeral, os principais deberes que ten o cidadán no marco das súas relacións coa Deputación provincial.
Finalmente, no quinto capítulo establécese a protección procesual e administrativa do dereito fundamental á boa administración e dos dereitos que a compoñen, que é a propia da protección dos dereitos humanos, dos dereitos fundamentais da persoa. Ademais contémplase o desenvolvemento e a avaliación do cumprimento da Carta.
A presente Carta constitúe un marco de referencia que posibilita, na medida en que non se opoña ao disposto no ordenamento xurídico, unha ordenación dos dereitos e deberes do cidadán en relación coa Administración provincial.

**CAPÍTULO PRIMEIRO: FINALIDADE DA CARTA**

1. A Carta dos dereitos e deberes do cidadán en relación coa Deputación provincial ten como finalidade o recoñecemento do dereito fundamental da persoa á boa Administración pública e dos seus dereitos e deberes compoñentes. Así, os cidadáns poderán asumir unha maior conciencia da súa posición central no sistema administrativo e, desta forma, poder esixir das autoridades, funcionarios, axentes, servidores e demais persoas ao servizo da Administración pública, actuacións caracterizadas sempre polo servizo obxectivo ao interese xeral e consecuente promoción da dignidade humana.

**CAPÍTULO SEGUNDO: PRINCIPIOS**

No marco do respecto dos postulados do bo funcionamento das institucións públicas e da observación estrita do ordenamento xurídico, a Administración pública serve con obxectividade ao interese xeral e actúa con pleno sometemento ás leis e ao dereito, especialmente nas súas relacións cos cidadáns, de acordo cos principios

expostos nos seguintes preceptos, que constitúen a base do dereito fundamental á boa Administración pública en canto este está orientado á promoción da dignidade humana.

2. O **principio de servizo obxectivo aos cidadáns** proxéctase a todas as actuacións administrativas e dos seus axentes, funcionarios e demais persoal ao servizo da Administración pública, sexan expresas, tácitas, presuntas, materiais –incluíndo a inactividade ou omisión- e concrétase no profundo respecto aos dereitos e intereses lexítimos dos cidadáns, que haberá de promover e facilitar permanentemente. A Deputación provincial e os seus funcionarios e demais persoal ao seu servizo deben estar ao dispor dos cidadáns para atender os asuntos de interese xeral de maneira adecuada, obxectiva, equitativa e en prazo razoable.

3. O **principio de igualdade material** diríxese á creación das condicións necesarias para que a liberdade e a igualdade dos cidadáns e dos grupos en que se integran sexan reais e efectivas, removendo os obstáculos que impidan o seu cumprimento e fomentando a participación cidadá co fin de que os cidadáns contribúan activamente a definir o interese xeral nun marco de potenciación da dignidade humana.

4. O **principio de racionalidade** esténdese á motivación e argumentación que debe caracterizar todas as actuacións administrativas, especialmente no marco do exercicio das potestades discrecionais.

5. En virtude do **principio de igualdade de trato**, todos os cidadáns serán tratados de maneira igual, garantíndose, con expresa motivación nos casos concretos, as razóns que poidan aconsellar a diferenza de trato, prohibíndose expresamente toda forma de discriminación calquera que sexa a súa natureza.

A Deputación provincial deberá realizar os axustes tecnolóxicos e físicos necesarios para asegurar que este principio chegue efectivamente aos cidadáns con especiais dificultades, especialmente ás persoas con discapacidade.

6. **Principio de eficacia**, en cuxa virtude as actuacións administrativas deberán realizarse, de acordo co persoal asignado, no marco dos obxectivos establecidos para cada ente público, que sempre estarán ordenadas á maior e mellor satisfacción das necesidades e lexítimas expectativas do cidadán.

A Deputación buscará que os procedementos e as medidas adoptadas logren a súa finalidade e, para iso, procurará remover de oficio os obstáculos puramente formais e evitará as dilacións e os retardos, buscando a compatibilidade coa equidade e o servizo obxectivo ao interese xeral. Nesta materia será de aplicación, de acordo co ordenamento xurídico, o réxime de responsabilidade do persoal ao servizo da Administración pública.

7. O **principio de eficiencia** obriga a todas as autoridades e funcionarios a optimizar os resultados alcanzados en relación cos recursos dispoñibles e investidos na súa consecución nun marco de compatibilidade coa equidade e co servizo obxectivo ao interese xeral.

8. De acordo co **principio de economía procesual**, o funcionamento da Deputación provincial estará guiado polo uso racional dos recursos públicos dispoñibles.

O gasto público realizarase atendendo a criterios de equidade, economía, eficiencia e transparencia.

9. En virtude do **principio de responsabilidade** a Deputación provincial responderá as lesións nos bens ou dereitos dos cidadáns ocasionados como

consecuencia do funcionamento dos servizos públicos ou de interese xeral de acordo co ordenamento xurídico correspondente.

10. De acordo co **principio de avaliación permanente da Deputación provincial**, esta tenderá a adecuar a súa estrutura, funcionamento e actividade, interna e externa, á identificación de oportunidades para a súa mellora continua, medindo de forma obxectiva o desempeño das súas estruturas administrativas.

11. **Principio de universalidade, asequibilidade e calidade dos servizos públicos** e de interese xeral con independencia da localización xeográfica dos cidadáns e do momento en que estes precisen o uso dos devanditos servizos por parte da Deputación provincial.

De acordo con estes principios os cidadáns atoparán sempre na Deputación provincial as mellores condicións para a tramitación e asesoramento dos asuntos públicos que lles afecten.

Nestes casos, o uso das tecnoloxías da información e a comunicación (TICS) facilita a tramitación de numerosos procedementos e permite de forma puntual coñecer en cada momento o estado da tramitación, así como liquidar as dúbidas que poidan ter os interesados.

12. **Principio de ética administrativa**, en cuxa virtude todas as persoas ao servizo da Deputación provincial deberán actuar con rectitude, lealdade e honestidade, promovéndose a misión de servizo, a probidade, a honradez, a integridade, a imparcialidade, a boa fe, a confianza mutua, a solidariedade, a transparencia, a dedicación ao traballo no marco dos máis altos estándares profesionais, o respecto aos cidadáns, a dilixencia, a austeridade no manexo dos fondos e recursos públicos así como a primacía do interese xeral sobre o particular.

13. **Principio de participación**, en cuxa virtude os cidadáns, no marco do disposto na lexislación local, poderán, segundo a lexislación interna de cada país, estar presentes e influír en todas as cuestións de interese xeral a través dos mecanismos previstos nos diferentes ordenamentos xurídicos de aplicación. Igualmente, propiciarase que os cidadáns participen no control da actividade administrativa de acordo coa lexislación administrativa correspondente.

De igual maneira, a Deputación provincial facilitará que os cidadáns interesados participen, individual ou colectivamente, tamén a través dos seus lexítimos representantes, no procedemento de elaboración das normas administrativas que poidan afectarlles.

14. **Principio de publicidade e claridade das normas**, dos procedementos e do enteiro quefacer administrativo no marco do respecto do dereito á intimidade e das reservas, que, por razóns de confidencialidade ou interese xeral, serán obxecto de interpretación restritiva.

As autoridades darán a coñecer aos cidadáns e aos interesados, de forma sistemática e permanente, os seus actos, contratos e resolucións, mediante comunicacións, notificacións e publicacións, incluíndo o emprego de tecnoloxías que permitan difundir de forma masiva tal información.

15. **Principio de seguridade xurídica, de previsibilidade, claridade e certeza normativa**, en cuxa virtude a Deputación provincial sométese ao dereito vixente en cada momento, sen que poida variar arbitrariamente as normas xurídicas.

A Deputación provincial procurará usar na elaboración das normas e actos da súa competencia unha linguaxe e unha técnica xurídica que tenda, sen perder o rigor, a facerse entender polos cidadáns.

16. En virtude do **principio de proporcionalidade** as decisións administrativas deberán ser adecuadas ao fin previsto no ordenamento xurídico, ditándose nun marco de xusto equilibrio entre os diferentes intereses en presenza e evitándose limitar os dereitos dos cidadáns a través da imposición de cargas ou gravames irracionais ou incoherentes co obxectivo establecido.

17. O **principio de exercicio proporcionado do poder** significa que os poderes deberán exercerse, única e exclusivamente, para a finalidade prevista nas normas de outorgamento, prohibíndose o abuso ou exceso de poder, sexa para obxectivos distintos dos establecidos nas disposicións xerais ou para lesionar o interese xeral.

18. De acordo co **principio de obxectividade**, fundamento dos principios de imparcialidade e independencia, as autoridades e funcionarios, así como todas as persoas ao servizo da Deputación provincial, deberán absterse de toda actuación arbitraria ou que ocasione trato preferente por calquera motivo, actuando sempre en función do servizo obxectivo ao interese xeral, prohibíndose a participación en calquera asunto no que el mesmo, ou persoas ou familiares próximos, teñan calquera tipo de interese ou nos que poida existir conflito de intereses segundo o ordenamento xurídico correspondente.

19. **Principio de boa fe**, en cuxa virtude as autoridades e os cidadáns presumirán o comportamento legal e adecuado duns e outros no exercicio das súas competencias, dereitos e deberes.

20. **Principio de celeridade**, en cuxa virtude as actuacións administrativas deberán realizarse optimizando o uso do tempo, resolvendo os procedementos nun prazo razoable que será o que corresponda de acordo coa dotación de persoas e de medios materiais dispoñibles e de acordo co principio de servizo obxectivo ao interese xeral, así como en función das normas establecidas para tal fin.

21. **Principio de transparencia e acceso á información de interese xeral**: o funcionamento, actuación e estrutura da Deputación provincial deberá ser accesible a todos os cidadáns, de maneira que estes, de acordo coa protección do dereito á intimidade e das declaracións motivadas de reserva por razóns de interese xeral, poidan coñecer en todo momento, grazas á existencia de arquivos adecuados, a información xerada pola Deputación provincial de acordo coa lexislación.

As autoridades deberán impulsar de oficio os procedementos e procurarán usar as tecnoloxías da información e a comunicación (TICS) para os efectos de que os procedementos se tramiten con dilixencia e sen dilacións inxustificadas de acordo cos enunciados da Lei de acceso á administración electrónica. Igualmente, procurarase potenciar o uso de estándares abertos para facilitar a difusión e reutilización da información pública ou de interese xeral.

22. O **principio de protección da intimidade**: as persoas ao servizo da Deputación provincial que manexen datos persoais respectarán a vida privada e a integridade das persoas de acordo co principio do consentimento, prohibíndose, de acordo cos ordenamentos xurídicos correspondentes, o tratamento dos datos persoais con fins non xustificados e a súa transmisión a persoas non autorizadas.

23. O **principio de garantía do procedemento**: as actuacións administrativas realizaranse de acordo coas normas de procedemento e competencia establecidas na lexislación xeral, con plena garantía dos dereitos de representación, defensa e contradición.

**CAPÍTULO TERCEIRO: O DEREITO FUNDAMENTAL Á BOA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E OS SEUS DEREITOS DERIVADOS.**

Os cidadáns son titulares do dereito fundamental á boa Administración pública, que consiste en que os asuntos de natureza pública sexan tratados con equidade, xustiza, obxectividade, imparcialidade, sendo resoltos en prazo razoable ao servizo da dignidade humana.

En concreto, o dereito fundamental á boa Administración pública componse, entre outros, dos dereitos sinalados nos artigos seguintes.

24. **Dereito á motivación das actuacións administrativas**: todas as actuacións da Deputación provincial deberán estar amparadas en razoamentos intelixibles para todo cidadán acreditándose a obxectividade que preside o seu enteiro e completo quefacer.

25. **Dereito á tutela administrativa efectiva**: durante a substanciación do procedemento administrativo a actuación da Deputación provincial estará sometida plenamente á lei e ao dereito e procurará evitar que o cidadán interesado poida atoparse en situación de indefensión.

26. **Dereito a unha resolución administrativa amparada no ordenamento xurídico, equitativa e xusta**, de acordo co solicitado e ditada nos prazos e termos que o procedemento sinale. Neste sentido as autoridades deberán resolver os expedientes que estean no seu poder nos prazos establecidos, os cales á súa vez deberán permitir unha defensa xurídica adecuada dos cidadáns, dando a coñecer o tempo máximo de resolución previsto, no marco dos medios materiais e as dotacións de persoas cos que conte a Deputación provincial.

27. **Dereito a presentar por escrito ou de palabra peticións** de acordo co que se estableza nas lexislacións administrativas de aplicación, nos rexistros físicos ou informáticos.

28. **Dereito a elixir o modo de comunicarse coa Administración**. A forma de relación do cidadán coa Deputación provincial debe ser elixida polo propio cidadán e facilitada por aquela. En todo caso a Administración pública deberá asegurar a disposición dos medios máis adecuados para persoas con discapacidade. En relación co uso das linguas cooficiais, atenderase ao disposto no ordenamento xurídico.

29. **Dereito a non presentar documentos que xa estean en poder da Administración pública**.

Os cidadáns teñen dereito a non presentar documentos cando estes se atopen ao dispor da Administración pública. A Deputación provincial deberá arbitrar os medios necesarios para, en tempo e forma, atender a este dereito facendo uso das posibilidades de intercomunicación a través das TICS dos rexistros das distintas Administracións públicas.

30. **Dereito a ser ouvido** sempre antes de que se adopten medidas que lles poidan afectar desfavorablemente.

31. **Dereito de participación nas actuacións administrativas en que teñan interese**, especialmente a través de audiencias e de informacións públicas.

Os cidadáns terán dereito a participar, a teor do disposto na lexislación do réxime local, nos procedementos de elaboración de disposicións de carácter xeral cando a natureza da norma lles afecte directamente de acordo co disposto no ordenamento xurídico correspondente.

32. **Dereito a servizos públicos e de interese xeral de calidade**.

Os servizos de responsabilidade pública deben ofrecer aos usuarios determinados patróns ou estándares concretos de calidade, que se medirán

periodicamente e poranse en coñecemento dos usuarios para que estes estean o mellor informados posible e poidan efectuar os comentarios e suxestións que estimen pertinentes.

33. **Dereito a coñecer e a opinar sobre o funcionamento e a calidade dos servizos públicos** e de responsabilidade administrativa para o que a administración pública propiciará o uso das TICS.

34. **Dereito a formular alegacións** no marco do procedemento administrativo.

Con independencia das audiencias e informacións públicas que estean previstas no ordenamento xurídico correspondente, os cidadáns interesados poderán formular as alegacións que estimen pertinentes, sempre que estean convenientemente argumentadas, de acordo co procedemento administrativo.

35. **Dereito a presentar queixas e reclamacións** ante a Deputación provincial. Os cidadáns tamén terán dereito a presentar recursos contra actos ou resolucións da Deputación provincial de acordo co ordenamento xurídico.

Os cidadáns poderán denunciar os actos con resultado danoso que sufran en calquera dos seus bens e dereitos producidos polos entes públicos no exercicio das súas funcións.

36. **Dereito a coñecer as avaliacións de xestión** que faga a Deputación provincial e a propor medidas para a súa mellora permanente de acordo co ordenamento xurídico correspondente.

Os cidadáns poderán ser consultados periodicamente sobre o seu grao de satisfacción cos servizos que reciben da Deputación provincial, a través de enquisas, sondaxes e demais instrumentos apropiados para iso.

37. **Dereito de acceso á información pública e de interese xeral**, así como aos expedientes administrativos que lles afecten no marco do respecto ao dereito á intimidade e ás declaracións motivadas de reserva que haberán de concretar o interese xeral en cada suposto no marco dos correspondentes ordenamentos xurídicos.

Facilitarase o exercicio deste dereito mediante medios electrónicos a través do portal de transparencia e acceso á información de interese xeral.

38. **Dereito a copia selada dos documentos** que presenten á Deputación provincial.

Todo cidadán, co fin de iniciar un procedemento administrativo ou unha determinada solicitude á Deputación provincial con todas as garantías, recibirá copia selada de tal actuación ante a Administración. A copia selada facilitaráselle en medios físicos ou electrónicos dependendo do medio escollido para o inicio do procedemento ou realización da solicitude.

39. **Dereito a ser informado e asesorado en asuntos de interese xeral**.

Os cidadáns teñen dereito a que quen presta os seus servizos nas oficinas públicas de atención ao cidadán establecidas para tal fin lles asesoren e informen de forma amable, dilixente e respectuosa acerca dos trámites ou outras cuestións de interese xeral. Nas devanditas oficinas debe haber organigramas dos entes públicos que pertenzan ao ámbito administrativo xa sexa de forma material ou virtual.

Os cidadáns teñen o dereito a que nas resolucións desfavorables consten os medios de impugnación que o ordenamento xurídico pon ao seu alcance, con expresa mención dos prazos e consecuencias xurídicas da interposición de tales reclamacións ou recursos.

40. **Dereito a ser tratado con cortesía e respecto**.

Toda persoa ten dereito a un trato digno por quen presta os seus servizos nas dependencias públicas.

Todo cidadán que se atope en situación de pobreza, indefensión, debilidade manifesta, discapacidade, nenos, nenas, adolescentes, mulleres xestantes ou adultos maiores terán dereito a unha especial protección por parte das autoridades, axentes e demais persoal ao servizo da Deputación provincial, quen debe facilitarlles todo o posible para o acceso ás oficinas públicas, a orientación adecuada e os servizos que soliciten.

41. **Dereito a coñecer o responsable da tramitación do procedemento administrativo.**

Cando se inicia un procedemento administrativo, na copia selada que se entrega ao cidadán interesado procurarase facer constar, por medios físicos ou electrónicos segundo corresponda, de acordo co ordenamento xurídico, a identidade do servidor público responsable da tramitación do devandito expediente, a quen o cidadán poderá dirixirse nos horarios establecidos para o efecto.

42. **Dereito a coñecer o estado dos procedementos administrativos que lles afecten**.

O funcionario responsable da tramitación do procedemento estará ao dispor do cidadán interesado para informalo en cada momento da situación do expediente administrativo, sexa oralmente, por escrito ou a través das TICS.

43. **Dereito a ser notificado por escrito nos prazos e termos establecidos** nas disposicións correspondentes e coas maiores garantías, das resolucións que lles afecten.

44. **Dereito á atención confidencial** e a que os traballadores que o atendan garden segredo de canto lles confíen no exercicio das súas funcións, así como á protección de datos de carácter persoal, conforme a lexislación vixente.

45. **Dereito a participar** en asociacións ou institucións de usuarios de servizos públicos ou de interese xeral.

46. **Dereito a esixir o cumprimento das responsabilidades** das persoas ao servizo da Deputación provincial e dos particulares que cumpran funcións administrativas de acordo co ordenamento xurídico.

Os cidadáns, ademais do dereito a esixir a xusta indemnización en prazo razoable pola lesión que poidan sufrir nos seus bens ou dereitos a causa do funcionamento dos servizos públicos ou de interese xeral, nos casos en que así se determine de acordo co ordenamento xurídico correspondente, poderán demandar, ante a Administración e/ou ante os xuíces ou tribunais, as responsabilidades en que poidan incorrer os servidores públicos no exercicio das súas funcións.

## CAPÍTULO CUARTO: OS DEBERES DO CIDADÁN DA PROVINCIA DA CORUÑA EN RELACIÓN COA DEPUTACIÓN PROVINCIAL.

Os cidadáns, nas súas relacións coa Deputación provincial, teñen, correlativamente cos seus dereitos, senllos deberes e obrigacións, que son, entre outros, os que se expoñen nos seguintes preceptos

47. **Lealdade**. Os cidadáns deben acatar con lealdade a Constitución, as leis así como o enteiro ordenamento xurídico conforme as esixencias dun Estado de Dereito.

48. **Boa fe**. Os cidadáns haberán de actuar sempre de acordo co principio de boa fe, tanto no uso da información obtida da Administración provincial, a cal deberá ser utilizada con interese lexítimo, como así tamén absterse do uso de manobras dilatorias en todo procedemento ou actuación en relación coa devandita Administración.

49. **Veracidade**. Os cidadáns teñen a obrigación de ser veraces en todas as súas relacións coa Deputación provincial, evitando toda afirmación ou achega falsa ou temeraria a propósito.
50. **Responsabilidade**. Os cidadáns deben exercer coa máxima responsabilidade os dereitos que lles recoñece o ordenamento xurídico, absténdose de reiterar solicitudes improcedentes ou impertinentes ou de presentar accións que representen consumos innecesarios dos recursos do Estado.
51. **Respecto e decoro**. Os cidadáns observarán en todo momento un trato respectuoso coas autoridades, funcionarios e con todo o persoal ao servizo da Administración provincial.
52. **Colaboración**. Os cidadáns deberán colaborar sempre e en todo momento ao bo desenvolvemento dos procedementos e actuacións administrativas, cumprindo dilixentemente todas as obrigacións razoables e xustas que lles impón o ordenamento xurídico en materia tributaria.

**CAPÍTULO QUINTO. PROTECCIÓN PROCESUAL DO DEREITO FUNDAMENTAL Á BOA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E OS DEREITOS QUE OS COMPOÑEN. DESENVOLVEMENTO E SEGUIMENTO.**

53. O dereito fundamental da persoa á boa administración pública e os seus dereitos compoñentes terán a protección administrativa e xurisdicional dos dereitos humanos previstos no ordenamento xurídico.
54. A presente carta será obxecto de desenvolvemento a través das disposicións necesarias ditadas polo presidente mediante resolución
55. A Administración provincial adoptará as disposicións oportunas no marco das súas competencias, e proverá os medios necesarios para garantir a efectividade dos dereitos e deberes que contén esta Carta.
56. A Deputación levará a cabo un seguimento e avaliación permanente do desenvolvemento, cumprimento ou revisión desta Carta."

ACTUACIÓN DE CONTROL
MOCIÓNS

Sr. Presidente

Hai dúas mocións presentadas, para a primeira ten a palabra o Sr. Regueira.

**-Moción do Bloque Nacionalista Galego sobre a creación dunha tarifa eléctrica galega.**

Sr. Regueira Varela

Nunha sociedade que vive múltiples formas de pobreza, agora mesmo un dos problemas é a pobreza incluso eléctrica, non só a sociedade sofre esta pobreza, senón o conxunto da sociedade, e do potencial económico do país, tamén a sofre. O sector enerxético ten para Galicia un valor estratéxico, porque representa un tanto por cento moi importante no seu produto interior bruto, por ser un factor relevante para a produción industrial. A pesar desa importancia, Galicia apenas contou con capacidade para deseñar e aplicar unha estratexia enerxética propia orientada ao aproveitamento endóxeno dos seus recursos enerxéticos. Ao longo dos anos, por decisións políticas,

Galicia foise  especializando na xeración de electricidade, dese xeito desempeñou un papel de centro subministrador de enerxía eléctrica para o resto do Estado español, con base no seu potencial hidroeléctrico e nos xacementos de carbón, acrecentado posteriormente co desenvolvemento do aproveitamento da enerxía que produce o vento e a biomasa, e tamén coa construción dos ciclos combinados de gas natural.

Se vemos os cadros de exportación da enerxía e de xeración de enerxía de Galicia, vemos que dende o ano 2001 ao ano 2013 o propio INEGA recoñece que Galicia é excedentaria entre un 46% e un 40% no ano 2012, que son os últimos datos que temos, en enerxía que se exporta ao resto do territorio do Estado español, a pesar disto, de ser unha potencia produtora de enerxía, e producir máis enerxía da que necesitamos no noso propio territorio, Galicia nunca se viu beneficiada polas políticas enerxéticas do Estado español, Galicia, a pesar do que se di, non é unha nación pobre, é unha nación totalmente empobrecida polas prácticas políticas e as decisións políticas que veñen, sobre todo, que se toman a nivel de Madrid e do Estado español, é a primeira potencia produtora de enerxía eléctrica do Estado, mais porén é o territorio con peor calidade de subministración eléctrica. Máis do 40% de enerxía producida en Galicia é expatriada sen ningún tipo de beneficio para a sociedade galega, a nosa enerxía serviu historicamente para industrializar outras zonas do Estado, mentres aquí padecemos as consecuencias sociais e ambientais dese proceso.

A pobreza enerxética en Galicia aféctalle a día de hoxe a 455.000 persoas con dificultades para pagar os recibos da luz, 200.000 galegos e galegas teñen serias dificultades para quentar, é dicir, para ter calefacción eléctrica nas súas vivendas, e no noso país morren aproximadamente cada ano 800 persoas por doenzas ou accidentes derivados exactamente do frío.

Esta política enerxética do Estado español tamén está a significar unha importante perda de postos de traballo en moitas das factorías que teñen base no noso territorio, milleiros de postos de traballo agora mesmo, e estes mesmo días, están pendentes dun cambio na política enerxética, factorías como Alcoa, Megasa, Ferroatlántica, ou a SLG Carbón, de grande consumo enerxético, dependen directamente dunha decisión política e xa puxeron en marcha ERES para o despedimento de traballadores e traballadoras.

Tamén esta política enerxética que se aproba a nivel de Estado está ocasionando un terrible impacto sobre as economías domésticas. Nos últimos cinco anos o recibo da luz, nos últimos cinco anos, subiu un 77%, o maior incremento de toda a Unión Europea. Simultaneamente, e curiosamente, Endesa obtivo uns beneficios empresariais de 14.600 millóns de euros, o que nós consideramos un auténtico roubo. Tamén está sufrindo o impacto desta política enerxética as pequenas e medianas empresas, o comercio e a hostalería galega, un pagamento da luz que hoxe é un elemento que no permite a viabilidade de moitos pequenos negocios de restauración, de hostalería, ou pequenos comercios que están instalados nas nosas cidades e nas nosas vilas.

E tamén tan, como non, un impacto terrible sobre a economía dos concellos galegos e dos concellos desta nosa provincia. En coherencia co exposto, unha parte moi importante dos orzamentos municipais dos nosos concellos van dirixidos ao

pagamento da factura eléctrica, imprescindible para o mantemento da iluminación pública ou das infraestruturas municipais.

O Partido Popular este ano aproba unha nova lei sobre a enerxía eléctrica, que considera a enerxía eléctrica un ben de consumo ordinario, non estamos para nada de acordo nesa definición, a enerxía eléctrica é un ben necesario, é un ben que debería ser un ben público, debería de estar regulado pola propia administración, e debería volverse ao marco legal que había cando era o propio Goberno, eran os propios Gobernos, quen regulaban o sistema enerxético no Estado español, para que non se producira o que se está producindo a día de hoxe, que son as mesmas compañías eléctricas as que marcan un prezo máis alto, que nos fan cargar cos seus custos e que enriba fan endebedar á sociedade co tema da denominada estafa eléctrica.

Polo tanto, nós consideramos que é o momento de cambiar a política enerxética, e pedimos que se acorde hoxe aquí instar á Xunta de Galicia a demandar do Goberno do Estado español a creación dunha tarifa eléctrica galega que, atendendo á condición de Galicia como excedentaria na produción de electricidade, rebaixe as peaxes das tarifas nun 30%, tanto para consumo doméstico como para as empresas que teñen asentamentos no noso territorio. Moitas grazas.

<u>Sr. Fernández Moreda</u>

Grazas, Sr. Presidente, se me permite, e coa súa autorización, gustaríame saudar aos alumnos e profesores do colexio Eusebio da Guardia, que imaxino que dentro das actividades que se fan con motivo da publicación dun folleto sobre a historia da provincia e da Deputación, quixeron hoxe, e do que falaremos no próximo punto, quixeron hoxe achegarse a presenciar un Pleno da Deputación provincial. Eu entendo que para unha persoa que se achega de novo a coñecer o funcionamento dunha institución e ve que todo se aproba por unanimidade, pode ser, ata certo punto, decepcionante, pero quero dicirlles que antes de aprobar isto aquí debátese en Comisión, ditamínase na Comisión e o que aquí se fai é a aprobación formal. Hoxe neste Pleno aprobamos investimentos cuantiosos para obras e servizos en moitos concellos da provincia, obras e servizos que van mellorar a calidade de vida e o benestar dos seus cidadáns. Aprobamos tamén subvencións a entidades sen ánimo de lucro para axudar a prestar novos servizos aos concellos e aprobamos reparacións en estradas e creación de travesías e sendas peonís para mellorar a seguridade viaria dos cidadáns.

Con respecto á moción que presenta o Bloque, o Grupo Socialista comparte bastantes das afirmacións que fixo o seu portavoz, pero non compartimos a súa solución. Entendemos que pedir unha tarifa única eléctrica para Galicia pode contribuír a solucionar un problema puntual, pero xeraría consecuencias dificilmente avaliables, non podemos romper a unidade de mercado, nin podemos favorecer que cada comunidade autónoma cree unha tarifa para o que sexa en función dos seus beneficios. Debemos de buscar unha solución que permita resolver os problemas que temos formulados, pero unha solución que sexa viable, porque as solucións inviables nunca chegan a adoptarse precisamente porque son inviables. E é certo que o custo da enerxía en España é moi caro, é carísimo, e ese é un dos temas que terían que reflexionar, non aquí, que non temos ningunha competencia, no Parlamento español,

e é certo que hai empresas que son grandes consumidores no seu proceso de produción, grandes consumidores de enerxía, o que fan que non sexan competitivas, nun mundo globalizado, cando unha empresa non é competitiva nun país, xa sabemos desgraciadamente o que ocorre, prodúcese un peche desa empresas, unha deslocalización, e unha apertura desa mesma empresa noutros países onde os custos de produción sexan máis baratos e lles permita ser máis competitivos nun mercado globalizado.

Polo tanto, temos un problema na provincia, un problema con Megasa e con Alcoa, que afecta a centos de traballadores, e esta provincia non pode permitirse o luxo de perder ningún posto de traballo, e creo que é bo que os representantes políticos reflexionemos sobre isto, aínda que non teñamos competencias para resolver o problema, para facer chegar a outras instancias a nosa preocupación por este tema e o noso desexo de que se solucione. En Alcoa, concretamente, o custo de produción de aluminio, o custo enerxético é do 45%, e a subhasta eléctrica, que existe dende hai poucos anos, que antes non existía, orixina este problema. Eu non son experto en temas enerxéticos, e este tema desbórdame, porque nunca me dediquei a este tema, nin sequera son capaz de entender o recibo da factura eléctrica que recibo todos os meses no meu domicilio, non o entendo, pero si é certo que temos un problema moi serio e deberiamos de buscar solucións, solucións viables, solucións como as que formula por exemplo o Comité de Empresa de Alcoa, que mandou unhas propostas de moción aos concellos onde solicitan instar ao Goberno galego e ao Goberno de España a tomar as medidas oportunas e a revisar o sistema de reparto e da interrumpibilidade para que garanta e manteña a actividade industrial e dos postos de traballo ameazados, ao mesmo tempo que insta as administracións a que desestimen o proceso de despedimento colectivo que formula a empresa Alcoa Inespal Coruña para manter a actividade produtiva na factoría da Coruña.

Non aceptamos, non vemos viable esta solución, pero si estariamos dispostos a debater e a aprobar unha moción que instase ao Goberno de España para que na revisión do modelo de financiamento das comunidades autónomas, se estableza como un elemento determinante de compensación financeira ser produtores de enerxía eléctrica para compensar os estragos ambientais que a produción de enerxía provoca en Galicia. Se nalgún momento se formulase unha moción nese sentido, o Grupo Socialista estaría disposto a apoiala cos seus votos. No tema concreto, como entendemos que parte dos argumentos que dá o Bloque son reais e son certos, pero a solución non é viable, nós anunciamos o noso voto de abstención.

<u>Sr. Ruiz Rivas</u>

Grazas, Sr. presidente. Aproveitando para saudar tamén aos nosos visitantes, se nas súas expectativas estaba que todo fose por unanimidade, case sinto dicir que neste caso o meu Grupo vai romper esa unanimidade porque non está en absoluto de acordo coa proposta do Grupo Nacionalista, pero ademais non está de acordo e é moi difícil que neste tipo de asuntos nos poidamos poñer de acordo porque a visión é totalmente diferente, neste caso dunha actividade concreta o Bloque Nacionalista Galego como partido nacionalista, ten unha visión na que simplemente contempla dentro do seu horizonte o que é Galicia e non contempla unha visión nacional, e loxicamente nós temos outra serie de principios, de cohesión territorial, de solidariedade que, efectivamente, racharíanse con este e con calquera outra sistema.

Eu lémbrome hai moitos anos, e seguindo un pouco o que dicía o Sr. Moreda, que no Parlamento de Galicia algún deputado naquel caso ribeirense, aínda que viña representando a outra provincia por Coalición Galega, dicía que a Galicia tiñan que primala polos días que non tiña de sol, porque efectivamente a economía do Levante baseábase naqueles días de sol e mesmo para a roupa que un ten na casa, gasta menos, e que polo tanto tiñamos que ser compensados. Pois ben, seguindo aquel razoamento, eu si vexo lóxico que dentro do que é o financiamento autonómico ou o financiamento de calquera outra administración, se teña en conta todos e cada un dos elementos que poidan influír, incluído este, pero non é o caso da proposta que fai o Bloque Nacionalista Galego que o que vén dicir é, como Galicia é excedentaria de algo concreto, que é a produción de enerxía, fáganos vostede a enerxía máis barata. Claro, iso que pode soar moi ben aos oídos, ou que fai, para empezar, é rachar totalmente un sistema, e voume explicar. Claro que Galicia ten un saldo de electricidade positivo, pero ese saldo vén derivado basicamente de dúas enerxías renovables pero que á vez non son constantes, que é a enerxía hidráulica e a enerxía eólica, é dicir, nun punto puntual ou nun momento concreto, cando facemos un cómputo anual ou mensual,  evidentemente si que estamos tendo un excedente, pero ese excedente non garante a estabilidade do sistema todo o rato ou todo o momento, vai haber moitos momentos en que sexamos deficitarios, cales son eses momentos?, evidentemente, cando non baixa tanta auga ou cando non dá o vento. Polo tanto, si é verdade no conxunto pero o que aquí se propón, claro, sería de moi difícil xestión posto que ese saldo en electricidade non garante a estabilidade do sistema.

Por outra parte, á parte disto, é evidente que en Galicia temos outra serie de enerxías que se producen, e que dan apoio, e que si son constantes, estamos falando, por exemplo, de Meirama, ou de Endesa, que neste caso tamén están producindo grazas ao que é a achega de carbón nacional, é dicir, que vén doutro lado, e eu tamén quixera saber como aí avaliamos a solidariedade ou o excedente que ten con respecto a outras autonomías. Polo tanto, eu pregunto como é o sistema porque eu creo que esta decisión para empezar non é neutra nun país que ten un déficit tarifario, que vai ver como a estabilidade no seu conxunto se pode ver afectada e sobre todo porque tamén no noso sistema fiscal hai outra serie de vantaxes ou garantías por producir enerxía. Estoume referindo non só a ese principio de quen contamina paga, porque o ideal é que non se contamine e,  polo tanto, que se pague por unha produción, pero non pola contaminación, pero si é verdade que hai outras enerxías que non contaminan, como é a eólica, que teñen unha serie de taxas que ao final  crean o Fondo de compensación ambiental, na que tamén se están beneficiando cidadáns e estanse beneficiando concellos, e o que se está beneficiando é o conxunto de Galicia.

Polo tanto, si é verdade que pode haber unha produción excedentaria de enerxía en Galicia, pero eu creo que nun conxunto, ou nunha visión nacional, iso non debera de dar lugar á proposta que fai o Bloque Nacionalista Galego porque pola mesma razón poderíamos dicir que xa que somos deficitarios en achega á Seguridade Social, ou todo iso, non se lle vai prestar máis alá do que cobren os custos de Seguridade social que os galegos veñen achegando. Ou por outra parte poderíamos dicir, por que lle imos poñer un AVE a Galicia se iso é deficitario e á parte o día que teña como o investimento foi tan grande porque a orografía galega é destas características, a viaxe ten que ser máis cara?, claro, metémonos nunha dinámica

que eu creo que esa visión nacional pola nosa parte, nacionalista por parte do Bloque Nacionalista Galego, fai que sexa moi difícil chegar a un acordo, esas son as razóns polas que sen dúbida o noso Grupo vai votar en contra.

Dito iso, e seguindo as palabras do Sr. Moreda, eu entendo que cando un estuda o sistema de financiamento autonómico e estuda o que son múltiples razóns que dan lugar ás necesidades que temos cada unha das autonomías, se pensan no que as autonomías producimos, sen dúbida, tanto polo seu PIB como polo que é o seu número de habitantes, como por outra parte polas súas demandas, é dicir, o envellecemento da poboación, a dispersión, etc., etc., e polo tanto non me cabe a menor dúbida que igual que terán en conta o sol que pega no Levante, tamén terán en contra o vento e a auga que pasa por Galicia á hora de establecer o que é o sistema de financiamento. Polo tanto, esas son as razóns que levan ao noso Grupo a votar en contra, Sr. Presidente, moitas grazas.

Sr. Regueira Varela

Sr. Ruiz Rivas, eu sinto moito dicirlle isto, no negocio eléctrico as únicas que gañan son as cinco grandes eléctricas, ao mellor algo ten que ver que diferentes cargos importantes políticos do Partido Popular e do PSOE saian do Congreso dos Deputados e acaben sentados nas cadeiras dos consellos de dirección das eléctricas, ao mellor ten algo que ver iso, pero aquí realmente o da solidariedade, da maneira que o entende vostede, imos ver, aquí din vostedes que non podemos rachar o modelo de Estado, home, o modelo de Estado xa está rachado porque Euskadi, a Euskadi o Partido Popular permítelle ter un réxime tarifario diferente ao de Galicia, ou non, Sr. Moreda?, e Euskadi vai aforrar un 12,5%, porque pactou co Goberno do Estado, que pasa?, que Galicia non pode ter un modelo pero Euskadi si pode ter un modelo, ou Cataluña pode ter un modelo, Galicia non, Galicia ten que ser solidaria. Galicia leva sufrindo durante décadas o impacto ambiental e económico de ter encoros, de ter concas carboeiras, de comprar carbón máis caro podendo producir a enerxía más barata, Galicia ten que ser solidaria con todo, Galicia ten que pagar as peaxes de levar a electricidade para Baleares e para Canarias, e Galicia, e sábeno vostedes perfectamente, ao lado das centrais térmicas déronse historicamente casos de que a xente do agro non podía poñer a funcionar a muxidora e o televisor ao mesmo tempo porque se lles ía a corrente, cousa que non pasaba en Madrid, nin en Santa Cruz de Tenerife, pero en Galicia si. Galicia ten que ser solidaria co malo, pero non pode ter solidariedade co bo, e Galicia pode ter as pensións máis baixas do Estado pero non ter unha tarifa diferente.

Iso é o que pasa, si que se pode, e claro que se pode. Estamos producindo unha cantidade de enerxía que necesita o Estado español e estamos pagando os custos de produción, e o que é máis grave, que as empresas, a custa de degradar o noso medio, incluso declaran os seus balances fiscais en Madrid, que non as declaran sequera aquí. Pero o máis curioso de todo isto é que aquí privatizouse todo o sector enerxético, o Goberno non ten maneira de controlar os prezos das tarifas, e curiosamente, quen está controlando o negocio eléctrico no Estado español son as compañías públicas, porque son públicas nos seus estados de orixe, dos estados europeos. Porque aquí quen está cobrando a enerxía privatizada é unha empresa pública alemá, EON, unha empresa pública italiana, ENEL, e outras que hai por aí, e

ademais do capital chino e catarí que se dedicou a comprar as enerxéticas do Estado español.

Polo tanto, si é posible facer un marco tarifario diferente para Galicia, si sería xusto e si é de xustiza reclamalo, porque nós non temos porqué pagar as peaxes de transportar a enerxía aos territorios insulares de Canarias e Baleares.

Polo tanto, consideramos que sería de xustiza, se a enerxía se produce aquí, se os custos de transporte en Galicia son practicamente inexistentes, eu creo que a redución do 30% sería, xusta non, o seguinte, e ademais é necesario porque se non conseguimos esa redución da tarifa enerxética o que pasará en breve e que as empresas moi dependentes da enerxía eléctrica iranse a outros sitios do Estado ou de fóra do Estado.

Polo tanto, cremos que é urxente, non digan vostedes que non se pode facer, porque se pode facer e de feito xa se fixo hai pouquiño tempo con Euskadi, e nós defendemos que Galicia non ten porqué ter menos dereitos que Euskadi, nin que calquera outro lado.

**VOTACIÓN**

Votan a favor: 5 deputados (BNG)
Votan en contra: 17 deputados (PP)
Abstéñense: 9 deputados (PSOE)

Sr. Presidente

Decae esta moción e pasamos ao debate da seguinte moción, que ten a palabra a Sra. Seixas.

**-Moción do Bloque Nacionalista Galego relativa á edición dunha publicación que recolla a nosa historia desde o reino de Gallaecia ata a división do territorio nas actuais provincias.**

Sra. Seixas Naia

Bo día a todos e a todas. A moción que presentamos é relativa á edición precisamente dunha publicación que recolle a historia dende o reino de Gallaecia ate a división do territorio nas actuais provincias, e vén a conto da semana da educación que realizou a Deputación provincial, e da edición do traballo “A historia provincial e o seu goberno”. A edición do traballo “A historia provincial e o seu goberno” que leva por antetítulo “Somos provincia, sementamos futuro”, do que é autor o xornalista Xosé Perozo, e que foi espallado masivamente nos centros docentes da provincia da Coruña, ademais de ser unha apoloxía dunha administración tan cuestionada como é a administración provincial, revela unha ocultación total do Reino de Galicia e do que significou o movemento provincialista para o futuro da historia contemporánea do noso país. Esta publicación á marxe dun contido gráfico e pedagóxico certamente moi cuestionable, oculta tanto a existencia histórica de Gallaecia como a resposta que houbo no país á reforma administrativa do ministro Javier de Burgos en 1833, co que se converte nun instrumento máis de desgaleguización.

A división do territorio galego en catro provincias significou un paso máis na centralización do Estado e na uniformización cultural e lingüística. Como indica o historiador Luís Obelleiro, “Contra os anos 40 do século XIX, en pleno enfrontamento radical entre absolutistas e liberais acelerouse o proceso e transformación que eliminado a monarquía absoluta implantou o Estado liberal. Co novo modelo consolidouse a uniformización territorial seguindo criterios centralistas, véndose privada Galicia de todos os organismos representativos que mantiña como Reino, e propiciouse, por medio dun sistema electoral controlado e mediatizado, que as clases propietarias monopolizaran o poder. Só o período do Sexenio deu paso a unha democratización da sociedade do Estado. Simultaneamente, contra a subordinación política, económica, social e cultural na que quedou sumida Galicia abriuse nunha nova fronte político-organizativa: o galeguismo”.

En efecto, en plena confrontación entre progresistas e moderados, e vencellada ao progresismo, xurdiu unha xeración moi ben estudada por Xosé Ramón Barreiro Fernández e por Xusto Beramendi, de mozos universitarios que agrupados ao redor da Academia Literaria de Santiago, centro de debate das ideas sociais e políticas máis avanzadas, e baixo a influencia de novas correntes ideolóxicas europeas, desenvolveron unha grande actividade nas asociacións culturais, nas tertulias e en revistas alleas á cultura oficial, como El Idólatra de Galicia, El Recreo Compostelano, El Porvenir ou El Centinela de Galicia. Estas persoas, entres as que destacaron Pío Terrazo, Antolín Faraldo, Francisco Añón, Rúa Figueroa ou Romero Ortiz, entenderon a Galicia como unha provincia e tentaron que o noso país ocupase un lugar máis relevante dentro do Estado, no que un tempo na centralización política se concibe como modernización e única estratexia para rematar co Antigo Réxime. Son estes primeiros provincialistas os que en 1846 participan no pronunciamento progresista liderado por Solís en Lugo, que remata pouco despois cos seus principais líderes fusilados ou fuxindo ao exilio.

Até 1883 Galicia era oficialmente un Reino, aínda que iso si, pertencente á Coroa dos monarcas españois. Como di o historiador Anselmo López Carreira, “Cando a reforma provincial se levou a cabo nacía o Estado liberal español baixo a rexencia de María Cristina, a supresión da denominación de “Reino” alterou a situación constitucional do país (tanto é así que o propio concepto político de Galicia desaparecía), e por algo precisamente reaccionaron estes proto-nacionalistas que foron os chamados provincialistas, desconformes co fraccionamento de Galicia en varias provincias inconexas, e desataron a revolución de 1846, da que foron mártires, os mártires de Carral”.

Desta páxina da nosa historia non hai nin a máis mínima referencia nesta publicación. Semella que o provincialismo non ten anda que ver coa creación das actuais provincias.

Na páxina 15 da citada publicación, baixo o título “Como estaba organizado o reino?”, dise que “Cando miramos un mapa moderno, parece que todo o territorio estivese dividido sempre igual. Non é así. A península ibérica no século XIX era herdeira e continuadora da organización da chamada Idade Moderna, que se iniciou coa unidade conseguida polos Reis Católicos, que a súa era debedora de organizacións e avatares históricos anteriores”. O que non se di é que Galicia foi o

primeiro reino de Europa. O que non se di é que a Gallaecia abranguía tamén o norte de Portugal ata o río Douro, e polo leste o que agora veñen sendo Asturias, Cantabria e León. O que non se di é que o Reino galego dos suevos foi o primeiro reino católico de Europa, o primeiro estado medieval e o primeiro que emitiu moeda en nome do seu propio Rei e non do emperador romano. O que non se di é que tanto a cidade de León como a de Braga como inclusive o territorio de Sahagún estaban dentro de Galicia. O que non se di é que o reino da Gallaecia foi o principal reino cristián ante Al-Andalus e unha das dúas entidades políticas básicas da península. Non se di tampouco que Galicia ten dous mil anos de historia e personalidade político-administrativa e que realmente entre 1486 e 1789 non houbo propiamente un reino de España nin un Estado Español. Non se di que todos os reis da dinastía tiveron como centro do seu poder a propia Galicia, como territorio, cultura e sociedade, con Santiago como principal capital a partir do século IX e cun poder potencialmente enfrontado ao de Roma. O que non se di tampouco, en definitiva, é que durante máis de trescentos anos, entre os séculos VIII e XI, a realidade político peninsular estivo pois formada pola Gallaecia cristiá e a Spania musulmá ou Al-Ándalus, dous reinos que conviviron establemente durante centurias. Todo isto, que é ben máis importante que a historia da provincia da Coruña, ocúltase nesta publicación, e non só nesta publicación, senón noutras que se fan doutras institucións, tamén.

Por todo o anterior, e co propósito de restaurar a verdade do relato da nosa historia, o Grupo provincial do BNG solicita do Pleno da Corporación provincial a adopción do seguinte acordo:

Encargar a un/unha historiador/a ou investigador/a de recoñecido prestixio, Barreiro, Villares, Beramendi, Anselmo López Carreira, Camilo Nogueira, etc., a elaboración dun traballo sobre a nosa historia desde o reino de Gallaecia até a división do territorio nas actuais provincias, para a súa edición na imprenta provincial e con destino aos centros docentes da provincia da Coruña.

Sr. Fernández Moreda

Grazas, Sr. Presidente. Eu creo que a Imprenta da Deputación está para cubrir aqueles ocos que a iniciativa privada deixa baleiros, e creo que hai suficientes historias de Galicia nas librerías e nas bibliotecas para que a Deputación teña que facer outra nova historia de Galicia e non entendo tampouco como pola difusión dun folleto informativo sobre a provincia para dar a coñecer aos escolares da provincia a historia da provincia e da Deputación, xorde esta moción, aínda que a respecto.

Nosoutros imos votar que non, por unha razón simple. Este folleto deu lugar a que hoxe 20 ou 30, non sei cantos alumnos había dun centro escolar, viñeran aquí a preocuparse polo que é a Deputación, e como funciona a Deputación, e para que serve a Deputación, entendo que é bo mentres existan as deputacións, que se difunda o seu papel, as súas funcións, as súas competencias, e o que significou a Deputación na historia de Galicia e na historia da provincia, dende o ano 1835 que existe unha Deputación provincial na Coruña. Por certo, que o seu arranque tivo dificultades porque Betanzos quería ser a cabeceira da Deputación e tamén Santiago quería ser a capital da provincia xunto con Betanzos.

Pero é que chámame moito a atención as afirmacións que o Bloque Nacionalista fai na súa moción, que eu non comparto, a min paréceme demasiado excesivo darlles o carácter de proto-nacionalista aos mártires de Carral, home, a revolución de 1846, do 3 de abril, que encabeza o coronel Solís, coronel do Estado maior, que vai a Lugo a poñerse ao fronte da sublevación no rexemento Zamora, non é unha revolución nacionalista, é unha revolución liberal, contra o absolutismo de Narváez, e de feito a súa proclamación en Lugo, cando se subleva, remata dicindo, "galegos, españois todos, viva a reina libre, viva a Constitución, fóra estranxeiros, abaixo o ditador Narváez, abaixo o sistema tributario", isto do sistema tributario chámame moito a atención. Eses foron os motivos do alzamento no 46, que deu lugar aos mártires, aos fusilamentos de doce militares, ningún civil, doce militares en Carral, por certo, o coronel Solís era gaditano, non era galego, era natural de Cádiz, e indubidablemente ten a importancia que ten na historia da España e na historia da provincia, pero eu non lles chamaría proto-nacionalistas porque non foi un movemento nacionalista, foi unha sublevación liberal contra o absolutismo e a moderación de Narváez.

Logo fanse afirmacións que a min cústame entender, é dicir, a Gallaecia abranguía tamén ao norte de Portugal até o río Douro e polo leste o que agora vén sendo Asturias, Cantabria e León. É certo, Gallaecia era unha das cinco provincias romanas, Gallaecia que estaba integrada polos conventos Lucensis, Bracarensis, Asturiensis e Cluniciences, cuxa capital era Lugo, Braga, Astorga e outra que non existe xa na provincia de Burgos, xunto con Tarraconensis, Cartaginensis, Bética e Lusitania, eran as cinco provincias do imperio romano. No século IV prodúcese a invasión dos suevos e dos alanos, desmémbrase, perde forza o imperio romano e constitúese un reino de suevos en Galicia, por certo a capital era Braga, estaba no que hoxe é Portugal, e ese reino de Galicia desaparece no século VI coa invasión e a conquista de Leovigildo, que era o rei visigodo de Toledo, o rei hispalense, e acábase o reino de Galicia. Di San Isidoro que durou 107 anos.

Aparece despois o reino de Galicia coa invasión dos musulmáns no ano 711, o rei de Asturias empeza a ocupar territorio do reino visigodo, e dende o ano 760 incorpóranse territorios da actual Galicia ao reino de Asturias, e o rei Alfonso III cede no seu testamento ao seu fillo García, León, ao seu fillo Ordoño, Galicia e ao seu fillo Fruela, Asturias, e durou pouco tempo o reino de Galicia porque Ordoño fíxose rei de León e integrou outra vez Galicia no reino de León, e aparece outra vez o reino de Galicia con Fernando I, cando morre, e deixa ao seu fillo García no ano 1065 Galicia, o territorio de Galicia, este rei García é deposto sete anos despois por Alfonso VI de León e Castela e desaparece.

Entón, dicir que o reino de Galicia foi o principal reino cristián ante Al-Andalus e unha das dúas entidades políticas básicas da península, eu non comparto iso. E que na España musulmá só era a España musulmá e o reino de Galicia?, eu creo que se facemos a historia debemos de facer a historia de verdade, pero non a historia adaptada aos intereses do nacionalismo, eu non son nacionalista, son galego e galeguista, e socialdemócrata, e as cousas hainas que facer ben, eu creo, dicir que "durante trescentos anos, entre o século VIII e IX a realidade política peninsular estivo pois formada pola Gallaecia cristiá e a España musulmá ou Al-Andalus, dous reinos que conviviron…", non é certo, é unha terxiversación e unha manipulación da historia, é facer outra historia diferente, e eu creo que non é razoable que a Deputación da

Coruña edite un libro como pide o Bloque Nacionalista na súa moción sobre a historia de Galicia, porque hai moitos libros, eu coñezo os de Xosé Ramón Barreiro, é un libro moi coñecido, Xusto Beramendi, a Ramón Villares, pero hai suficientes libros xa nas librerías, calquera persoa que teña interese por coñecer a nosa historia ten oportunidade de coñecela porque existen libros moi bos, e non ten que a Deputación editar un libro de historia sobre Galicia porque non ten sentido. E a min paréceme ben, sinceramente, porque a Deputación da Coruña é absolutamente descoñecida, eu dicía, como é posible que ninguén saiba o que fai a Deputación, se 5.000 entidades todos os anos piden subvencións á Deputación, e esas entidades teñen socios, e non saben o que fai a Deputación? Pois mentres exista, que os nenos poidan vir aquí, falar, que por certo, tamén é un acicate este folleto para que o seu profesor aproveite unha clase de historia para falar da historia de Galicia e para falar do que supuxo Galicia na historia de España, e entón desde ese punto de vista paréceme razoable a edición do folleto, non coñezo, porque pedín agora o libro, pero coñezo ao seu autor, a Perozo, non é un tío da extrema, é un tío normal, e paréceme ben que se debata e que se suscite entre os escolares a inquedanza por saber, mentres exista a Deputación, o que é a Deputación e o que fai, nada máis e moitas grazas.

Sr. López Crespo

Bos días, compañeiras e compañeiros deputados. Dicir ao principio que tiveron sorte os rapaces que o rigor do horario e creo que un chocolate pendente no colexio fíxolles marchar, senón marcharían igual aínda que non tiveran o chocolate. Fíxose un pouco plúmbeo este debate desta moción, eu tiña aquí só unhas pequenas notas, sobre todo con criterios pedagóxicos e sociais. Pero teño que empezar dicindo que agradezo a presentación desta moción polo Bloque porque tiven a oportunidade de poñerme en contacto con este libro, a historia provincial e o seu goberno, e despois de lelo teño que empezar posiblemente por onde debería de rematar, que é felicitando ao presidente da Deputación por editar este libro, ou que vostede transmita a felicitación a quen lle dera a idea, e felicitar tamén á persoa, a Perozo, porque a edición, como remataba o Sr. Moreda, é un elemento motivador extraordinario para poñer os rapaces en contacto con estas institucións.

Isto non é apoloxía dunha administración deostada e cuestionada, chamarlle apoloxía a este libro é non saber nin o que é apoloxía, nin ter mirado o libro, nin esta é unha administración deostada, nin cuestionada. Esta é a divulgación dunha institución que forma parte do Estado, como outras moitas, como as Cortes do Estado, como o Senado, como os concellos, e aí é onde precisamente no eido do ensino houbo unha lagoa moi importante nos últimos tempos, non sei por qué non quixemos divulgar. Dicía o Sr. Moreda agora, como é posible que 5.000 asociacións da provincia participen na campaña da convocatoria de subvencións e logo non saben onde está a Deputación?, pois ese é un erro e, polo tanto, este libro axuda a paliar esa carencia de bibliografía nos centros de ensino.

Pero hai outra cousa que fixo o Sr. Moreda con moita máis extensión, que a vou deixar no aire, ao ler a moción do BNG vennos a cabeza unha viaxe a historia medieval, a esa lúgubre historia medieval da que, por certo, hai pouco escrito, pouco que sexa interesante, e o pouco que hai é bastante tendencioso. Agora na zona de Noia temos un premio que é o “Premio Historia Medieval”, eu invito aos señores do BNG que lean as obras dos últimos dez anos que se publicaron dese premio, onde o

Concello de Outes, xunto con nove concellos máis, patrocinamos, para que lean escrito por autores de agora moito máis obxectivos.

E esa moción é unha viaxe ao máis lúgubre do século XIX, pero vostedes, eu ía dicir que mentían, aquí falouse de que terxiversaban, non é certo iso que vostedes atribúen a uns prenacionalistas, non é certo, e desde logo non tería sentido levar iso aos centros de ensino.

O obxectivo deste libro é dar a coñecer ao alumnado a existencia e orixe das provincias e a existencia e orixe das deputacións, a súa constitución e o seu funcionamento, e ese obxectivo non se quere acadar cunha serie de datos macizos, case inintelixibles para os rapaces, quérese acadar a través dunha exposición sinxela de datos, pero que coloquen ao alumno na situación de espertarlle o seu interese e a súa atención, para que el e os profesores dos centros sigan ampliando no que é a historia das provincias e a historia das deputacións.

Pedagoxicamente pódese dicir que este libreto é por si só un elemento motivador, a tipografía da letra, as ilustracións e, sobre todo, aí, eu invítoos de novo a que lean na páxina nove o que di este libro, que posiblemente, repito, vostedes non o leron, e por iso fixeron esta moción. A páxina nove di así “Ola, eu son Alba e voume tomar a liberdade de considerarme a cronista viva desta historia da provincia e a súa Deputación, con permiso da autoridade competente, dos historiadores, xornalistas, seguidores e críticos, voute guiar por estas páxinas para que coñezas máis e mellor a súa historia, eu ábroche a  porta e ti séguesme, de acordo?, grazas pola túa atención”. Como se pode ver, é unha extraordinaria alumna que está invitando a todos os rapaces a coñecer a historia, a historia non só está neste libro, é un guión para que sigan.

E xa vou rematar como debín empezar, e empecei como dixen que debía rematar, vou rematar preguntándolle aos señores do BNG, por que aquí na provincia da Coruña, na Deputación da Coruña, se presenta esta moción por este libro e na Deputación de Lugo, bigobernada polo Bloque, faise o mesmo libro, do que eu lles acompaño aquí a portada?, eu creo que teñen un problema de distorsión ideolóxica ou de disfunción da acción política nas deputacións, corríxana e se algún profesional do ensino hai no seu Grupo que lle faga un estudo deste libro e verá como llo cualifica como un dos mellores libretos feitos para dar a coñecer as institucións dentro do ensino obrigatorio na nosa provincia. Moitas grazas.

Sra. Seixas Naia

Agradézolle ao Sr. Crespo que nos recomende ler o libro, evidentemente se fixemos a moción foi porque o lemos con suma atención, aínda que a ousadía ás veces tamén é importante. Eu simplemente varias cuestións, e recoméndolle ao Sr. Moreda, porque non son eu, evidentemente, quen fago a historia deste país, e está chea de xente que a fai mellor, peor, e con mellores ou peores intencións, que lea “El levantamiento gallego de 1846”, ou “El nacimiento del galleguismo”, de Barreiro, e “O reino de Gallaecia” de Camilo Nogueira, digo se non o fixo, para que lle expliquen alí perfectamente o dos mártires de Carral, se o quere ler e entender, máis algún outro apuntamento.

A min non me parece un folleto informativo ou simplemente informativo, eu creo que é un libro que, en parte pode ser informativo, pero en parte tamén pretende, cando menos, terxiversar ou ocultar certa realidade, porque ten as dúas partes, a puramente informativa do que pode ser unha Deputación, pero eu creo que participar, que a xente participe aquí co alumnado ou o profesorado participe en saber como é unha Deputación, non fai falta facer algo así, pódese facer de moitas outras maneiras, achegarlle as institucións á sociedade en xeral non require facer ese exercicio de quedarse a medias con todo, ou de non contar absolutamente toda a realidade, creo que se pode facer de moitas outras formas.

Pero unhas preguntas ao aire respecto do que aquí se comentou poñendo en dúbida moitas das afirmacións que se fan na moción do BNG e que, como digo, son fontes de historiadores e de libros que están no mercado e que están ao alcance de todo o mundo. Sr. Moreda, xa sei que non pode preguntarlle agora aos musulmáns do ano 1490 e 89, cales eran as razóns polas que falaban precisamente na súa documentación durante a Reconquista do Reino de Galicia, pero ao mellor era unha pregunta interesante para facerse, iso sería que existía, se falaban diso. E por que, por exemplo, na Catedral de León hai o cadaleito dun tal García, que pon Rei de Galicia, claro, é que ocultar ás veces a historia é, cando menos, curioso.

Pero miren, trátase, evidentemente eu xa sei que hai moitísimos libros da historia de Galicia e da historia de España, e de todas as historias do mundo, trátase de que a Deputación da Coruña teña a sensibilidade suficiente de que cando conta algo o poida contar de xeito didáctico e contar todos os datos, achegar todos os datos, diso se trata, non de ocultar unha parte da historia, non de caer na tendencia que temos a negar o que foi a nosa historia para ben e para mal. A moción non ía destinada, Sr. Crespo, desde logo, aos institutos, ía destinada ao debate nesta casa, nesta Deputación provincial, e que se puxera todo enriba da mesa para ver como podemos, dende logo, rectificar o que nós entendemos como un folleto sen demasiada trascendencia porque non conta, como dicía, absolutamente toda a verdade.

Polo tanto, pedímoslles que dende aquí se corrixan as eivas, que se poida facer, dende logo, un libro como o que pedimos, porque eu creo que sería interesante facer unha unidade didáctica dende esta Deputación provincial contando a nosa historia, e eu creo que é unha débeda que temos.

E unha última cuestión que me quedaba pendente, aquí tamén se editou, porque todos tamén temos certa historia, un libro xa hai algúns anos, que tamén era en colaboración co Concello da Coruña para unha exposición, que pon no seu título “Alfonso IX”, eu creo que todos saberemos que ese señor era Alfonso VIII, e que o número se lle cambiou porque non lle coincidía a historia de España, ou tamén imos discutir iso?, iso tamén se subvencionou dende aquí, dende a imprenta provincial, e fíxose unha exposición que puido asistir toda a cidadanía da Coruña, ou de Galicia, se puido.

En todo caso, pedimos que apoien a moción, cremos que se debe de facer unha unidade didáctica destinada ao alumnado coa historia real do que foi o provincialismo en Galicia e non de xeito terxiversado, ou ocultando parte da información. Grazas.

Sr. Fernández Moreda

É para facerlle unha puntualización. Eu sei que como consecuencia do levantamento de Solís que se produciu o 2 de abril do ano 1846, os provincialistas capitaneados por Antonio Faraldo integráronse a iso, e publicou incluso Antonio Faraldo, o 15 de abril, doce días despois do levantamento, o documento fundacional ou constitutivo da Xunta provisional de Galicia, e iso deu lugar ao movemento chamado rexurdimento, pero iso non implica, nin quere dicir que os mártires de Carral sexan protonacionalistas nin que o levantamento liberal de 1846 fose un levantamento nacionalista, porque iso non é así.

E claro que houbo un rei de Galicia que se chamaba García, era o fillo de Fernando I de León, que recibiu unha herdanza durante tres ou catro anos, ata que foi deposto por Alfonso VI. En calquera caso, creo que todo está dito xa. Nada máis e moitas grazas.

Sr. Presidente

Pasamos á votación, de todos os xeitos a historia deste libro coincide coa historia que publica xa por segundo ano tamén a Deputación de Lugo, na parte loxicamente común.

VOTACIÓN

Votan a favor: 5 deputados (BNG)
Votan en contra: 26 deputados (17 do PP e 9 do PSOE)
Abstéñense: ningún deputado

ROGOS E PREGUNTAS

Sr. Regueira Varela

Un moi breve. O Concello de Carballo solicitou a cesión dun tramo dunha vía provincial que había de Portomouro a Malpica, que é ese tramo que pasa xusto polo centro da vila, de feito é parte practicamente do seu xardín municipal e da súa igrexa. En principio o presidente manifestou a súa intención de proceder a esa cesión e era simplemente para saber cando está previsto que se poida solucionar ese trámite.

Sr. Presidente

Non sei se teñen algún dato agora mesmo, contestarémoslle por escrito ou no Pleno do vindeiro día 30, a ver se lle podemos dar xa contestación.

Sra. Seixas Naia

Xurdiu a presentación dunha moción respecto do tema do contrato de xestión do Consorcio Provincial de Bombeiros, mais non a presentamos porque xa tiñamos estas dúas rexistradas con anterioridade, mais gustaríanos deixar aquí tres rogos

respecto dese contrato que, como digo, saíu publicado o día 5 de decembro, se non lembro mal. Queriamos rogarlle que a Deputación da Coruña inicie un proceso de negociación coa Xunta de Galicia para a prestación directa pola administración pública dos parques comarcais de bombeiros, isto vén na liña do discurso que vimos tendo nos últimos anos, ou desde o inicio do consorcio; en segundo lugar que a Deputación traslade ao Consorcio Provincial contra Incendios e Salvamento da Coruña unha proposta de modificación do punto catro "Prazo de contrato e prórrogas", cláusula sétima do prego do contrato de xestión actualmente en fase de concurso, co obxecto de que a duración do contrato non sexa superior a dous anos, sen opción de prórroga, o contrato xa é por oito anos máis unha prórroga posible doutros oito, co cal evidentemente condicionaría dous mandatos diferentes; e, en terceiro lugar, rogariámoslle, á vista das declaracións que fixo recentemente o goberno local de Narón, que a Deputación tome en consideración a posibilidade de que Narón entre no Consorcio e que o traten no propio seo do Consorcio.

Máis nada, e gustaríame rematar unicamente cunha frase se mo permite, a historia é un tipo de coñecemento no que xogan papeis relevantes a subxectividade e os intereses, por iso se reconstrúe constantemente, grazas.

Sr. Presidente

Como saben, o último Pleno ordinario do ano sempre facemos un pequeno brinde co persoal e convídoos a ir a planta sexta, onde o teremos, e vendo ademais como foi o desenvolvemento deste Pleno, no que sesenta e seis puntos do futuro acadaron o noso acordo, e un do pasado separounos, esperemos e desexamos que para o próximo ano 2015 nos siga unindo ese futuro e, por que non?, tamén o pasado. Moitas grazas.

Sen máis asuntos que tratar remata a sesión, sendo as trece horas e trinta minutos, redáctase a acta e autorízase a súa transcrición, que asino co Ilmo. Sr. presidente, de todo o cal, eu, o secretario, dou fe.